

ESTRATEGIA DE EMPREGO E PLAN DE EMPREGO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2015-2020

DOCUMENTO PRIORIZADO

MESAS TEMÁTICAS,
MESAS DE DIÁLOGO PARA O EMPREGO FOCO 2015

OBXECTIVOS, LIÑAS DE ACCIÓN, MEDIDAS E FICHAS

Este documento constitúe o borrador da Estratexia de Emprego de Santiago de Compostela para o período 2015-2020. Foi construído de forma participativa, a través de diferentes espazos como as mesas temáticas e as mesas de debate para o emprego do Foro Colaborativo de Emprego 2015. O seu arranque e a súa validación final corresponden á Mesa polo Emprego.

Recolle os obxectivos, liñas e medidas da Estratexia para este período, seleccionadas e priorizadas de entre o conxunto de achegas do proceso, en atención a criterios como a competencia municipal en materia de emprego, o impacto previsto, entre outras.

Tamén recolle as propostas que non foron priorizadas, de cara a poder trasladalas aos departamentos competentes e tamén para poder levalas adiante no caso de habilitarse por parte doutras administracións fondos finalistas para a ditas medidas.

O desenvolvemento desta estratexia debe facerse a través de plans operativos de carácter anual ou bianual, onde se recolla, para cada medida, o detalle da súa orzamentación, calendarización, indicadores de seguimento e avaliación, entre outras.

ÍNDICE

Síntese do diagnóstico previo	4
Proposta do peso de cada área no orzamento do Pacto Polo Emprego	9
SERVIZOS DE APOIO ÁS PERSOAS PARA A CONSECUCIÓN DUN EMPREGO	10
Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.	11
Obxectivo 2 Diminuír a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego.	13
EMPREGO PÚBLICO E COMPRA PÚBLICA ÉTICA	15
Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo , a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.	16
Obxectivo 4 Incidir na consecución dun emprego máis igualitario e inclusivo a través da contratación externa e incrementar o peso da economía social, o emprego protexido e o terceiro sector nesta contratación pública .	17
COLABORACIÓN E COMPROMISO CÍVICO DAS EMPRESAS	19
Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.	20
FOMENTO DO EMPRENDEMENTO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA ECONOMÍA SOCIAL	23
Introdución: sectores para un desenvolvemento local intelixente, sustentable e inclusivo.	24
Obxectivo 6 Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro á persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.	25
Obxectivo 7 Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.	26
REDE DE AXENTES, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN	29
Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais .	30
Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.	32
PROPOSTAS PARA OUTROS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	35
Incrementar os niveis de cohesión social no municipio mediante unha estratexia de Renda de Garantía de Ingresos Mínimos , conxugada coa estratexia de Traballo Garantido.	36
Elaboración de un Plan de Igualdade Municipal	36
Promover a inclusión mediante unha acción concertada dos recursos socio-laborais e dos servizos sociais e de igualdade .	37
LIÑAS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS. SÍNTESE	39

Síntese do diagnóstico previo

Para contextualizar sumariamente nun reducido número de páxinas o diagnóstico previo elaborado para informar o proceso de diálogo no deseño da Estratexia local de Emprego de Santiago, recóllense a seguir apuntamentos de tendencia e datos tirados da análise estatística practicada sobre fontes secundarias así como indicacións expertas obtidas das entrevistas en profundidade celebradas a tal efecto. Ao querer prescindir do aparato gráfico por razóns de brevidade é inevitable obviar algúns datos numéricos que, como cifras illadas, perden significado. En todo caso, cabe remitirse ao informe extenso ou aos documentos de referencia para as mesas temáticas naquel proceso para acceder á exposición polo miúdo que agora se resume.

Comezarase así por dicir que o tal diagnóstico enmarcábase na consideración dunha referencia ampla a algúns indicadores sobre o contexto macroeconómico e a súa evolución en Galicia e o conxunto de España, da que resultaban como natas chave estas:

- ✓ No ciclo da crise a contracción do PIB español ten foi máis severa do inicialmente estimado. Ademais, a diferenza cos dato para o conxunto de España, que desfavorece a Galicia, incrementouse no último bienio.
- ✓ Ese feito acompáñase dunha caída do número de horas traballadas. O que responde a unha contracción bruta da ocupación, combinada coa substitución de contratos a xornada completa por outros a tempo parcial. Así está asociada a unha crecente precariedade no emprego. Ademais, a coincidencia desta caída cun incremento ou mesmo mantemento do PIB, como se insinúa nos datos dos últimos exercicios, pode estar indicando unha expansión da actividade na “economía somerxida”.
- ✓ En paralelo deuse unha contracción na estrutura salarial española do peso dos niveis retributivos intermedios con relación ao SMI.
- ✓ A porcentaxe de poboación activa en situación de desemprego tense multiplicado por tres en España desde a situación previa á recesión. A evolución para Galicia resulta similar pero con valores finais algo máis discretos. Engádese a isto a evidencia, ben concreta en Galicia, de que a crise igualou, ao compás da súa elevación constante e progresiva á alza, as taxas de homes e mulleres. Mais convén non caer nunha interpretación simplificadora disto na medida que, nalgún grao, e por razóns sociolóxicas coñecidas, é maior na poboación feminina a virtualidade de abandonar a actividade en períodos de alto nivel de desemprego.

- ✓ Doutro lado, prestando atención a dous colectivos ben definidos: dunha banda as persoas novas que pretenden incorporarse ao mercado laboral -é España é un dos “líderes” mundiais na taxa correspondente- e as que se ven sistematicamente excluídas del tras perder un emprego - usualmente cunha idade superior aos 45 anos-, estes aparecen, partindo dun panorama xa crítico antes da recesión, como os máis desfavorecidos polas consecuencias directas dela e polas reformas laborais levadas a termo durante o seu transcurso.
- ✓ Por outra parte, un elemento que agrava as consecuencias sociais do panorama que se vén describindo é o descenso sostido en España desde 2010, sucedendo a un incremento precedente, da taxa de cobertura económica con cargo aos mecanismos de previsión correspondentes das persoas desempregadas. En febreiro deste ano de 2015 só no 56,1%; un dato que fala en por si.
- ✓ Nun escenario tal a taxa de risco de pobreza -porcentaxe dunha poboación que dispón de ingresos por baixo do 60% da mediana do conxunto daquela- evoluciona nunha curva parella á desoutra taxa de cobertura, con variacións inter-anuais algo mitigadas respecto dela, e atinxía o pasado ano a algo máis de 1 de cada 5 persoas en España.
- ✓ Pero máis alá do influxo do desemprego no risco de pobreza, non debe esquecerse a evolución salarial antes sinalada: erosión do nivel de rendas laborais e empeoramento da súa distribución en perspectiva de cohesión social. Os pareceres expertos e as evidencias estatísticas apuntan á emerxencia como categoría social das persoas traballadoras pobres. Porén en Galicia esa evolución vén sendo máis discreta e a taxa de risco de pobreza era en 2013 inferior en 3,8 puntos. Santiago e a súa área, amosan unha evolución peculiar polo descenso en 2010 – asociado ao Xacobeo, rubricando a estreita relación entre desemprego e risco- e novamente, en termos máis mitigados, en 2013. Aínda así, constátase unha caída dos ingresos mensuais medios por fogar para a Área de Santiago desde 2007 a 2013 -entón estaban nos 2.137 euros mensuais- que é ben máis abrupta cá rexistrada no conxunto de Galicia –por partir de valores sensiblemente máis elevados-. É doado pois deducir o impacto dunha evolución como esta expresada nos seus valores medios sobre as persoas e familias en situación de pobreza ou preto do seu limiar.

Desde as consideracións ofrecidas, un segundo elemento de encadre no diagnóstico foi a descrición característica con certo detalle da estrutura e dinámica económica de Compostela desenvolvendo a coñecida idea sintética de que nela se superpoñen varias realidades: lugar de atracción comercial dunha ampla contorna comarcal e, nun radio aínda máis amplo, centro de referencia cultural e espiritual cando menos en Galicia, coa proxección neses termos que lle outorga a súa condición de destino do Camiño; asentamento industrial con vocación de centro loxístico; centro de servizos vinculado ao desenvolvemento da Universidade e da súa condición de Capital.

Focalizábase logo aquel, centrándose xa no plano local en diversas referencias estatísticas sobre o mercado local, podendo subliñarse agora as seguintes:

- ✓ Así, desde os comezos de 2013 ao momento presente, dentro dun discreto descenso con modulacións estacionais consabidas, a evolución compositiva dos continxentes de persoas desempregadas mostra varios trazos notables: un equilibrio xeral compositivo entre homes e mulleres; o feito de que son os colectivos con estudos secundarios ou superiores os que achegan os continxentes máis numerosos, reflectindo en boa medida o perfil da poboación activa local, sendo notable nese subconxunto de persoas con maior formación a diverxencia por sexo, xa que o volume de mulleres duplica o de homes; o predominio absoluto nas persoas desempregadas das de entre os 25 e 45 anos de idade, cun comparativo escaso peso do colectivo de menos de 25, sendo o das persoas maiores de 45 anos o grupo máis persistente no desemprego.
- ✓ Naturalmente neste sentido incide a propia estrutura etaria da poboación activa, debendo subliñarse a maior virtualidade no primeiro dos subconxuntos, o máis novo, para substituír a concorrência no mercado laboral pola realización de estudos, aprazándoa, e delongando así formalmente a inactividade.

- ✓ Noutra orde de cousas resulta notable observándoo desde 2009, o predominio absoluto da contratación temporal, acreditando a evidencia coñecida dunha escasa estabilidade no emprego xerado nese ciclo. Ademais os contratos indefinidos presentaban un discreto grao demasculinización en 2009, que se vai acusando ata niveis moi notables en 2011 para logo volverse cara un equilibrio que dá como resultado unha moderada feminización en 2013 e 2014, pero cando son resultado da conversión dun contrato temporal anterior predominan discretamente desde 2010 os asinados por traballadoras, ocorrendo o mesmo cos temporais. Parecera pois que non hai, como balance do período, unha diferenza notoria na dinámica do mercado laboral entre homes e mulleres que si se manifestaba nos anos centrais. En calquera caso, cunha pausa en 2010 que non marca unha inflexión, un estiño en 2013 e un aumento expresivo o ano pasado pendente de poderse confirmar como marca dun cambio de tendencia, o certo é que o número de novos contratos caeu continuadamente desde 2007.
- ✓ Desde logo, en perspectiva sectorial e como algo obvio, a contracción ou expansión obedece no máis principal a das contratacións nos servizos. Neles xerouse o desemprego de tres cuartas partes das persoas rexistradas como demandantes en agosto deste ano 2015. En paralelo, neles concentrábanse en agosto deste ano 43.758 persoas ocupadas: o 74,5% do total do emprego local. Ademais, dentro dos servizos, por máis que operando como factor de estabilidade, en Compostela é, de xeito obvio, determinante o peso emprego público.
- ✓ En continuidade co anterior, o detalle da actividade principal en que se concretan os sectores de dedicación das empresas na súa evolución entre 2009 e 2013 recolle unha contracción do número de empresas industriais de transformación, da construción, o comercio e a hostalería, así como, acaso máis drasticamente, tendo en conta xa o seu peso estrutural relativo, das de carácter auxiliar como servizos ás empresas. Hai non obstante un mantemento do número destas con actividade asistencial e, tratándose sempre de ramos de peso modesto, mesmo un aumento das de mediación financeira, en seguros e inmobiliaria; mesmo sobe o número das de comunicación e información. Con todo, a lectura do ciclo temporal en clave evolutiva leva a concluír que a composición estrutural do tecido empresarial en Santiago máis se consolida nos termos coñecidos que mostra signos de evolución ao nivel que poderían virtualmente darse.
- ✓ Porque, doutro lado, os datos mostran que a empresa media en Santiago é pequena, menos de dez persoas empregadas; caracteristicamente menos de tres. Asemade, o dato sabido de que o impacto da crise foi inversamente proporcional, en canto descenso de número de empresas, ao tamaño destas. Por certo que en Compostela en 2014 o 40,7% das empresas correspondían a persoas físicas.
- ✓ Fixándose no auto-emprego a partir dos datos de afiliación á Seguridade Social, esta acredita a importancia do Réxime Xeral, que en 2014 recollía 8,5 de cada 10 casos. Así, para alén dunha evolución que reflicte a da repercusión no emprego do ciclo de crise abondo comentada, co seu valor máis baixo no pasado ano, tamén é notable a tendencia, pero moi moderada, contradicindo certos tópicos, ao incremento do emprego autónomo, tamén con flutuacións á baixa entre 2009 e 2012.
- ✓ Con todo, na dimensión da súa magnitude, os datos de evolución da ocupación autónoma por ramos de actividade no quinquenio de 2010 a 2014 -que os de 2015 dispoñibles parecen confirmar- falan en tres niveis: dunha banda, dunha notable concentración no comercio, a hostalaría, as actividades científicas e técnicas -a suma destas tres primeiras supón a metade cumprida deste colectivo- e a construción; doutra confirman na súa evolución unha capacidade comparativa de maior resistencia ao ciclo da crise, e en terceiro lugar, os datos de incremento nas actividades científicas e técnicas, administrativas e de servizos auxiliares -debendo insistirse no seu potencial de soporte ao tecido empresarial-, de educación e prestación de servizos sanitarios e sociais apuntan ámbitos a considerar nas estratexias de apoio ao auto-emprego.

Recapituladas as principais tendencias que se observaron en perspectiva estatística, o diagnóstico, como se dixo, particularizou para cada ámbito temático previo ao FOCO algunhas observacións expertas que se obtiveron dun total de 32 entrevistas semi-estruturadas levadas a termo con esa finalidade. Delas non ten

sentido recoller agora as de carácter estratéxico ou de proposición pero si, moi resumidamente, algunhas das que axudan a perfilar a comprensión da realidade:

- ✓ Nese sentido foi un lugar común apuntar a necesidade de articular un sistema integrado de información a xeito de observatorio ou estrutura análoga, que ordene e explote toda a dispoñible para alimentar a prospectiva e a avaliación continua da Estratexia. A este respecto existe en particular algunhas carencias expresivas de datos definidos e desagregados a escala local, en particular:
 - Sobre magnitudes do mercado laboral en perspectiva de xénero Sobre as necesidades formativas sentidas polas empresas de cara a referilas ao sistema educativo para aumentar o impacto deste no mercado laboral.
 - Sobre a emigración á procura de ocupación.
 - Para a cuantificación e caracterización do fracaso escolar e da poboación nova que nin estuda nin traballa en orde a lle dar unha resposta en clave socio-laboral.
- ✓ Foi tamén lugar común a evidencia de que o pleno emprego non se vai xerar pola dinámica espontánea do mercado laboral e a necesidade, entón, de que o acceso ao traballo, como dereito e condición da realización persoal, por tanto ao cabo de cohesión social, na medida que xera unha problemática estrutural na sociedade, deveña nunha preocupación e compromiso do conxunto desta e, por tanto, de todos os axentes sociais, políticos e económicos. O Emprego garantido emerxe nese sentido como unha posibilidade estratéxica de gran potencial
- ✓ Ao tempo, que, desde aquel consenso, se recoñeza a especificidade das accións na fronteira do mercado laboral normalizado desde o duplo punto de vista de que, na medida que atenden á inclusión social, están na base daquela cohesión; requiren para iso de estratexias socio- laborais específicas, sendo unha delas o Emprego Protexido
- ✓ A disposición dunha renda que garanta uns ingresos mínimos sen os condicionamentos dos programas vixentes nese sentido sería unha outra medida imprescindible para os colectivos precisados dun reforzo á súa inclusión social.
- ✓ Tamén houbo unha coincidencia xeneralizada, xa desde a visión experta xa desde esta e de indicios razoables á luz de datos estatísticos, en canto sinalar algúns sectores e ramos como con maior posibilidade de xerar emprego de calidade, vinculándose de xeito especial algúns deles, segundo os ámbitos temáticos de elaboración das propostas, a virtualidades de especial significado de cara a iniciativas de Economía Social e/ou Emprego Protexido. Tales ramos e sectores corresponden coas actividades seguintes:
 - Ligadas ao sector agro-gandeiro, forestal e da preservación ecolóxica, así como á primeira transformación daquel, que estarían infra-explotadas.
 - De mantemento de parques, xardíns, vías e mobiliario urbanos. De servizos auxiliares ou complementarios da construción.
 - De carácter complementario ao tecido industrial existente, desde fórmulas de industria lixeira e atendendo a completar cadeas de valor.
 - De servizos de mantemento e xestión de residuos, de baixo nivel de especialización, con relación a equipamentos e instalacións industriais.
 - De servizos complementarios para o almacenamento e a loxística
 - De produción artesanal, en particular no ramo téxtil. No ámbito das TIC.
 - Nos servizos ás empresas: comunicación, marketing, publicidade, deseño, consultaría especializada etc..
 - -Derivadas dunha reorientación decida do turismo enfocándoo ao de calidade de orixes consolidadas –o que obriga a considerar a súa compatibilidade co de carácter masivo-. Isto implicaría explotar virtualidades do territorio e a cidade; por exemplo: contorna natural e agro-forestal; cidade culta e xeradora de cultura, histórica e

contemporaneamente; cidade universitaria; Capital de Galicia como suxeito histórico, etc. en combinación co eixo temático arestora dominante, o xacobeo.

- Mesmo mantendo un escenario máis conservador, nos servizos complementarios ao turismo ou na hostalería ou restauración especializadas -por produto ou público-.
 - No ámbito da xestión cultural e a creación de contidos, nomeadamente audiovisuais.
 - No pequeno comercio ou servizos de proximidade en barrios. Nos servizos de atención a persoas dependentes.
- ✓ □ Precisamente a denominada Economía Social confirmouse como un ámbito de significado comparativamente modesto no conxunto do tecido económico e, por tanto, na xeración de emprego, pero tamén que nela, en razón da súa especificidade, este adoita ser de calidade. Semella así fóra de discusión que o potencial daquela é en perspectiva cuantitativa limitado a curto e medio prazo, en razón do limitado do seu desenvolvemento neste momento mais tamén, neses límites, certo. E todo isto, á marxe do seu carácter en boa medida alternativo, na perspectiva dunha economía en orde un desenvolvemento intelixente, sustentable e xerador de cohesión social.

Naturalmente o diagnóstico previo elaborado aos efectos de informar o deseño da Estratexia Local de Emprego presenta un carácter argumental en que se trenzan un conxunto amplo de datos e consideracións: Deles, deitouse aquí, como ilustración e xustificación en sentido amplo dos contidos daquela, unha pequena parte, malia sexa a máis substancial.

Proposta do peso de cada área no orzamento do Pacto Polo Emprego

REDE DE AXENTES, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN	3%
EMPREGO PÚBLICO E COMPRA PÚBLICA ÉTICA	20%
SERVIZOS DE APOIO ÁS PERSOAS PARA A CONSECUCIÓN DUN EMPREGO	60%
COLABORACIÓN EMPRESARIAL E COMPROMISO CÍVICO	7%
FOMENTO DO EMPRENDEMENTO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA ECONOMÍA SOCIAL	10%

SERVIZOS DE APOIO ÁS PERSOAS PARA A CONSECUCCIÓN DUN EMPREGO

E.

Obxectivo 1

Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.

Liña de actuación 1.1

Mellorar o **coñecemento, a proximidade e a accesibilidade** da poboación desempregada aos recursos sociolaborais.

1.1.1. Medida: Habilitar unha guía sempre actualizada de recursos e servizos, dinámica e dispoñible ao público en xeral, a través de internet.

A guía incorpora os recursos e servizos de todos os membros do Pacto local: programas, accións, servizos, ofertas de emprego, etc.

Incorpora apartados específicos segundo o perfil de persoas usuarias, como a mocidade, as empresas, etc. Conta con espazos virtuais interactivos e incorpora instrumentos de divulgación como as redes sociais, boletíns de periodicidade semanal e outros.

1.1.2. Medida: Realizar campañas de divulgación que cheguen á poboación, en particular a aquelas persoas que non teñen competencias dixitais ou acceso a internet.

Poden ser campañas específicas, por exemplo, de impulso da obtención de certificación de competencias profesionais, ou campañas xerais para dar a coñecer o conxunto dos recursos para un determinado perfil.

1.1.3. Medida: Utilizar diferentes equipamentos como espazos de encontro e información presencial.

En particular, o Edificio CERSIA, os centros sociais do Concello, a Casa da Xuventude, os espazos propios das entidades cívicas, nomeadamente asociacións xuvenís e veciñais, e os centros educativos, singularmente en conexión coa materia FOL na Formación Profesional.

Liña de actuación 1.2

Desenvolver **itinerarios individualizados** dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral.

1.2.1. Medida: Incorporar nos procesos de orientación a construción do proxecto profesional como estratexia metodolóxica para axudar ás persoas no seu desenvolvemento persoal e profesional.

1.2.2. Medida: Ofrecer programas formativos para o desenvolvemento de diversas competencias especializadas para a xestión da carreira (comunicativas, dixitais, habilidades sociais, de fortalecemento da autoestima e a motivación, profesionais, vinculadas ao emprendemento e á economía social, etc.).

Os diferentes programas poden ser empregados en cada itinerario en función das necesidades individuais detectadas e dos requirimentos dos postos, para favorecer a inserción laboral por conta allea ou a través do autoemprego.

Será preciso ter en conta os condicionantes dos diversos colectivos e adaptar os programas ás necesidades dos grupos máis vulnerables: mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, inmigrantes, etnias minoritarias, maiores de 45.

Buscarase o maior resultado dos programas, a través dun proceso de experimentación e innovación, con procesos grupais de inserción ou emprendemento, creación de grupos xuvenís informais susceptibles de desenvolver experiencias pre-laborais, programas de mobilidade para coñecer outras experiencias de emprendemento, etc.

1.2.3. Medida: Ofrecer asesoramento especializado en materia de acreditación de competencias básicas, competencias clave e certificados de profesionalidade.

Garantir e potenciar a obtención de certificados de profesionalidade dos niveis 1 e 2 para dotar así de cualificación ao colectivo que non accedeu a unha cualificación profesional básica, adaptando o enfoque deses certificados ás necesidades dos postos de traballo.

1.2.4. Medida: Desenvolver actuacións nos centros de ensino, para a prevención do fracaso escolar nos derradeiros ciclos educativos e para a adquisición de coñecementos, competencias e habilidades sobre o mundo laboral.

Liña de actuación 1.3.

Desenvolver programas de **prácticas laborais remuneradas**, como ferramenta nos itinerarios de inserción, para acadar competencias profesionais adaptadas á realidade das empresas e iniciarse na experiencia profesional.

1.3.1. Medida: Diseñar un programa de prácticas remuneradas en empresas, cun sistema de observación e control do cumprimento das condicións pactadas e sen custo para as empresas. Garantir a suficiencia e continuidade cunha dotación de fondos municipais.

Debe existir un seguimento e control externo respecto da remuneración e efectividade das prácticas. É preciso, así mesmo, fomentar a incorporación de todas as entidades e institucións públicas aos servizos de bolsas de prácticas de FP e Fundación Universidade.

Obxectivo 2

Diminuír a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego.

Liña de actuación 2.1.

Fomentar a **contratación regular das mulleres que están na economía informal**, en especial nas actividades de coidados e traballo doméstico.

2.1.1. Medida: Fomentar o coñecemento da nova lexislación que afecta ás traballadoras e traballadores do fogar.

Información e sensibilización sobre a desprotección de dereitos sociais que leva a economía mergullada, como traballo irregular vinculado maioritariamente ás mulleres. Esta medida debe reforzarse a través dun servizo de facilitación dos trámites para a contratación.

2.1.2. Medida: Promover a prestación dos servizos domésticos baixo a fórmula de cooperativa de traballo ou semellante, para igualar os dereitos laborais e de desemprego aos da economía normalizada.

Liña de actuación 2.2.

Promoción de programas singulares de inserción sociolaboral que faciliten a **reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares.**

2.2.1. Medida: Estudar e promover as fórmulas dirixidas á reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares.

Liña de actuación 2.3.

Diminuír a segregación horizontal, favorecendo a incorporación das mulleres a actividades nas que están subrepresentadas.

2.3.1. Medida: Impulsar a incorporación de mulleres en cursos formación para o emprego ou de reciclaxe naquelas profesións nos que están subrepresentadas, nas que exista maior demanda de emprego e nos sectores emerxentes.

Complementar o itinerario formativo cun itinerario de inserción, a través de programas de prácticas en empresas con titorización externa. E con axudas, incentivos e subvencións ás empresas que contraten ás mulleres, unha vez finalizadas as prácticas.

Outras medidas de interese, condicionadas á posibilidade de obtención de recursos externos aos propios do plan:

Medida: Estudar e promover as fórmulas para acadar o recoñecemento e valoración das profesións nas que as mulleres están sobrerrepresentadas.

Medida: Informar, sensibilizar e formar en igualdade aos axentes económicos, traballando cos estereotipos de xénero sobre as capacidades de mulleres e homes para o desempeño de determinadas ocupacións, a dispoñibilidade e o absentismo de ambos os sexos, a diversificación laboral, etc. e mostrando referentes e experiencias de boas prácticas laborais que contribúan a romper a segregación laboral. Elaboración dun caderno de referentes de mulleres en profesións diversificadas, como material de apoio nas sesións de orientación laboral e no ámbito educativo.

Medida: Visibilización da posición profesional das mulleres no sector tecnolóxico, como forma de promocionar entre as mozas a incorporación a este xacemento de emprego.

Medida: Itinerarios de acompañamento á inserción laboral de mulleres vítimas de trata, con acompañamento social.

Medida: Facilitar servizos sociais de apoio para a conciliación da participación no programa coas obrigas persoais e familiares.

Medida: Instar ao Concello, ás formacións políticas presentes na Corporación e aos axentes asinantes do Pacto para que na súa acción político-institucional demanden das instancias responsables unha maior flexibilidade dos requisitos para ser persoa beneficiaria SNGJ en canto a prazos transcorridos dende o último emprego ou proceso de formación recibida.

Medida: Asesoramento xurídico especializado para reducir o peso do emprego temporal e fomentar a contratación indefinida de mulleres e reducir o peso dos contratos a tempo parcial non desexados, e incrementar a contratación a tempo completo das mulleres.

Medida: Realizar actividades de sensibilización interna municipal e externa á poboación, para informar e previr sobre o acoso sexual e por razón de sexo no traballo.

Medida: Colaborar cos sindicatos e outras institucións para coñecer a realidade do acoso sexual e acoso por razón de sexo na administración e empresas contratadas.

Medida: Previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo mediante un protocolo de actuación que inclúa o apoio ás vítimas e políticas transparentes sobre a forma de tratar ás persoas culpables dentro do ámbito municipal.

EMPREGO PÚBLICO E COMPRA PÚBLICA ÉTICA

O funcionamento ordinario da Administración Local ten un impacto sobre o emprego, a través dos postos de traballo directos e da contratación de servizos a empresas.

Neste capítulo recóllense as propostas dirixidas a orientar esta acción municipal para a consecución dunha maior inserción laboral e unha maior calidade do emprego. Por unha parte, abórdanse os criterios a tomar en conta no emprego público de cara a garantir a igualdade e favorecer a inclusión laboral dos colectivos con maiores dificultades. No mesmo ámbito da xeración directa de emprego, abórdase a proposta de impulso do traballo garantido.

Por outra parte, desenvólvense os criterios que se estima preciso incorporar como cláusulas sociais na contratación de servizos e tamén nos contratos menores, en clave de compra pública ética.

Obxectivo 3

Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.

Liña de actuación 3.1.

Consolidar prácticas de contratación por parte do Concello, potenciando o seu papel como xerador directo de emprego e exemplificando a asunción dos principios e orientacións xerais do plan.

3.1.1. Medida: Estudar as posibilidades de xeración de emprego público municipal apoiadas na recuperación da xestión directa de servizos actualmente en réxime de concesión ou análogo.

Liña de actuación 3.2.

Realizar unha política de **emprego público con perspectiva de xénero**.

3.2.1. Medida: Asegurar a composición paritaria nos tribunais das convocatorias municipais de acceso. Participación de persoal do departamento de Igualdade nos procesos de selección para contratacións municipais, sempre que sexa posible, para asegurar un trato igualitario a homes e mulleres.

3.2.2. Medida: Actualización e impulso formativo con respecto aos módulos relativos á igualdade de xénero, igualdade de trato e oportunidades e contra a violencia de xénero dos temarios de oposición para os procesos de selección do Concello.

Liña de actuación 3.3.

Desenvolver unha estratexia de Emprego Protexido como mecanismo específico de inclusión laboral e social das persoas en risco de exclusión.

3.3.1. Medida: Promover a creación de Empresas de Inserción e centros especiais de emprego de titularidade social e/ou municipal.

Poden enfocarse, por exemplo, a actividades de coidado ambiental, limpeza, mantemento de vías, mobiliario urbano e zonas verdes, coidados á terceira idade, aspectos culturais como taquillas ou bibliotecas, ou outras. Ademais, implica o apoio e acompañamento á súa creación.

Liña de actuación 3.4.

Impulsar unha estratexia de **emprego garantido**.

3.4.1. Medida: Crear emprego municipal directo a través dun programa de Emprego Garantido dirixido a persoas en situación de desemprego e contemplado como fórmula transitoria cara unha inserción laboral normalizada.

As actividades a realizar responden a necesidades sociais non atendidas, polo que teñen un interese público e comunitario. Ditas actividades poden estar vinculadas, por exemplo, ao medio ambiente, os coidados, o desenvolvemento sociocomunitario, etc.

A creación directa de emprego por parte do Concello pode complementarse coa participación de entidades sen ánimo de lucro como contratantes, para este tipo de actividades de interese social.

O programa debe estar aberto ao conxunto das persoas en desemprego e contar con criterios de selección que non reproduzan a exclusión ou discriminación dos grupos con maiores dificultades de inserción

laboral. Neste sentido, sen ser excluínte, debe adoptarse a perspectiva de xénero, incorporarse unha porcentaxe de persoas con diversidade funcional, de persoas novas, de persoas maiores de 45 anos, entre outras situacións.

É preciso establecer os requisitos e os criterios de selección, indicando, entre outras características, se existe a necesidade de ser residente en Santiago de Compostela.

3.4.2. Medida: Estudar as posibilidades normativas e funcionais da reorientación dos fondos destinados á promoción do emprego para potenciar o Emprego Garantido en Galicia.

Coordinar, entre os axentes do pacto local e as forzas políticas con representación municipal, a demanda diante da Xunta de Galicia da reorientación dos fondos destinados á promoción do emprego para potenciar o Emprego garantido en Galicia.

Na abordaxe do emprego protexido e o emprego garantido, contemplouse a necesidade de canalizar ás persoas usuarias cara o emprego normalizado en empresas, a través dun sistema de incentivos á súa contratación, que se presenta no apartado de colaboración coas empresas.

Obxectivo 4

Incidir na consecución dun emprego máis igualitario e inclusivo a través da contratación externa e incrementar o peso da economía social, o emprego protexido e o terceiro sector nesta contratación pública.

Liña de actuación 4.1.

Incorporar cláusulas sociais, criterios de compra ética e reservas de mercado na contratación por parte do Concello.

4.1.1. Medida: Ampliar o contido das cláusulas sociais nos contratos municipais en diversos sentidos: primando a xeración de emprego de calidade, os criterios de sustentabilidade e igualdade de xénero nas prácticas das empresas; o encadre destas en formas de economía social, así como a colaboración destas no Plan, singularmente en canto acollan persoas en risco de exclusión.

En concreto:

Primar ás empresas e entidades igualitarias na contratación pública. Inclusión de cláusulas de igualdade en contratos, subvencións e convenios, así como da aplicación de criterios de compra responsable para os contratos menores.

Garantir a sinatura de contratos municipais unicamente con empresas que, de xeito probado, cumpran estritamente a normativa laboral.

Cláusulas que obriguen á subrogación do persoal adscrito á contrata.

Cláusulas que imposibiliten a subcontratación de servizos, e nomeadamente a contratación de persoal por medio de ETTs, Empresas de Servizos ou outras formulas contractuais que conducen á precarización das condicións laborais

Cláusulas que garantan unhas condicións laborais mínimas que nunca poderán ser inferiores ao convenio colectivo do sector.

Establecemento, ademais, nos pregos –neste caso sería fundamental no referido á obra pública- de cláusulas que permitisen ao Concello un control efectivo sobre as xornadas laborais realizadas a fin de controlar os excesos de xornada (as horas extras).

Ademais das cláusulas nos pregos de contratación, aplicar criterios de compra responsable nos contratos menores. Incorporación das características anteriores nos criterios de compra ética do Concello.

4.1.2. Medida: Reserva de contratación pública do 3% ao 5% a empresas de inserción e centros especiais de emprego.

A reserva de contratación debe complementarse co apoio á creación de empresas de inserción e centros especiais de emprego para a prestación de servizos municipais e para o desenvolvemento doutras actividades, tal como se recolle na medida 3.3.1.

Para iso é precisa tamén a identificación de necesidades de contratación do Concello e dunha guía de oportunidades de negocio para empresas de inserción e centros especiais de emprego.

COLABORACIÓN E COMPROMISO CÍVICO DAS EMPRESAS

As empresas están nunha posición privilexiada para impulsar o emprego e a súa calidade, a través da súa colaboración co plan e do seu compromiso cívico. Neste capítulo recóllense propostas para fortalecer ese compromiso, dirixidas de modo especial ás pequenas empresas e aos negocios individuais.

Os instrumentos básicos son a prestación de información e o asesoramento personalizado ás empresas para a contratación e cualificación de persoal, os incentivos económicos á contratación e a publicidade e recoñecemento público das súas prácticas en favor do emprego .

Obxectivo 5

Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.

Liña de actuación 5.1.

Incorporar un repertorio efectivo de **procedementos de mediación**, de xeito que a rede e a Axencia Local de Colocación adquiran maior capacidade para achegar demandantes de emprego que satisfagan as ofertas, garantindo a adecuación recíproca entre persoas e postos.

5.1.1. Medida: Incorporar servizos de intermediación á medida das necesidades das pequenas e medianas empresas e dos negocios individuais.

Incorporar a figura da mediadora ou mediador para o desenvolvemento dos itinerarios individualizados de inserción, mantendo unha relación directa e personalizada coas empresas.

Esta mediación apoiase nun servizo de captación e atención de ofertas por parte da rede, como medio que permita ás empresas locais a cobertura das súas ofertas de emprego.

Ofrecer apoio técnico e facilitar o préstamo de instalacións e equipamentos municipais ás empresas para o desenvolvemento de procesos de selección e formación de persoal.

5.1.2. Medida: Crear espazos de encontro entre responsables de empresas, instancias asinantes do Pacto Local polo Emprego e Administracións para propoer e estudar estratexias e medidas de colaboración.

Incrementar a información e o coñecemento estratéxico xerado directamente en interacción coas empresas como xeito de consolidar o papel mediador dos recursos socio-laborais na perspectiva destas.

5.1.3. Medida: Crear e fomentar espazos de encontro entre demandantes de emprego e empresas, como o Foro de Emprego.

Debe permitir a realización de actividades de contacto directo entre persoas demandantes e empresas para ocupar novos postos de traballo. Cómpre intensificar a atracción de empresas a estes eventos para potenciar o seu valor como espazos de encontro directo entre a oferta e a demanda de ocupación. Tamén estimular a presenza de xente nova.

Liña de actuación 5.2.

Desenvolver estratexias específicas de **inserción en virtude da responsabilidade social das empresas**, incentivándoas e implicándoas a un tempo na capacitación profesional das persoas desempregadas e na consecución do acceso á primeira experiencia laboral.

5.2.1. Medida: Fomentar a participación das empresas nos programas de prácticas para persoas usuarias da rede participantes en procesos de formación.

5.2.2. Medida: Establecer un sistema de incentivos á contratación polas empresas das persoas participantes no programa de emprego protexido e de emprego garantido, con atención específica ás empresas do sector turístico.

O sistema de incentivos debe ser proporcional aos tipos de contrato que a empresa realice. Controlar o uso das axudas recibidas por parte das empresas. Limitar a porcentaxe máxima de persoas que poden estar contratadas a través deste programa.

Liña de actuación 5.3.

Desenvolver estratexias específicas de **mellora da calidade do emprego nas empresas** en virtude da súa **responsabilidade social**, especialmente nas Pemes e nos negocios individuais autónomos.

5.3.1. Medida: Ofrecer apoio e asesoramento para a promoción da mellora das condicións de contratación e traballo, así como de cualificación das persoas empregadas, propóndoas como investimento en capital humano e non como custo, con especial atención aos colectivos nos que aquela é menor, as persoas traballadoras novas e as mulleres.

5.3.2. Medida: Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas turísticas, en virtude da súa responsabilidade social.

Liña de actuación 5.4.

Contribuír á configuración dunha **cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade** entre mulleres e homes como un elemento de calidade.

5.4.1. Medida: Creación dunha Rede de empresas pola excelencia en igualdade entre mulleres e homes para avanzar no recoñecemento e visibilización do seu traballo, ofrecer exemplo e organizar o intercambio de boas prácticas.

Establecemento dunha comisión de carácter social que estableza os criterios que habiliten para a pertenza á rede e avalíe o seu cumprimento. A rede debe establecer un banco de boas prácticas empresariais en materia de igualdade e favorecer que as persoas que protagonizan as boas prácticas poidan ser mentoras doutras novas iniciativas. Concretar os criterios e a forma de medilos.

5.4.2. Medida: Ofrecer un servizo de asesoramento técnico a empresas para a implantación de plans de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e plans de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

5.4.3. Medida: Impulso de modelos de selección de persoal non discriminatorios, como os curriculums cegos ou campañas de sensibilización e protocolos áxiles para a busca de profesionais a través de redes informais, que incidan na toma en consideración de mulleres, así como das persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, etc.

5.4.4. Medida: Apoiar financeiramente a realización de prácticas en empresas por parte de mulleres con titulación universitaria, para realizar accións de mellora da empresa. Ditas prácticas, e as propias empresas, estarán titorizadas por persoal externo, con experiencia en mellora empresarial, que ademais velará por garantir un tipo de actividades acordes á titulación.

5.4.5. Medida: Incentivar a contratación de mulleres en postos de responsabilidade. Elaboración e difusión de ferramentas dirixidas aos axentes económicos e sociais, para que promovan unha maior participación das mulleres nos seus órganos de decisión, rompendo así coas barreiras socioculturais que frean o acceso das mulleres a postos de responsabilidade.

Liña de actuación 5.5.

Desenvolver unha política de comunicación e mercadotecnia para atraer e distinguir ás empresas colaboradoras cos obxectivos do Plan Local de Emprego, premiando así a súa responsabilidade social empresarial.

5.5.1. Medida: Crear unha imaxe de marca de colaboración nos obxectivos do Pacto Local polo Emprego.

Esta marca distingue ás empresas colaboradoras no programa, que demostren resultados concretos nos diferentes criterios recollidos dentro deste obxectivo do plan: contratación de persoas que veñen dos programas de emprego protexido e emprego garantido, prácticas probadas en favor da igualdade, etc. Tamén deben facerse campañas de concienciación social para o consumo en empresas que ostenten esta marca.

Polo tanto, permitirá tamén unha maior repercusión do propio plan cara a sociedade e cara ás empresas.

5.5.2. Medida: Estudar a posibilidade dun distintivo con puntuacións en diferentes dimensións (igualdade, ecoloxía, condicións laborais...) que favoreza a divulgación e poña en valor ás entidades de economía social e as que atenden a obxectivos sociais.

Grupo de asesoramento por parte da entidade que facilita o distintivo. Necesidade dun órgano de control para asegurar a veracidade. Fixar ben os criterios. Campañas de difusión e sensibilización. Pode asociarse ao distintivo das empresas colaboradoras do plan.

FOMENTO DO EMPRENDEMENTO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA ECONOMÍA SOCIAL

O traballo por conta propia é unha opción que moitas veces non se toma en consideración como estratexia de acceso ao emprego. Dentro desta, as iniciativas de economía social son moi descoñecidas, non só polas persoas en situación de desemprego, senón tamén polo persoal técnico que traballa en servizos de asesoramento e orientación. Por iso, para o fomento do emprendemento como fórmula de inserción laboral, e particularmente para o impulso da economía social, recóllense medidas de carácter divulgativo e educativo dirixidas á sociedade en xeral e ao mundo do ensino, en particular.

Con medidas como a visibilización da economía social e o fomento da cultura emprendedora, búscase encadrar o autoemprego como unha opción a valorar. Ao mesmo tempo, búscase incorporar ao ensino regrado e non regrado o traballo sobre competencias necesarias para levar adiante proxectos colectivos de emprendemento, como as habilidades sociais, os valores cooperativos e solidarios ou a iniciativa emprendedora.

Outra das cuestións que se valorou é un certo abuso do emprendemento como estratexia de acceso ao emprego. O emprendemento ten consecuencias non sempre positivas para as persoas, que asumen un alto risco e acaban, en demasiadas ocasións, nunha situación económica peor que a previa ao emprendemento. Por iso fórmulase a necesidade de apoios en clave de asesoramento, formación, financiamento ou locais que axuden á viabilidade dos proxectos e que minoren o risco que asumen as persoas que emprenden. Sobre todo porque se formula a necesaria democratización do emprendemento, que debe facerse accesible ás persoas, independentemente da súa situación económica e social de partida.

Introdución: sectores para un desenvolvemento local **intelixente, sustentable e inclusivo**.

As actuacións de fomento do emprendemento encádranse na potenciación de sectores que permitan un desenvolvemento local intelixente, sustentable e inclusivo e que aproveiten as oportunidades locais e as potencialidades das persoas emprendedoras.

Con carácter introdutorio a esta área, indícanse os sectores que foron sinalados:

Desenvolvemento de servizos ás persoas.

Prestación e xestión directa de servizos sociais públicos, universais e gratuítos por parte da Administración Municipal.

Promover os servizos de atención a persoas dependentes. Estimular a actividade emprendedora orientada á creación de empresas conciliadoras da vida laboral e familiar, que incorporen a homes en actividades onde están subrepresentados. Promoción das ideas de negocios innovadoras neste ámbito.

Potenciar o sector turístico desde a perspectiva dun desenvolvemento local intelixente, sustentable e inclusivo.

Promover a cualificación e diversificación do turismo, enfocándoo ao turismo de calidade de orixes consolidadas. Fomentar o turismo cultural alternativo.

Promover os servizos complementarios ao turismo e promover a hostalería e a restauración especializadas, por produto ou público.

Adoptar e potenciar acordos entre as distintas administracións que permitan ofertar rutas turísticas que ademais de Compostela inclúan visitas a outras cidades e concellos da contorna e do país e que, como contrapartida, traian unha maior duración das estancias.

Promover o pequeno comercio e os servizos de proximidade.

Guías de compra por sectores para turistas.

Desenvolver feiras de barrio sobre o comercio de proximidade.

Promover as actividades ligadas ao sector agrogandeiro, forestal e de preservación ecolóxica, así como á primeira transformación daquel.

Promover o sector das TIC.

Promover a xestión cultural, a creación de contidos, nomeadamente audiovisuais, o deseño gráfico, o deseño de moda e a artesanía.

Promover os servizos ás empresas: comunicación, mercadotecnia, publicidade, deseño, consultaría especializada, etc.

Promover as actividades de carácter complementario ao tecido industrial existente, desde fórmulas de industria lixeira e atendendo a completar cadeas de valor.

Promover a prestación de servizos de mantemento non especializado.

Promover a biotecnoloxía e as ciencias da saúde.

Obxectivo 6

Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro ás persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.

Liña de actuación 6.1.

Facer valer a importancia da economía social e o emprego protexido e as súas utilidades para as diferentes persoas, impulsando a súa visibilización, o consumo responsable e o comercio xusto e fomentando a cultura da solidariedade local.

6.1.1. Medida: Organizar unha Feira anual da economía social, aberta á cidadanía, para dar a coñecer os produtos e servizos destas entidades.

Debe incorporar espazos e tempos para o traballo en rede e espazos para formación. Organizada polas redes de economía social e solidaria, orientada a crear un mercado social en Compostela. Na que as persoas con experiencia nos proxectos emprendedores sexan quen conten o proceso.

6.1.2. Medida: Organizar feiras descentralizadas nos barrios, con entidades de economía social e colaborativa, para a promoción do consumo responsable.

Apoiar as feiras existentes, autoorganizadas, como o mercado do Lusco-fusco. Organizada polas redes de economía social e solidaria, orientada a crear un mercado social en Compostela. Creación de espazos ou locais para o fomento das feiras nos barrios. Clarificar o concepto de consumo responsable.

6.1.3. Medida: Programas de dinamización do emprego a través do asociacionismo de base veciñal e comunitaria.

Desenvolver iniciativas a nivel de barrio, que fomenten o apoio mutuo en relación ao emprego: a contratación de persoas do barrio, o emprendemento a partir de necesidades definidas nos barrios, etc. Organizar visitas de grupos emprendedores ás asociacións veciñais para identificar as necesidades non atendidas. Creación de observatorios de barrio, para identificar xacementos de emprego. Promover o aproveitamento de recursos produtivos infrautilizados, para o emprendemento, incluíndo materiais con potencial de reutilización ou reciclaxe, etc.

Outras medidas de interese, condicionadas á posibilidade de obtención de recursos externos aos propios do plan:

Medida: Servizo de comunicación para promover a presenza da economía social nos medios: espazos para experiencias, iniciativa da semana, etc.

Medida: Promover a cultura comunitaria e cooperativa a través da moeda social, os bancos de tempo, o intercambio xeracional de saberes nas hortas urbanas, entre outras. Promover iniciativas como: unha cousateca, un banco de saberes (persoas e entidades que poidan achegar coñecementos e boas prácticas). Potenciar a información sobre bancos de tempo e moeda social.

Liña de actuación 6.2.

Fomentar o **coñecemento e a valoración do emprendemento en xeral e da economía social** por parte da infancia e a mocidade.

6.2.1. Medida: Desenvolver nos centros de ensino dos diferentes niveis educativos obradoiros de emprendemento dinámicos e lúdicos, para presentar o autoemprego como unha opción de desenvolvemento profesional, dando protagonismo á economía social.

Creación de recursos que se poidan adaptar na aula como simuladores. Promoción da cultura do emprendemento desde a infancia, pero non só enfocado cara un autoemprego futuro, senón á adquisición de habilidades sociais que faciliten unha actitude ante a vida. Observación dos talentos de cada persoa e fomento dos mesmos, a través de talleres.

6.2.2. Medida: Intensificar a adquisición de competencias básicas para o emprendemento na formación para o emprego e na formación profesional regrada.

Neste último caso, fortalecer a información, o asesoramento e o apoio no marco de materias e servizos de orientación que xa están en funcionamento nos centros.

Obxectivo 7

Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.

Liña de actuación 7.1.

Prestar servizos de asesoramento e formación que atendan a todas as fases, desde a dinamización de grupos e ideas ata a consolidación dos proxectos. Ditos programas deben ser estables e continuados no tempo.

7.1.1. Medida: Reforzar os servizos de acompañamento para os proxectos de emprendemento, desde a fase inicial de dinamización de ideas emprendedoras, ata o estudo da viabilidade, a xestión directa dos trámites de constitución e posta en marcha e o asesoramento durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial.

Deben estar adaptados ás necesidades específicas dos colectivos que presentan maiores dificultades en razón da súa vulnerabilidade social: mulleres, mozos e mozas con baixa cualificación, persoas en desemprego de longa duración, persoas inmigrantes, maiores de 45 anos, etc.

7.1.2. Medida: Fomento e apoio á creación e mantemento de redes de mulleres emprendedoras, que sirvan de apoio ás súas iniciativas empresariais e fomenten o intercambio de experiencias.

Difusión e divulgación do *mentoring* e o intercambio de experiencias e boas prácticas entre as mulleres emprendedoras e empresarias. Difusión de experiencias de mulleres emprendedoras.

7.1.3. Medida: Diseñar itinerarios e servizos de apoio específicos ao emprendemento que está vinculado a situacións de crise e extrema necesidade, como os peches de empresas.

Elaboración dun estudo de necesidades específicas ante estas situacións. Creación dun grupo de traballo específico dentro da rede local de recursos para o emprego, onde se inclúan todos os axentes clave que teñen un papel importante nestas situacións.

Liña de actuación 7.2.

Facilitar o acceso aos recursos económicos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. **Habilitar e canalizar incentivos e acceso a financiamento** para comezar.

7.2.2. Medida: Facilitar o acceso a microcréditos para o emprendemento, dando prioridade ás entidades de finanzas éticas.

Liñas de crédito con períodos de amortización longos e cotas baixas, con baixo interese. Establecemento de convenios con entidades bancarias, fundacións e entes análogos para favorecer o acceso a financiamento por parte dos proxectos de emprendemento. Aproveitar os convenios xa existentes por parte de entidades que forman parte do plan, como a Cámara de Comercio, e primar ás entidades de finanzas éticas.

7.2.3. Medida: Posta en marcha de fondos de promoción pública, para avais e pequenos créditos, así como sistemas de asistencia técnica en materia de financiamento.

Reserva dun mínimo do 40% dos avais e financiamento para os emprendementos femininos.

7.2.4. Medida: Xanela única de información sobre financiamento para proxectos emprendedores.

Utilización de recursos xa existentes, como a plataforma das Cámaras de Comercio. Centralización da información para canalizar os proxectos: orientar de forma adecuada ao perfil da usuaria ou usuario. Apoio municipal á expansión da rede das finanzas éticas, a través da posta a disposición dun local para todas elas, onde poidan informar á cidadanía, ofrecendo así un punto de información sobre banca ética.

Liña de actuación 7.3.

Facilitar o acceso a locais e outro tipo de recursos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora.

7.3.1. Medida: Acceso a un banco de recursos e servizos a custo mínimo durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial, incluídos locais.

Apostar por espazos colaborativos, para crear ecosistemas emprendedores e de apoio mutuo dentro da economía social. Espazos de contaxio, de creación de confianza para dar lugar a proxectos colectivos e de titorización e mentorización para medrar e consolidarse.

Reserva dun mínimo do 40% de prazas para emprendementos de mulleres.

Desenvolver convenios con centros empresariais de recursos compartidos, fundacións e entes análogos para levar adiante esta medida.

Creación e publicitación de espazos de coworking e viveiros de empresas que ofrezan asesoramento aos novos emprendementos. Promover o coworking mediante unha rede local entre as persoas emprendedoras e así favorecer a colaboración entre elas. Esta rede debe ter un espazo virtual de apoio.

Outras medidas de interese, condicionadas á posibilidade de obtención de recursos externos aos propios do plan:

Medida: Desenvolver seminarios e eventos de difusión e promoción do emprendemento, en ámbitos diversos, orientados a valoralo como alternativa viable para as persoas desempregadas, primando a óptica da economía social e os valores da colaboración.

Medida: Incorporar voluntariado de profesionais para o desempeño da titoría, ben a título individual ben en nome dunha empresa, con aval de éxito na posta en marcha de proxectos empresariais análogos e que formulen un compromiso de continuidade. Titoría das novas iniciativas por parte de persoas expertas e voluntarias, aptas en razón da súa experiencia, cualificación e especialización sectorial, e tendo en conta as necesarias disociacións de ámbito de actuación ou volume empresarial para evitar conflitos de intereses. Na asociación entre quen presta e quen recibe a titoría debe procurarse unha converxencia de sensibilidades e intereses e mesmo unha virtual relación de clienta – provedora. Formar un grupo de persoas voluntarias xubiladas que acheguen a súa experiencia laboral e os seus coñecementos. Crear un banco de coñecemento: persoas con coñecementos profesionais ao servizo de novos emprendementos.

Medida: Programa de cooperación entre novas empresas e empresas consolidadas en razón da responsabilidade social destas.

Medida: Promoción publicitaria e divulgación dos proxectos de emprendemento por parte de persoas novas en orde a mellorar as súas posibilidades de captación de investimentos.

Medida: Incentivos á creación de empresas de economía social e de inserción, a través da redución de taxas e licenzas municipais.

Medida: Crear un fondo solidario para articular axudas de emerxencia para emprendementos en momentos difíciles, dentro dos seus tres primeiros anos de vida. As axudas requiren dun estudo áxil de impacto das mesmas e complementáanse con asesoramento técnico. O fondo solidario debe poder usarse nos cinco primeiros anos, estar participado por entidades de finanzas éticas e o propio fondo debe estar nunha entidade de banca ética. Poden nutrirse de reservas voluntarias do sector empresarial local, colexios profesionais, etc.

Medida: Instar ao desenvolvemento de institucións públicas de crédito de carácter autonómico ou central que poidan financiar sen ánimo de lucro o emprendemento a pequena escala e a economía social.

Medida: Crear unha escola de fomento da iniciativa agrícola e sectores asociados garantindo a provisión de solo para este fin e remitíndoa ao Concello.

Medida: Constituír unha oficina especializada na atracción de investimentos dotándoa cos medios precisos e centralizando nela os esforzos nese sentido. Confiar a dita oficina a prospección de sectores e actividades con potencial de implantación e desenvolvemento a escala local, nunha clave de diversificación económica, sustentabilidade e xeración de emprego de calidade.

Medida: Desenvolver unha estratexia local de promoción da innovación en xeral e no sector turístico en particular. Divulgar e utilizar estudos exploratorios dispoñibles e a experiencia e visión das entidades do Pacto Local polo Emprego, nomeadamente da USC.

Medida: Desenvolver actividades e servizos de apoio á innovación para os novos emprendementos. Prestar servizos e apoio á diversificación e reorientación das actividades económicas en diversos sentidos: cualificación, especialización, axuste de modelos de negocio, integración vertical e horizontal, así como xeración de novos elos que completen cadeas de valor. Prestar servizos e apoio á diversificación e reorientación da actividade turística.

REDE DE AXENTES, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN

A Estratexia de Emprego e o Pacto Local polo Emprego baséanse na gobernanza participativa que atravesas todas as fases, a de planificación, a de execución e a de avaliación dos plans. Un departamento de emprego dunha Administración local ten, por si só, unha capacidade limitada de impacto sobre o emprego. Para acrecentar esa capacidade é necesario garantir a transversalidade dos diferentes programas, así como a cooperación entre os departamentos das distintas Administracións e tamén cos axentes sociais e a cidadanía.

Neste capítulo preséntanse os obxectivos e liñas de traballo para a coordinación e a optimización dos recursos de todos os axentes activos en materia de emprego no municipio. Tamén se recolle a aposta pola incorporación de novos axentes que incorporen a capacidade de achegarse de modo descentralizado aos barrios e parroquias, apoiándose no tecido asociativo veciñal e comunitario.

Inclúense as propostas para a participación dos axentes no seguimento e avaliación do plan, así como algúns criterios e ferramentas para dito seguimento.

A Estratexia Local de Emprego incorpora novas liñas de traballo que implican a necesaria reciclaxe e adquisición de novas competencias por parte do persoal técnico que vai participar no seu desenvolvemento, sexa o persoal municipal, sexa o das entidades colaboradoras. En particular, destácase a necesidade de formación técnica en tres grandes áreas: competencias de carácter psicosocial, vinculadas á prestación de servizos personalizados de mediación e de apoio e titorización; a formación en economía social, para poder ofrecer un asesoramento de calidade neste ámbito que se busca fortalecer; e a formación en materia de igualdade, para garantir que a perspectiva de xénero se integra de forma transversal en todas as actuacións do plan.

Tamén se realizou unha valoración dos dispositivos máis efectivos para a adquisición destas competencias, apostándose por unha formación práctica, pola aprendizaxe cooperativa (promover fórmulas de traballo en común que posibiliten optimizar e compartir os saberes técnicos instalados nas diferentes entidades participantes) e pola posta a disposición de manuais e exemplos de boas prácticas. Non se desestiman os dispositivos máis habituais, como os cursos presenciais e en liña, os seminarios, os obradoiros, etc.

Obxectivo 8

Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.

Liña de actuación 8.1.

Ampliar a participación do tecido cívico e das entidades representativas da economía social no desenvolvemento do Plan Local de Emprego.

8.1.1. Medida: Ofrecer a posibilidade a todo tipo de entidades de iniciativa social, en especial ao movemento veciñal, de colaborar coas medidas do Plan neste ámbito, na súa divulgación, na detección de necesidades e problemáticas, na captación de persoas usuarias e proporcionando apoio social informal, entre outras.

8.1.2. Medida: Convidar á colaboración na rede a todas as organizacións locais que traballen con persoas menores de 30 anos: centros de ESO e FP (a través dos departamentos de orientación), asociacións xuvenís, etc. Colaborar con estes axentes intermedios para que canalicen información e recursos de carácter sociolaboral cara á xente nova.

Fomento da comunicación entre o persoal técnico municipal, as empresas e os centros de formación. Actualmente existe escasa coordinación entre as administracións que se ocupan do emprego e as educativas. Reunións periódicas entre persoal municipal, empresa e centros educativos para detectar necesidades formativas e laborais.

8.1.3. Medida: Ofrecer a posibilidade ás asociacións representativas das cooperativas, as sociedades laborais e o sector asociativo da economía social a colaborar coas medidas do Plan neste ámbito.

Liña de actuación 8.2.

Establecemento dun **protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais**, que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción.

8.2.1 Medida: Incorporar aos servizos sociais á rede de axentes do pacto local, para o traballo con grupos en risco de exclusión.

8.2.2. Medida: Establecer protocolos de coordinación nos que se identifique o papel dos diferentes axentes. Establecer os termos formais do acceso das persoas usuarias á acción combinada destas áreas.

8.2.3. Medida: Harmonizar as diferentes fontes de financiamento coas que contan os diferentes departamentos e axentes, para a súa optimización.

8.2.4. Medida: Dar prioridade na atención ás persoas de fogares onde ningún membro ten emprego.

Liña de actuación 8.3.

Impulsar a **coordinación**, o **traballo en rede** e os **instrumentos de xestión colaborativa**.

8.3.1. Medida: Creación de espazos de encontro presenciais e virtuais para a cooperación entre o persoal técnico das distintas Administracións e entidades que traballan no apoio ao emprego, o autoemprego, a economía social e colaborativa e todos os ámbitos recollidos neste plan.

Formulación de obxectivos en común en torno aos cales establecer vínculos de colaboración continuada. Coordinación e dinamización do grupo, a cargo dunha persoa do Concello. Difusión das conclusións e dos obxectivos formulados, para dar lugar a unha opinión pública. Complementar os encontros sectoriais con convocatorias públicas. Promoción de redes de profesionais, que permitan achegar experiencias, buscar información concreta, recursos.

8.3.2. Medida: Habilitar un sistema integrado de rexistro de información das actividades do Plan, de uso común para todos os axentes. Incorpora, así mesmo, un Censo Municipal de Activación Laboral, CEMAL, para a inscrición de todas as persoas que desexen acollerse ás actuacións do Plan.

Este rexistro de persoas usuarias ou potenciais usuarias é unha condición para habilitar aos diferentes axentes que participan no itinerario de inserción dunha persoa para que poidan compartir información sobre dito itinerario.

A aplicación web debe rexistrar a actividade e resultados da acción da rede e do persoal técnico, tanto coas persoas como coas empresas usuarias. Entre outras, debe recoller o histórico de cada un dos proxectos asesorados e se leve a cabo un seguimento efectivo de cada proxecto de emprendemento.

Debe permitir a avaliación dos procesos de orientación e acompañamento, recollendo a valoración das persoas usuarias a través de cuestionarios normalizados e datos sobre o impacto no emprego a curto e medio prazo.

8.3.3. Medida: Promover a coordinación entre os recursos socio-laborais integrados na rede e os dependentes da Xunta de Galicia e da Administración periférica do Estado que actúan no nivel local.

Establecer protocolos de colaboración institucional coa Xunta, especialmente en todo o relativo ás políticas de emprego a fin de non duplicar recursos para as mesmas actividades. A través da rede, canalizar tamén o acceso aos programas existentes a nivel autonómico e estatal, como o Programa de Garantía Xuvenil, bolsas, axudas para a realización de estudos, etc.

Liña de actuación 8.4.

Realizar un **proceso de seguimento e avaliación do plan**, coa participación dos axentes e que incorpore sistemas de obtención e análise dos indicadores relevantes.

8.4.1. Medida: Establecer espazos de participación para a avaliación e o seguimento do Plan de Emprego.

Crear e dinamizar unha mesa ou grupo de traballo no que estean representados os axentes integrados na rede para a planificación intermedia, o seguimento e a avaliación do Plan. Ademais dunha mesa para o seguimento global, poden convocarse mesas específicas de xénero, emprego xuvenil, economía social ou outras que se consideren, convidando aos axentes colaboradores nestas áreas.

Trátase de definir un sistema de seguimento sistemático e continuo de resultados cuantitativos e de periodicidade semestral de cada unha das medidas, e traslado de resultados aos membros do Pacto local para o seu análise e seguimento.

8.4.2. Medida: Habilitar un observatorio, para obter de forma periódica os datos e informes coa información conxuntural e estratéxica sobre a evolución do emprego local e o impacto do Plan, que permita tamén medir o impacto de xénero.

Respecto do emprego xuvenil, considerar, entre outras, a caracterización e medición da precariedade laboral, a emigración xuvenil e a prolongación anormal das situacións de inactividade e dependencia sen participar en procesos de formación. Recoller os datos reais sobre o número de persoas están traballando nun posto por debaixo da súa cualificación.

Incorporar a variable de xénero na xestión de información asociada ao Plan, de modo que se recollan todos os datos desagregados por xénero.

Incorporar indicadores de potenciación de xénero, que permitan observar as variables significativas a respecto das desigualdades existentes entre homes e mulleres.

Seguimento do impacto das liñas de acceso ao emprego, nos aspectos de temporalidade e tempo parcial involuntario.

Detállanse a continuación algúns dos estudos que pode ter interese desenvolver por parte deste observatorio:

Estudo prospectivo sobre as necesidades das empresas locais en materia de perfís profesionais demandados, atendendo singularmente aos posibles nichos de emprego emerxentes. Outorgar ás empresas unha participación directa neste observatorio, para promover o intercambio de información e a xeración de coñecemento estratéxico. Divulgar o resultado destes estudos cara os centros de secundaria, para axudar a unha mellor elección por parte do alumnado.

Estudo sobre a adecuación das titulacións que habilitan para un exercicio profesional ás necesidades do mercado de traballo, en especial ás da FP, e instar ao Concello para que xestione perante a Xunta de Galicia os eventuais axustes que a melloren.

Estudo sobre as capacidades socio-profesionais que conforman o potencial produtivo local, tanto desde o punto de vista das persoas traballadoras como das empresas.

Estudos sobre sectores económicos con potencial para o emprendemento, facilitando os resultados ás persoas que queren buscar unha fórmula de autoemprego.

Estudo a escala local sobre o balance entre a carga fiscal e o retorno en servizos e axudas para negocios autónomos e PEMES e considerar os seus resultados criticamente.

Obxectivo 9

Mellora continua das **competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.**

O equipo técnico encargado do desenvolvemento e posta en funcionamento das medidas que se concreten debe contar con formación actualizada e preparación en materia de orientación, asesoramento e información para o emprego e o emprendemento. Este grupo técnico deberá ser formado especificamente para o proxecto en canto aos obxectivos que se pretenden e contar así mesmo con actualización permanente e ter a posibilidade de ter actividades e encontros con persoal doutros ámbitos para actualización de coñecementos.

Liña de actuación 9.1.

Garantir as **actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social**

precisas para a intervención personalizada

9.1.1. Medida: Accións formativas e posta a disposición de manuais e guías sobre as actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social precisas para a intervención personalizada que caracteriza ás estratexias propostas.

Liña de actuación 9.2.

Formación continua do persoal técnico municipal e do das entidades colaboradoras sobre **emprendemento en xeral e economía social en particular**.

9.2.1. Medida: Promoción da aprendizaxe cooperativa apoiándose na colaboración entre o persoal técnico municipal e das entidades.

Creación dun grupo local de atención ao emprendemento. Seguimento conxunto de todos os servizos vinculados ao emprendemento e optimización dos perfís técnicos, funcionando como unha rede de complementariedade. Detección das necesidades formativas do persoal técnico e promoción da aprendizaxe cooperativa entre elas.

Liña de acción 9.3.

Realización de campañas e accións formativas dirixidas ao persoal municipal, sobre a perspectiva de xénero e a forma de aplicala no desenvolvemento das súas funcións, especialmente naqueles postos nos que as mulleres estean subrepresentadas.

9.3.1. Medida: Organizar accións formativas de tipo obradoiro, con carácter práctico e apegado á realidade do traballo. Impartidas por persoas con perfís próximos aos das persoas formadas, con experiencia concreta nese ámbito de traballo.

9.3.2. Medida: Realizar campañas efectivas, ben enfocadas ao público obxectivo e á situación que se pretende superar.

9.3.3. Medida: Formar para un uso non sexista da linguaxe e das imaxes en todos os elementos informativos e comunicativos do Plan e do departamento de emprego.

Formar ao persoal do departamento de normalización lingüística e incluír no seu traballo de revisión de textos a corrección de elementos de linguaxe discriminatorio, e o seu traslado ás persoas autoras dos textos.

Incorporar cursos de linguaxe non sexista ao programa formativo do conxunto do persoal municipal e, en especial, ao persoal da área de emprego.

Poñer a disposición do persoal municipal guías de linguaxe non sexista que xa existen.

Sensibilizar ao respecto das imaxes estereotipadas nas que se presenta ao home como o maior triunfador e á muller por debaixo deste, para eliminar a súa utilización.

Liña de acción 9.4.

Recollida e divulgación de **boas prácticas**, para facilitar a súa transferencia e replicación.

9.4.1. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de dinamización comunitaria do emprego.

9.4.2. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de emprego xuvenil.

9.4.3. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de igualdade de xénero no emprego.

Outras medidas de interese, condicionadas á posibilidade de obtención de recursos externos aos propios do plan:

Medida: Facilitar aos medios protocolos sobre como abordar as cuestións de xénero no tratamento da información.

Medida: Incluír nos medios espazos de información e debate sobre igualdade de xénero no emprego.

Medida: Creación de contas nas redes sociais, blogue, publicacións mensuais, etc.

PROPOSTAS PARA OUTROS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Recóllense achegas e recomendacións que van máis alá das específicas encamiñadas ao acceso ao emprego e que se corresponden con áreas competenciais doutros departamentos municipais, nomeadamente os de servizos sociais e igualdade.

Como no caso doutras medidas que fomos recollendo ao fío dos diferentes obxectivos, non contan inicialmente con partidas do orzamento, que estarán condicionadas ás que se dispoñan desde os departamentos con competencias ou á posibilidade de obtención de fondos finalistas doutras administracións. De aí que non se incorporen á numeración dos obxectivos, liñas e medidas deste documento.

Obxectivo

Incrementar os niveis de cohesión social no municipio mediante unha estratexia de **Renda de Garantía de Ingresos Mínimos**, conxugada coa estratexia de Tráballo Garantido.

Liña de acción

Implantar a nivel local unha **Renda Municipal de Garantía de Ingresos Mínimos, RMGIM**, como mecanismo de inclusión social compatible coas rendas laborais.

Medida: Deseñar os criterios de acceso e percepción da RMGIM, conceptuándoa como unha ferramenta dos servizos sociais que suple as deficiencias de cobertura e carencias por períodos de tramitación e circunstancias análogas das rendas asociadas á Lei de Inclusión de Galicia.

Medida: Deseñar o protocolo de coordinación da xestión da RMGIM na rede de recursos socio-laborais e dos servizos sociais e o seu soporte en ferramentas e plataformas de xestión e intercambio de información.

Medida: Instituír efectivamente a RMGIM e poñela en funcionamento, garantindo a difusión, a dotación suficiente de fondos e o desenvolvemento dunha avaliación continua.

Liña de acción

Incidir nas Administracións supramunicipais para que adopten unha estratexia de Renda de Garantía de Ingresos Mínimos.

Medida: Coordinar, entre os axentes do pacto local e as forzas políticas con representación municipal, a denuncia das deficiencias de cobertura das rendas asociadas á Lei de Inclusión de Galicia, e a participación e impulso da iniciativa popular de CC.OO. e UXT para implantar unha Renda de Garantía de Ingresos Mínimos a nivel estatal.

Obxectivo

Elaboración de un **Plan de Igualdade Municipal**

O plan debe recoller a análise da realidade e as posibles alternativas que dende o concello se poidan levar a cabo, coa posta en marcha das medidas recollidas na Lei Galega de marzo de 2007, aínda sin deselvolver, e que recolle medidas para mellorar a conciliación e a corresponsabilidade, fundamentais para que as mulleres e homes poidan conciliar vidas laborais, coas persoas e familiares.

Liña de acción

Fomento dun **cambio cultural a respecto da corresponsabilidade** entre homes e mulleres nos traballos de coidados e domésticos.

Medida: Campañas de promoción da corresponsabilidade.

Medida: Promoción de iniciativas públicas e comunitarias que dean resposta ás necesidades de cidadados: comedores comunitarios, servizos de canguros, etc.

Medida: Incorporacións de módulos sobre corresponsabilidade en todas as accións formativas, cunha duración de referencia do 5% das horas totais dos cursos, cun mínimo de 1 hora e un máximo de 10.

Liña de actuación

Fomentar o **coñecemento e actitudes positivas sobre igualdade de xénero** por parte da infancia e a mocidade.

Medida: Obradoiros e dinámicas desde o ensino primario sobre igualdade. Dende moi pequenas, todas as nenas e nenos deberan ter medidas educativas nas que deberían de ensinar a igualdade de xénero.

No eixo da educación para a igualdade manter unha campaña permanente de sensibilización cara a igualdade e a prevención da violencia e a realización de programas para homes en igualdade e corresponsabilidade.

Obxectivo

Promover a inclusión mediante unha **acción concertada dos recursos socio-laborais e dos servizos sociais e de igualdade**.

Liña de acción

Favorecer a **inserción laboral de mulleres que sofren dupla (ou múltiple) discriminación**, mediante accións transversais e específicas.

Medida: Incluír acompañamento social nos itinerarios de emprego, formación e inserción laboral das mulleres en situación de desemprego.

Medida: Reformular os programas de cooperación para a contratación de mulleres en situacións vulnerables e mulleres vítimas de violencia de xénero. Favorecer a acollida (evitar estigmatizar ás mulleres) e dar continuidade aos itinerarios (a temporalidade deses programas, que conducen, cando rematan, a unha situación peor que a inicial).

Liña de acción

Establecemento de **mecanismos conxuntos de seguimento e avaliación** entre as áreas de emprego e servizos sociais.

Medida: Establecer un grupo ou subgrupo de traballo e dinamizar as súas reunións periódicas para o intercambio, o seguimento e a avaliación das medidas dirixidas á cohesión e inclusión social dentro da Estratexia e o Pacto Local polo Emprego.

Medida: Habilitar e compartir unha plataforma en liña para o rexistro e o intercambio de información.

Medida: Caracterizar e medir os colectivos que concretan o desemprego estrutural en Compostela como referencia de planificación intermedia.

Medida: Realizar e divulgar un inventario de boas prácticas, derivado do proceso de avaliación e seguimento da acción coordinada.

Liña de acción

Desenvolver prestacións e **actuacións dos servizos sociais** que dean soporte específico ás **necesidades básicas** das persoas acompañadas nos itinerarios de inserción e das súas familias.

Medida: Desenvolver un plan integral de vivenda para familias con problemas económicos severos a partir da creación dunha bolsa municipal de vivendas en alugueiro.

Medida: Desenvolver un programa de cestas de compra bonificadas para familias con problemas económicos severos.

Medida: Desenvolver servizos e programas de conciliación e apoio para permitir compatibilizar a participación nos programas do Plan e a atención ás obrigas familiares.

Medida: Desenvolver un programa de detección temperá do fracaso escolar, entendéndo un factor que propicia a exclusión do ámbito laboral e a exclusión social.

LIÑAS DE ACTUACIÓN E MEDIDAS. SÍNTESE

SERVIZOS DE APOIO ÁS PERSOAS PARA A CONSECUCIÓN DUN EMPREGO

Obxectivo 1

Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.

- | | |
|--|---|
| 1 Liña de actuación 1.1
Mellorar o coñecemento, a proximidade e a accesibilidade da poboación desempregada aos recursos sociolaborais. | 1.1.1. Medida: Habilitar unha guía sempre actualizada de recursos e servizos, dinámica e dispoñible ao público en xeral, a través de internet. 1 |
| | 1.1.2. Medida: Realizar campañas de divulgación que cheguen á poboación, en particular a aquelas persoas non teñen competencias dixitais ou acceso a internet. 2 que |
| | 1.1.3. Medida: Utilizar diferentes equipamentos como espazos de encontro e información presencial. 3 |
| 2 Liña de actuación 1.2
Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral. | 1.2.1. Medida: Incorporar nos procesos de orientación a construción do proxecto profesional como estratexia metodolóxica para axudar ás persoas no seu desenvolvemento persoal e profesional. 4 |
| | 1.2.2. Medida: Ofrecer programas formativos para o desenvolvemento de diversas competencias especializadas para a xestión da carreira (comunicativas, dixitais, habilidades sociais, de fortalecemento da autoestima e a motivación, profesionais, vinculadas ao emprendemento e á economía social, etc.). 5 |
| | 1.2.3. Medida: Ofrecer asesoramento especializado en materia de acreditación de competencias básicas, competencias clave e certificados de profesionalidade. 6 |
| | 1.2.4. Medida: Desenvolver actuacións nos centros de ensino, para a prevención do fracaso escolar nos derradeiros ciclos educativos e para a adquisición de coñecementos, competencias e habilidades sobre o mundo laboral. 7 |
| 3 Liña de actuación 1.3.
Desenvolver programas de prácticas laborais remuneradas , como ferramenta nos itinerarios de inserción, para acadar competencias profesionais adaptadas á realidade das empresas e iniciarse na experiencia profesional. | 1.3.1. Medida: Diseñar un programa de prácticas remuneradas en empresas, cun sistema de observación e control do cumprimento das condicións pactadas e sen custo para as empresas. Garantir a suficiencia e continuidade cunha dotación de fondos municipais. 8 |

Obxectivo 2

Diminuír a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego.

- | | | | |
|---|---|--|----|
| 4 | Liña de actuación 2.1.
Fomentar a contratación regular das mulleres que están na economía informal , en especial nas actividades de coidados e traballo doméstico. | 2.1.1. Medida: Fomentar o coñecemento da nova lexislación que afecta ás traballadoras e traballadores do fogar. | 9 |
| | | 2.1.2. Medida: Promover a prestación dos servizos domésticos baixo a fórmula de cooperativa de traballo ou semellante, para igualar os dereitos laborais e de desemprego aos da economía normalizada. | 10 |
| 5 | Liña de actuación 2.2.
Promoción de programas singulares de inserción sociolaboral que faciliten a reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares . | 2.2.1. Medida: Estudar e promover as fórmulas dirixidas á reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares. | 11 |
| 6 | Liña de actuación 2.3.
Diminuír a segregación horizontal , favorecendo a incorporación das mulleres a actividades nas que están subrepresentadas. | 2.3.1. Medida: Impulsar a incorporación de mulleres en cursos formación para o emprego ou de reciclaxe naquelas profesións nos que están subrepresentadas, nas que exista maior demanda de emprego e nos sectores emerxentes. | 12 |

EMPREGO PÚBLICO E COMPRA PÚBLICA ÉTICA

Obxectivo 3

Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.

- | | | | |
|---|--|---|-------|
| 7 | Liña de actuación 3.1.
Consolidar prácticas de contratación por parte do Concello , potenciando o seu papel como xerador directo de emprego e exemplificando a asunción dos principios e orientacións xerais do plan. | 3.1.1. Medida: Estudar as posibilidades de xeración de emprego público municipal apoiadas na recuperación xestión directa de servizos actualmente en réxime de concesión ou análogo. | 13 da |
| 8 | Liña de actuación 3.2.
Realizar unha política de emprego público con perspectiva de xénero . | 3.2.1. Medida: Asegurar a composición paritaria nos tribunais das convocatorias municipais de acceso. Participación de persoal do departamento de Igualdade nos procesos de selección para contratacións municipais, sempre que sexa posible, para asegurar un trato igualitario a homes e mulleres. | 14 |
| | | 3.2.2. Medida: Actualización e impulso formativo con respecto aos módulos relativos á igualdade de xénero, igualdade de trato e oportunidades e contra a violencia de xénero dos temarios de oposición para os procesos de selección do Concello. | 15 |

- 9 **Liña de actuación 3.3.**
Desenvolver unha estratexia de Emprego Protexido como mecanismo específico de inclusión laboral e social das persoas en risco de exclusión. **3.3.1. Medida:** Promover a creación de Empresas de Inserción e centros especiais de emprego de titularidade social e/ou municipal. 16
- 10 **Liña de actuación 3.4.**
 Impulsar unha estratexia de **emprego garantido**. **3.4.1. Medida:** Crear emprego municipal directo a través dun programa de Emprego Garantido dirixido a persoas en situación de desemprego e contemplado como fórmula transitoria cara unha inserción laboral normalizada. 17
- 3.4.2. Medida:** Estudar as posibilidades normativas e funcionais da reorientación dos fondos destinados á promoción do emprego para potenciar o Emprego Garantido en Galicia. 18

Obxectivo 4

Incidir na consecución dun **emprego máis igualitario e inclusivo** a través da contratación externa e incrementar o peso da economía social, o emprego protexido e o terceiro sector nesta **contratación pública**.

- 11 **Liña de actuación 4.1.**
Incorporar cláusulas sociais, criterios de compra ética e reservas de mercado na contratación por parte do Concello. **4.1.1. Medida:** Ampliar o contido das cláusulas sociais nos contratos municipais en diversos sentidos: primando a xeración de emprego de calidade, os criterios de sustentabilidade e igualdade de xénero nas prácticas das empresas; o encadre destas en formas de economía social, así como a colaboración destas no Plan, singularmente en canto acollan persoas en risco de exclusión. 19
- 4.1.2. Medida:** Reserva de contratación pública do 3% ao 5% a empresas de inserción e centros especiais de emprego. 20

COLABORACIÓN E COMPROMISO CÍVICO DAS EMPRESAS

Obxectivo 5

Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.

- 12 **Liña de actuación 5.1.**
 Incorporar un repertorio efectivo de **procedementos de mediación**, de xeito que a rede e a Axencia Local de Colocación adquiran maior capacidade para achegar demandantes de emprego que satisfagan as ofertas, garantindo a adecuación recíproca entre persoas e postos. **5.1.1. Medida:** Incorporar servizos de intermediación á medida das necesidades das pequenas e medianas empresas e dos negocios individuais. 21
- 5.1.2. Medida:** Crear espazos de encontro entre responsables de empresas, instancias asinantes do Pacto Local de Emprego e Administracións para propor e estudar estratexias e medidas de colaboración. 22
- 5.1.3. Medida:** Crear e fomentar espazos de encontro entre demandantes de emprego e empresas, como o Foro de Emprego. 23

13	Liña de actuación 5.2. Desenvolver estratexias específicas de inserción en virtude da responsabilidade social das empresas , incentivándoas e implicándoas a un tempo na capacitación profesional das persoas desempregadas e na consecución do acceso á primeira experiencia laboral.	5.2.1. Medida: Fomentar a participación das empresas nos programas de prácticas para persoas usuarias da rede participantes en procesos de formación.	24
		5.2.2. Medida: Establecer un sistema de incentivos á contratación polas empresas das persoas participantes programa de emprego protexido e de emprego garantido, con atención específica ás empresas do sector turístico.	25 no
14	Liña de actuación 5.3. Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas en virtude da súa responsabilidade social , especialmente nas Pemes e nos negocios individuais autónomos.	5.3.1. Medida: Ofrecer apoio e asesoramento para a promoción da mellora das condicións de contratación e traballo, así como de cualificación das persoas empregadas, propóndoas como investimento en capital humano e non como custo, con especial atención aos colectivos nos que aquela é menor, as persoas traballadoras novas e as mulleres.	26
		5.3.2. Medida: Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas turísticas, en virtude da súa responsabilidade social.	27
15	Liña de actuación 5.4. Contribuír á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.	5.4.1. Medida: Creación dunha Rede de empresas pola excelencia en igualdade entre mulleres e homes para avanzar no recoñecemento e visibilización do seu traballo, ofrecer exemplo e organizar o intercambio de boas prácticas.	28
		5.4.2. Medida: Ofrecer un servizo de asesoramento técnico a empresas para a implantación de plans de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e plans de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.	29
		5.4.3. Medida: Impulso de modelos de selección de persoal non discriminatorios, como os curriculums ou campañas de sensibilización e protocolos áxiles para a busca de profesionais a través de redes informais, que incidan na toma en consideración de mulleres, así como das persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, etc.	30 cegos
		5.4.4. Medida: Apoiar financeiramente a realización de prácticas en empresas por parte de mulleres con titulación universitaria, para realizar accións de mellora da empresa. Ditas prácticas, e as propias empresas, estarán titorizadas por persoal externo, con experiencia en mellora empresarial, que ademais velará por garantir un tipo de actividades acordes á titulación.	31
		5.4.5. Medida: Incentivar a contratación de mulleres en postos de responsabilidade. Elaboración e difusión de ferramentas dirixidas aos axentes económicos e sociais, para que promovan unha maior participación das mulleres nos seus órganos de decisión, rompendo así coas barreiras socioculturais que frean o acceso das mulleres a postos de responsabilidade.	32
16	Liña de actuación 5.5. Desenvolver unha política de comunicación e mercadotecnia para atraer e distinguir ás empresas colaboradoras cos obxectivos do Plan Local de Emprego, premiando así a súa responsabilidade social empresarial.	5.5.1. Medida: Crear unha imaxe de marca de colaboración nos obxectivos do Pacto Local polo Emprego.	33
		5.5.2. Medida: Estudar a posibilidade dun distintivo con puntuacións en diferentes dimensións (igualdade, ecoloxía, condicións laborais...) que favoreza a divulgación e poña en valor ás entidades de economía social e as que atenden a obxectivos sociais.	34

FOMENTO DO EMPRENDEMENTO CON ESPECIAL INCIDENCIA NA ECONOMÍA SOCIAL

Obxectivo 6

Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro á persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.

- | | | | |
|----|--|---|------|
| 17 | Liña de actuación 6.1.
Facer valer a importancia da economía social e o emprego protexido e as súas utilidades para as diferentes persoas, impulsando a súa visibilización, o consumo responsable e o comercio xusto e fomentando a cultura da solidariedade local. | 6.1.1. Medida: Organizar unha Feira anual da economía social, aberta á cidadanía, para dar a coñecer os produtos e servizos destas entidades. | 35 |
| | | 6.1.2. Medida: Organizar feiras descentralizadas nos barrios, con entidades de economía social e colaborativa, para a promoción do consumo responsable. | 36 |
| | | 6.1.3. Medida: Programas de dinamización do emprego a través do asociacionismo de base veciñal e comunitaria. | 37 |
| 18 | Liña de actuación 6.2.
Fomentar o coñecemento e a valoración do emprendemento en xeral e da economía social por parte da infancia e a mocidade. | 6.2.1. Medida: Desenvolver nos centros de ensino dos diferentes niveis educativos obradoiros de emprendemento dinámicos e lúdicos, para presentar o autoemprego como unha opción de desenvolvemento profesional, dando protagonismo á economía social. | 38 |
| | | 6.2.2. Medida: Intensificar a adquisición de competencias básicas para o emprendemento na formación para emprego e na formación profesional regrada. | 39 o |

Obxectivo 7

Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.

- | | | | |
|----|---|---|----|
| 19 | Liña de actuación 7.1.
Prestar servizos de asesoramento e formación que atendan a todas as fases, desde a dinamización de grupos e ideas ata a consolidación dos proxectos. Ditos programas deben ser estables e continuados no tempo. | 7.1.1. Medida: Reforzar os servizos de acompañamento para os proxectos de emprendemento, desde a fase inicial de dinamización de ideas emprendedoras, ata o estudo da viabilidade, a xestión directa dos trámites de constitución e posta en marcha e o asesoramento durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial. | 40 |
| | | 7.1.2. Medida: Fomento e apoio á creación e mantemento de redes de mulleres emprendedoras, que sirvan de apoio ás súas iniciativas empresariais e fomenten o intercambio de experiencias. | 41 |
| | | 7.1.3. Medida: Diseñar itinerarios e servizos de apoio específicos ao emprendemento que está vinculado a situacións de crise e extrema necesidade, como os peches de empresas. | 42 |
| 20 | Liña de actuación 7.2.
Facilitar o acceso aos recursos económicos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. Habilitar e canalizar incentivos e acceso a financiamento para comezar. | 7.2.2. Medida: Facilitar o acceso a microcréditos para o emprendemento, dando prioridade ás entidades de finanzas éticas. | 43 |
| | | 7.2.3. Medida: Posta en marcha de fondos de promoción pública, para avais e pequenos créditos, así como sistemas de asistencia técnica en materia de financiamento. | 44 |
| | | 7.2.4. Medida: Xanela única de información sobre financiamento para proxectos emprendedores. | 45 |

- 21 **Liña de actuación 7.3.**
Facilitar o acceso a locais e outro tipo de recursos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. **7.3.1. Medida:** Acceso a un banco de recursos e servizos a custo mínimo durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial, incluídos locais. 46

REDE DE AXENTES, COORDINACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN

Obxectivo 8

Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha **rede local de recursos socio-laborais**.

- 22 **Liña de actuación 8.1.**
Ampliar a participación do **tecido cívico** e das **entidades representativas da economía social** no desenvolvemento do Plan Local de Emprego.
- 8.1.1. Medida:** Ofrecer a posibilidade a todo tipo de entidades de iniciativa social, en especial ao movemento veciñal, de colaborar coas medidas do Plan neste ámbito, na súa divulgación, na detección de necesidades e problemáticas, na captación de persoas usuarias e proporcionando apoio social informal, entre outras. 47
- 8.1.2. Medida:** Convidar á colaboración na rede a todas as organizacións locais que traballen con persoas menores de 30 anos: centros de ESO e FP (a través dos departamentos de orientación), asociacións xuvenís, etc. Colaborar con estes axentes intermedios para que canalicen información e recursos de carácter sociolaboral cara á xente nova. 48
- 8.1.3. Medida:** Ofrecer a posibilidade ás asociacións representativas das cooperativas, as sociedades laborais e o sector asociativo da economía social a colaborar coas medidas do Plan neste ámbito. 49
- 23 **Liña de actuación 8.2.**
Impulsar a coordinación, o **traballo en rede** e os **instrumentos de xestión colaborativa**.
- 8.2.1. Medida:** Creación de espazos de encontro presenciais e virtuais para a cooperación entre o persoal técnico das distintas Administracións e entidades que traballan no apoio ao emprego, o autoemprego, a economía social e colaborativa e todos os ámbitos recollidos neste plan. 50
- 8.2.2. Medida:** Habilitar un sistema integrado de rexistro de información das actividades do Plan, de uso común para todos os axentes. Incorpora, así mesmo, un Censo Municipal de Activación Laboral, CEMAL, para a inscrición de todas as persoas que desexen acollerse ás actuacións do Plan. 51
- 8.2.3. Medida:** Promover a coordinación entre os recursos socio-laborais integrados na rede e os dependentes da Xunta de Galicia e da Administración periférica do Estado que actúan no nivel local. 52
- 24 **Liña de actuación 8.3.**
Establecemento dun protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais, que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción.
- 8.3.1 Medida:** Incorporar aos servizos sociais á rede de axentes do pacto local, para o traballo con grupos en risco de exclusión. 53
- 8.3.2. Medida:** Establecer protocolos de coordinación nos que se identifique o papel dos diferentes axentes. Establecer os termos formais do acceso das persoas usuarias á acción combinada destas áreas. 54
- 8.3.3. Medida:** Harmonizar as diferentes fontes de financiamento coas que contan os diferentes departamentos e axentes, para a súa optimización. 55

	8.2.4. Medida: Dar prioridade na atención ás persoas de fogares onde ningún membro ten emprego.	56
25 Liña de actuación 8.4.		
Realizar un proceso de seguimento e avaliación do plan , coa participación dos axentes e que incorpore sistemas de obtención e análise dos indicadores relevantes.	8.4.1. Medida: Establecer espazos de participación para a avaliación e o seguimento do Plan de Emprego.	57
	8.4.2. Medida: Establecer protocolos de coordinación nos que se identifique o papel dos diferentes axentes. Establecer os termos formais do acceso das persoas usuarias á acción combinada destas áreas.	58
Obxectivo 9		
Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.		
26 Liña de actuación 9.1.		
Garantir as actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social precisas para a intervención personalizada.	9.1.1. Medida: Accións formativas e posta a disposición de manuais e guías sobre as actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social precisas para a intervención personalizada que caracteriza ás estratexias propostas.	59
27 Liña de actuación 9.2.		
Formación continua do persoal técnico municipal e do das entidades colaboradoras sobre emprendemento en xeral e economía social en particular.	9.2.1. Medida: Promoción da aprendizaxe cooperativa apoiándose na colaboración entre o persoal técnico municipal e das entidades.	60
28 Liña de acción 9.3.		
Realización de campañas e accións formativas dirixidas ao persoal municipal, sobre a perspectiva de xénero e a forma de aplicala no desenvolvemento das súas funcións, especialmente naqueles postos nos que as mulleres estean subrepresentadas.	9.3.1. Medida: Organizar accións formativas de tipo obradoiro, con carácter práctico e apegado á realidade traballo. Impartidas por persoas con perfís próximos aos das persoas formadas, con experiencia concreta nese ámbito de traballo.	61 do
	9.3.2. Medida: Realizar campañas efectivas, ben enfocadas ao público obxectivo e á situación que se pretende superar.	62
	9.3.3. Medida: Formar para un uso non sexista da linguaxe e das imaxes en todos os elementos informativos e comunicativos do Plan e do departamento de emprego.	63 e
29 Liña de acción 9.4.		
Recollida e divulgación de boas prácticas , para facilitar a súa transferencia e replicación.	9.4.1. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de dinamización comunitaria do emprego.	64
	9.4.2. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de emprego xuvenil.	65
	9.4.3. Medida: Recoller e divulgar boas prácticas en materia de igualdade de xénero no emprego.	66

FICHAS POR OBJECTIVOS

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.1 Mellorar o coñecemento, a proximidade e a accesibilidade da poboación desempregada aos recursos sociolaborais.
MEDIDA 1.1.1.	Habilitar unha guía sempre actualizada de recursos e servizos, dinámica e dispoñible ao público en xeral, a través de internet.
Descrición	A guía incorpora os recursos e servizos de todos os membros do Pacto local: programas, accións, servizos, ofertas de emprego... Incorpora apartados específicos segundo o perfil das persoas usuarias, como a mocidade, as empresas.... Conta con espazos virtuais interactivos e incorpora instrumentos de divulgación como as redes sociais, boletíns de periodicidade semanal e outros. Revisión periódica e continua da guía para mantela activa e publicada na web da Axencia Local de Colocación
Obxectivos específicos	Por en coñecemento os recursos sociolaborais das diferentes entidades locais, para un maior aproveitamento por parte dos usuarios/as.
Persoas destinatarias	Persoas desempregadas ou en mellora de emprego.
Entidades que desenvolven a medida	Membros do pacto local: Concello, sindicatos , cámara de comercio.....
Indicadores de seguimento e de impacto	De seguimento: Número de entidades e persoas participantes. Número de consultas da web. De impacto: Número de novas actividades en materia de recursos laborais por parte das entidades locais.
Temporización	Ao longo do Plan de Emprego, creación no 2016 e actualizacións ata o 2020.
Orzamento	Fondos propios: 30.000 Outras administracións:120.000 Quendas: 2016-2020

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.1 Mellorar o coñecemento, a proximidade e a accesibilidade da poboación desempregada aos recursos sociolaborais.
MEDIDA 1.1.2	Realizar campañas de divulgación que cheguen á poboación, en particular a aquelas persoas que non teñen competencias dixitais ou acceso a internet
Descrición	Deseñar campañas específicas, como o impulso da obtención de certificación de competencias profesionais, ou campañas xerais para dar a coñecer o conxunto dos recursos para un determinado perfil. Información continuada dos recursos a través da Axencia Local de Colocación, o servizo de Orientación Laboral e a Rede CEMIT
Obxectivos específicos	Mellorar o coñecemento dos recursos sociolaborais. Incrementar o nivel de formación e capacitación, aumentando así a empregabilidade.
Persoas destinatarias	Persoas demandantes de emprego, en particular as que non teñen competencias dixitais ou acceso a internet.
Entidades que desenvolven a medida	Concello e entidades colaboradoras do pacto.
Indicadores de seguimento e de impacto	Indicadores de seguimento: Número de actividades. Número de participantes. Valoración por parte das persoas participantes.
Temporización	Realización de campañas de divulgación ao longo de todo o plan de Emprego, con realización anual dunha memoria que reflecta as accións realizadas.
Orzamento	Fondos propios: 25.000 Outras administracións:100.000 Quendas: 2016-2020

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.1 Mellorar o coñecemento, a proximidade e a accesibilidade da poboación desempregada aos recursos sociolaborais.
MEDIDA 1.1.3	Utilizar diferentes equipamentos como espazos de encontro e información presencial.
Descrición	O edificio Cersia, os centros socioculturais do Concello, a Casa da Xuventude, os espazos propios das entidades cívicas, nomeadamente asociacións xuvenís e veciñais, e os centros educativos, singularmente en conexión coa materia FOL na Formación profesional. Difusión do Boletín Semanal de ofertas de emprego en papel impreso nos centros públicos de titularidade municipal
Obxectivos específicos	Facilitar a proximidade e accesibilidade a poboación desempregada dos recursos sociolaborais.
Persoas destinatarias	Persoas desempregadas.
Entidades que desenvolven a medida	Entidades participantes no plan de emprego, centros socioculturais e centros educativos. Colaboración con empresas.
Indicadores de seguimento e de impacto	Elaborar unha memoria anual coa ocupación dos diferentes centros que participan no proxecto. Realizar un seguimento ao longo do plan de emprego.
Temporización	Ao longo do plan de emprego.
Orzamento	Fondos propios: 25.000 Outras administracións: 0,00 Quendas: 2016-2020

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.2 Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral.
MEDIDA 1.2.1.	Incorporar nos procesos de orientación a construción do proxecto profesional como estratexia metodolóxica para axudar ás persoas no seu desenvolvemento persoal e profesional.
Descrición	Asesoramento e acompañamento no proceso de inserción, que se apoia en diferentes accións en función das características de cada persoa. A través do Servizo de Orientación Laboral e Técnicos de emprego levaránse a cabo procesos tales como: -Dotar das habilidades e destrezas comunicativas, sociais e culturais, que lles permitan afrontar con autonomía o seu proceso de integración social e laboral. -Permitir, identificar e situar mellor as súas competencias no mercado de traballo, a través da adaptación do seu proceso formativo ás demandas e necesidades do contexto laboral. -Facilitar os coñecementos necesarios sobre a realidade socio-económica da comarca na que vive. -Proporcionar as estratexias e habilidades tanto para a búsqueda de emprego, como para o mantemento do mesmo. -Acercar as novas tecnoloxías da comunicación e información para o uso das súas potencialidades nos procesos de inserción laboral. -Deseñar accións que contemplan especificamente a perspectiva de Xénero e a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes. -Motivar, autoafirmar e fomentar unha proxección positiva cara ao futuro. Inclúense aquí programas que inclúen acompañamento como os Programas integrados ou Obradoiros de emprego
Obxectivos específicos	Garantir a accesibilidade da poboación desempregada aos diferentes servizos, para acadar a inserción laboral. Incrementar un 15% a inserción laboral, cada ano.
Persoas destinatarias	Persoas desempregadas, prestando especial atención aos colectivos en risco de exclusión social.
Entidades que desenvolven a medida	Integrantes do pacto local polo emprego.
Indicadores de seguimento e de impacto	Indicadores de seguimento: participantes en itinerarios por ano, número de persoas que acadan a inserción laboral. Incrementar a inserción cada ano: -Un 15% no 2016 , ata acadar un 75% no 2020.
Temporización	Duración do plan polo emprego, empezando no 2016 ata 2020.
Orzamento	Fondos propios: 180.000 Outras administracións:72.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.2 Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral.
MEDIDA 1.2.2	Ofrecer programas formativos para o desenvolvemento de diversas competencias especializadas para a xestión da carreira (comunicativas, dixitais, habilidades sociais, de fortalecemento da autoestima e a motivación, profesionais, vinculadas ao emprendemento e á economía social, etc....
Descrición	Os diferentes programas poden ser empregados en cada itinerario en función das necesidades individuais detectadas e dos requirimentos dos postos, para favorecer a inserción laboral por conta allea ou a través do autoemprego. Inclúense aquí ofertas formativas como: <ul style="list-style-type: none"> • Programa Integrado de Emprego • Programas como Urbana Norte • Formación transversal AFD • Formación propia • Formación en competencias transversais • Obradoiros de emprego
Obxectivos específicos	Hai que ter en conta os diversos colectivos e adaptar os programas ás necesidades dos grupos máis vulnerables. Proceso de experimentación e innovación, con procesos grupais de inserción ou emprendemento, creación de grupos xuvenís informais susceptibles de desenvolver experiencias pre-laborais, programas de mobilidade para coñecer outras experiencias de emprendemento, etc.
Persoas destinatarias	Mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, inmigrantes, etnias minoritarias, maiores de 45....
Entidades que desenvolven a medida	Pacto local polo emprego
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de usuarios/as participantes. Grao de satisfacción dos usuarios/as e do profesorado. Medida do coñecemento e valoración das opcións de autoemprego ,economía social,....., antes e despois da actividade.
Temporización	Actividades a realizar durante o ano, iniciándose 2016-2017, e prolongándose durante cinco edicións ata 2020-2021.
Orzamento	Fondos propios: 20.000 Outras administracións: 80.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.2 Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral.
MEDIDA 1.2.3	Ofrecer asesoramento especializado en materia de acreditación de competencias básicas, competencias clave e certificados de profesionalidade.
Descrición	Para acceder aos cursos de Certificado de Profesionalidade exíxese unha determinada titulación académica. No caso de non poseer dita titulación pódese acceder se se demostra o correspondente nivel en competencias clave (lingua castelá, matemáticas, lingua galega..). Os Certificados de Profesionalidade poden ser de varios niveis. Nivel 1 (competencias profesionais básicas), de Nivel 2 (competencias profesionais técnicas) e de Nivel 3 (competencias técnicas superiores). Garantir e potenciar a obtención de certificados de profesionalidade dos niveis 1 e 2 para dotar así de cualificación ao colectivo que non accedeu a unha cualificación profesional básica, adaptando o enfoque deses certificados ás necesidades dos postos de traballo. Formación a cargo do equipo técnico dos membros do Pacto e a Axencia Local de Colocación en materia de competencias clave en virtude das convocatorias presentadas pola autoridade competente
Obxectivos específicos	Aumentar a empregabilidade dos colectivos con menor formación. Incrementar un 10% cada ano as persoas que se presentan a competencias clave. Acadar un incremento anual do 5% de persoas que se presentan a acreditación de certificados de profesionalidade.
Persoas destinatarias	Persoas que levan traballando, en diversos sectores, sen titulación adecuada ao posto. Persoas que non ten estudos ou son moi baixos, para aumentar a súa formación e mellorar así a súa empregabilidade, para unha maior inserción laboral.
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do pacto local polo emprego .
Indicadores de seguimento e de impacto	Memoria anual donde se recollan os cursos organizados para acreditar competencias clave polas diferentes entidades e xornadas de información sobre acreditación certificados profesionalidade.
Temporización	Empezando no 2016 ata 2020, ata acadar un incremento do 50%, no número de persoas que se presentan a competencias clave e un 25% no número de persoas que se presentan a certificados de profesionalidade.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.2 Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral.
MEDIDA 1.2.4	Desenvolver actuacións nos centros de ensino, para a prevención do fracaso escolar nos derradeiros ciclos educativos e para a adquisición de coñecementos, competencias e habilidades sobre o mundo laboral
Descrición	Fomento da participación dos centros de ensino de Santiago de Compostela nos diferentes programas para detección do fracaso escolar dos diferentes niveis educativos, desde primaria ata ESO, bacharelato, formación profesional. Reforzo de ditos programas con actividades propias, crear formación específica que lle aumente as competencias profesionais. Dar a coñecer a Axencia Local de Colocación e o seu labor a hora de informar e asesorar en materia de emprego lodo de rematados os estudos Ofrecer unha visión das saídas profesionais máis demandadas Ofertar desde a Axencia Local de Colocación en colaboración cos membros do Pacto información sobre os requisitos máis demandados polas empresas nomeadamente de Santiago e comarca
Obxectivos específicos	Frear o fracaso escolar e mellorar as competencias profesionais da mocidade. Acadar un descenso do 5% no fracaso escolar, cada ano.
Persoas destinatarias	Alumnado dos derradeiros niveis formativos regrados, dos centros de Santiago de Compostela.
Entidades que desenvolven a medida	Concello en colaboración con centros de ensino.
Indicadores de seguimento e de impacto	Memoria anual coas accións realizadas, formación, asesoramento..... Número de alumnado participante, diferenciando segundo os niveis. Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado.
Temporización	No 2016 por en marcha o programa en colaboración cos diferentes centros de ensino, elaborando un grupo de contraste. Identificación das necesidades. 2016-2020: incorporación de novos recursos e elaboración doutros, en función da actualización de necesidades. 2018-2020: actividades de difusión de resultados.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 1 Mellorar a empregabilidade das persoas poñendo en marcha procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 1.3 Desenvolver programas de prácticas laborais remuneradas, como ferramenta nos itinerarios de inserción, para acadar competencias profesionais adaptadas á realidade das empresas e iniciarse na experiencia profesional
MEDIDA 1.3.1	Deseñar un programa de prácticas remuneradas en empresas, cun sistema de observación e control do cumprimento das condicións pactadas e sen custo para as empresas. Garantir a suficiencia e continuidade cunha dotación de fondos municipais.
Descrición	Trátase de atender á necesidade de incorporación ao traballo; estas persoas poden ser un activo para a mellora empresarial de pequenas empresas locais, a través dun apoio e titorización externa por parte de profesionais con traxectoria nos aspectos de mellora empresarial que se precisen en cada caso. A secuencia dos traballos é a seguinte. - Traballos preparatorios para a definición do programa, os criterios de selección e as ferramentas de comunicación polo departamento Técnico da Axencia Local de Colocación - Lanzamento do programa para a captación de empresas, seguido dun proceso de selección das mesmas coordinado pola Axencia Local de Colocación e contando coa participación de todos os membros do pacto - Lanzamento da oferta de postos en prácticas. Inclúe a descrición dos perfís preferentes, en función das necesidades das empresas nomeadamente através das ferramentas web e redes sociais establecidas pola Axencia Local de Colocación - Desenvolvemento dun programa formativo e prácticas como é o caso dos Programas Integrados de Emprego - Avaliación final e presentación de apoios para a contratación das persoas en prácticas.
Obxectivos específicos	Aumentar as competencias profesionais para a súa incorporación ao mercado laboral. Favorecer a implantación de plans de mellora empresarial que fortalezcan ás pequenas empresas locais.
Persoas destinatarias	Persoas desempregadas con pouca experiencia laboral. Empresas locais.
Entidades que desenvolven a medida	É preciso fomentar a incorporación de todas as entidades e institucións públicas aos servizos de bolsas de prácticas de FP e Fundación Universidade; tamén as empresas.
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguemento e control externo respecto da remuneración e efectividade das prácticas: número de persoas e empresas participantes. Avaliación. De impacto: número de persoas que se incorporan ao mercado laboral nos 6 e 12 meses seguintes á realización das prácticas. Avaliación.
Temporización	2016: traballos preparatorios e lanzamento da primeira bolsa de prácticas para o período de outubro a xuño. Nova bolsa nos seguintes períodos de outubro a xuño, ata un total de catro edicións.
Orzamento	Fondos propios: 60.000 Outras administracións: 240.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 2 Diminuí a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 2.1 Fomentar a contratación regular das mulleres que están na economía informal, en especial nas actividades de coidados e traballo doméstico.
MEDIDA 2.1.1	Fomentar o coñecemento da nova lexislación que afecta ás traballadoras e traballadores do fogar
Descrición	O réxime especial de cotización do traballo no fogar non contempla os mesmos dereitos que o réxime xeral, sobre todo no referente ao subsidio de desemprego. Información e sensibilización sobre a desprotección de dereitos sociais que leva a economía mergullada, como traballo irregular vinculado maioritariamente ás mulleres.
Obxectivos específicos	Creación dun servizo de facilitación dos trámites para a contratación. Poñer en valor as tarefas doméstico-familiares no marco dunha nova cultura dos traballos, así como a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Mellorar as condicións laborais das mulleres que traballan na prestación de servizos domésticos no fogar, cun impacto directo nun mínimo de 10 mulleres no primeiro ano, con potencial multiplicador nos anos seguintes, ata un mínimo de 100 mulleres en 2020. Acadar para elas unha cotización e dereitos laborais semellantes aos de calquera outra actividade profesional. Asesoramento personalizado por parte do Persoal Técnico de Emprego e Orientadoras/es Laborais
Persoas destinatarias	Persoas que traballan en servizos domésticos, en especial as que estean na economía informal ou baixo condicións contractuais e de seguridade social non homologadas ás de calquera outra actividade profesional.
Entidades que desenvolven a medida	Concello e entidades do pacto local polo emprego.
Indicadores de seguimento e de impacto	Indicadores de seguimento: número de persoas participantes nas actividades, que reúnan as condicións de perfil de destinatarias. Alcance da campaña de difusión: número de persoas ás que chega a campaña. Indicadores de impacto: número de persoas que homologan as súas condicións laborais e de cotización ás de calquera outra actividade
Temporización	2016-2020: desenvolvemento das actividades de información e sensibilización. Memoria anual coas actividades desenroladas.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 2 Diminuír a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 2.1. Fomentar a contratación regular das mulleres que están na economía informal, en especial nas actividades de coidados e traballo doméstico.
MEDIDA 2.1.2.	Promover a prestación dos servizos domésticos baixo a fórmula de cooperativa de traballo ou semellante, para igualar os dereitos laborais e de desemprego aos da economía normalizada.
Descrición	O réxime especial de cotización do traballo no fogar non contempla os mesmos dereitos que o réxime xeral, sobre todo no referente ao subsidio de desemprego. Para normalizar a situación deste traballo, que ocupa de forma moi maioritaria ás mulleres, propónse fomentar a creación de cooperativas ou sociedades laborais a través das cales as persoas coticen polo réxime xeral. Polo tanto, trátase de impulsar a creación dunha ou varias entidades de economía social, a través dos seguintes instrumentos: - Impulso dun grupo de traballo para lanzar o proxecto. Convocatoria ás persoas que traballan no fogar, para a presentación da idea e a conformación dun grupo motor en torno á mesma. - Apoio na difusión para a atracción de persoas ao proxecto, e tamén para a sensibilización de cara ás persoas empregadoras, sobre a necesidade de igualar os dereitos laborais deste traballo. Realización, polo tanto, dunha campaña informativa. - Asesoramento e apoio no proceso de maduración e estudo de viabilidade, que se desenvolve incorporando tamén contidos formativos, para as persoas promotoras da idea. - Canalización cara os recursos de acompañamento nos trámites e nos primeiros anos de consolidación da iniciativa. Asesoramento persoalizado por parte do Persoal Técnico de Emprego e Orientadoras/es Laborais
Obxectivos específicos	Mellorar as condicións laborais das mulleres que traballan na prestación de servizos domésticos no fogar, cun impacto directo nun mínimo de 10 mulleres no primeiro ano, con potencial multiplicador nos anos seguintes, ata n mínimo de 100 mulleres en 2020. Acadar para elas unha cotización e dereitos laborais semellantes aos de calquera outra actividade profesional.
Persoas destinatarias	Persoas que traballan en servizos domésticos, en especial as que estean na economía informal ou baixo condicións contractuais e de seguridade social non homologadas ás de calquera outra actividade profesional.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago de Compostela, Asociación Plataforma polo Emprego, UGACOTA, AESGAL.
Indicadores de seguimento e de impacto	Indicadores de seguimento: número de persoas participantes nas actividades, que reúnan as condicións de perfil de destinatarias. Alcance da campaña de difusión: número de persoas ás que chega a campaña. Indicadores de impacto: número de persoas que homologan as súas condicións laborais e de cotización ás de calquera outra actividade, a través de entidades de economía social.
Temporización	2016: impulso do grupo promotor inicial, campaña divulgativa e constitución da entidade. 2017-2020: consolidación e crecemento da entidade ou entidades de economía social creadas.
Orzamento	Actividades formativas, de asesoramento e acompañamento: 6.500,00 € Campaña de captación e sensibilización: 5.000,00 € Total: 11.500,00 € + IVE = 13.915,00 €

OBXECTIVO	Obxectivo 2 Diminuía a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 2.2 Promoción de programas singulares de inserción sociolaboral que faciliten a reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares
MEDIDA 2.2.1	Estudar e promover as fórmulas dirixidas á reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares
Descrición	Promover programas que favorezan o desempeño de determinadas ocupacións, basándose nas súas capacidades. Actualización de coñecementos, realizando cursos de reciclaxe . Potenciar e favorecer procesos de acreditación de competencias profesionais.
Obxectivos específicos	Aumentar a empregabilidade para poder incorporarse de novo ao mercado laboral. Poñer en valor o coidado de familiares no marco dunha nova cultura dos traballos, así como a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Formación através de Programas Integrados de Emprego, cursos de AFD, programas experimentais/integrados, formación en capacitación paras as cometencias clave
Persoas destinatarias	Persoas que estiveran coidando familiares, que son maioritariamente mulleres.
Entidades que desenvolven a medida	Concello e entidades do pacto polo emprego.
Indicadores de seguimento e de impacto	De seguimento: número de persoas participantes e resultados da avaliación De impacto: número de persoas que se incorporan ao mercado laboral nos 6 e 12 meses seguintes á realización das actividades.
Temporización	Comezo no 2016, cunha incorporación laboral do 10%. Incremento anual ata o 2020 cunha incorporación total do 50% ao longo do plan de emprego.
Orzamento	Fondos propios: 30.000 Outras administracións: 120.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 2 Diminuí a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 2.3 Diminuír a segregación horizontal, favorecendo a incorporación das mulleres a actividades nas que están subrepresentadas
MEDIDA 2.3.1	Impulsar a incorporación das mulleres en cursos formación para o emprego ou de reciclaxe naquelas profesións nos que están subrepresentadas, nas que exista maior demanda de emprego e nos sectores emerxentes.
Descrición	Complementar o itinerario formativo cun itinerario de inserción, a través de prácticas en empresas con titorización externa. Como é Programa Integrado de Emprego; Obradoiros de Emprego, AFD con especial incidencia na selección de mulleres especialmente en aquelas profesións nas que se vexan subrepresentadas
Obxectivos específicos	Aportar axudas, incentivos e subvencións ás empresas que contraten ás mulleres, unha vez finalizadas as prácticas. Incremento de contratación de mulleres do 5% anual nas ocupacións que están subrepresentadas.
Persoas destinatarias	Homes e mulleres en igualdade de xénero
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do pacto local polo emprego en colaboración con empresas.
Indicadores de seguimento e de impacto	Memoria anual coa formación realizada polas diferentes entidades. Seguemento das mulleres contratadas nesas ocupacións.
Temporización	2016: posta en marcha do programa, cun incremento do 5%. 2017-2020: incremento total do 25% de contratación de mulleres nesas ocupacións.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 3.1 Consolidar prácticas de contratación por parte do concello, potenciando o seu papel como xerador directo de emprego e exemplificando a asunción dos principios e orientacións xerais do plan
MEDIDA 3.1.1	Estudar as posibilidades de xeración de emprego público municipal apoiadas na recuperación da xestión directa de servizos actualmente en réxime de concesión ou análogo
Descrición	Propostas dirixidas a orientar a acción municipal para a consecución dunha maior inserción laboral e unha maior calidade no emprego, respetando o principio de igualdade de oportunidade e de xénero.
Obxectivos específicos	Garantir a igualdade e favorecer a inclusión social dos colectivos con maiores dificultades. Incorporar cláusulas sociais na contratación de servizos.
Persoas destinatarias	Desempregados/as, con especial atención a colectivos máis desfavorecidos.
Entidades que desenvolven a medida	Concello
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguemento: nº de persoas solicitantes, nº persoas contratadas. Avaliación.
Temporización	2016: posta en marcha do proceso 2017-2020: contratación anual de 5 persoas
Orzamento	Fondos propios: 10.000 Outras administracións: 40.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 3.2 Realizar unha política de emprego público con perspectiva de xénero
MEDIDA 3.2.1	Asegurar a composición paritaria nos tribunais das convocatorias municipais de acceso. Participación do persoal do departamento de Igualdade nos procesos de selección para contratacións municipais, sempre que sexa posible, para asegurar un trato igualitario entre homes e mulleres.
Descrición	Trátase de facer un traballo continuado de boas prácticas en materia de igualdade no emprego. Aplicar a igualdade entre homes e mulleres na política municipal de contratación garantindo que a totalidade dos tribunais de selección teñan unha composición paritaria dos seus membros.
Obxectivos específicos	Fomentar a igualdade nos procesos de selección, para facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral.
Persoas destinatarias	Homes e mulleres, mantendo un porcentaxe de igualdade.
Entidades que desenvolven a medida	Concello
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguemento dos tribunais das convocatorias para que sexa igualitario. Seguemento das persoas contratadas , para asegurar un trato igualitario entre homes e mulleres.
Temporización	Ao longo do plan de emprego
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 0,00 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 3.2 Realizar unha política de emprego público con perspectiva de xénero
MEDIDA 3.2.2	Actualización e impulso formativo con respecto aos módulos relativos á igualdade de xénero, igualdade de trato e oportunidades e contra a violencia de xénero dos temarios de oposición para os procesos de selección do Concello.
Descrición	Adopción da perspectiva de xénero a través de módulos relativos á igualdade.
Obxectivos específicos	-Mellorar a incorporación feminina aos procesos de selección. -Proporcionar os coñecementos básicos sobre a igualdade de oportunidades desde o marco conceptual sexo/xénero, ata o desenvolvemento histórico e lexislativo do concepto de igualdade de xénero. -Achegar criterios que permitan tanto analizar as situacións de desigualdade como valorar os niveis de igualdade alcanzados. -Incorporar os principios e estratexias da igualdade de oportunidades ao deseño das accións formativas. -Introducir a igualdade de oportunidades como un criterio de calidade para a formación, que desde unha postura activa, permita responder ás exixencias da realidade económica e social.
Persoas destinatarias	Homes e mulleres, mantendo o principio de igualdade de xénero.
Entidades que desenvolven a medida	Concello
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguemento do temario das oposicións ao concello, para realizar unha política con perspectiva de xénero.
Temporización	Ao longo do plan de emprego
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 3</p> <p>Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 3.3</p> <p>Desenvolver unha estratexia de Emprego Protexido como mecanismo específico de inclusión laboral e social das persoas en risco de exclusión.</p>
MEDIDA 3.3.1	Promover a creación de Empresas de Inserción e centros especiais de emprego de titularidade social e/ou municipal
Descrición	<p>As empresas de Inserción teñen como finalidade promover a inserción sociolaboral de persoas en risco de exclusión social, a través de varios incentivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social. -Contratación de xerentes ou técnicos precisos para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción. -Contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción. -Realización de tarefas de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario. -Formalización de préstamos con entidades financeiras. -Creación e ampliación da plantilla das empresas de inserción. <p>Para que unha empresa de inserción poda ser beneficiaria das axudas debe estar calificada e rexistrada como tal no rexistro da Dirección Xeral de Promoción do Emprego; o seu obxecto social debe promover a inserción sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social e debe ter centros de traballo radicados na comunidade autónoma.</p> <p>As actividades que pode realizar son : de coidado ambiental, limpeza, mantemento de vías, mobiliario urbano e zonas verdes, coidados á terceira idade, aspectos culturais como taquillas ou bibliotecas ou outras.</p> <p>A selección de persoal e formación necesaria para garantir a súa inserción levarase a cabo pola Axencia Local de Colocación e entidades colaboradoras do Pacto</p>
Obxectivos específicos	<p>Acadar a inclusión laboral das persoas en risco de exclusión, aumentando a súa empregabilidade. Apoio e acompañamento na súa creación.</p> <p>Crear unha empresa de inserción polo concello.</p>
Persoas destinatarias	Persoas en risco de exclusión social
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do pacto polo emprego: concello, plataforma polo emprego....
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Nº persoas en risco de exclusión social no Concello.</p> <p>Nº persoas participantes no proxecto.</p> <p>Porcentaxe de persoas reinsertadas.</p>
Temporización	<p>2016: estudo da creación dunha empresa de inserción por parte do concello.</p> <p>2017-2018: desenrolo do proxecto</p> <p>2019-2020: avaliación e resultados</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 200.000</p> <p>Outras administracións: 800.000</p> <p>Quendas:</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 3.4 Impulsar unha estratexia de emprego garantido
MEDIDA 3.4.1	Crear emprego municipal directo a través dun programa de Emprego Garantido dirixido a persoas en situación de desemprego e contemplado como fórmula transitoria cara unha inserción laboral normalizada.
Descrición	As actividades a realizar responden a necesidades sociais non atendidas, polo que teñen un interese público e comunitario: servizos sociais, coidado do medio ambiente, servizos culturais, deportivos e recreativos, e construción e mantemento de infraestruturas. Máis concretamente, coidado de dependentes, nenos, apoio a estudantes, protección de bosques, reciclaxe, coidado de espazos verdes, protección do patrimonio ou mantemento de infraestruturas, entre outros. Orientación, formación e intermediación laboral a través das entidades do Pacto coordinado polo persoal técnico da Axencia Local de Colocación e o Servizo Municipal de Emprego
Obxectivos específicos	Incrementar progresivamente a inserción laboral normalizada
Persoas destinatarias	Persoas en situación de desemprego e contar con criterios de selección que non reproduzan a exclusión ou discriminación dos grupos con maiores dificultades de inserción laboral. De adoptarse a perspectiva de xénero, incorporar un porcentaxe de persoas con diversidade funcional, mocidade, maiores de 45.... Hai que establecer os criterios de selección, indicando se é preciso residir en Santiago De Compostela.
Entidades que desenvolven a medida	Concello, coa participación de entidades sen ánimo de lucro como contratantes, para este tipo de actividades de interese social.
Indicadores de seguimento e de impacto	De seguimento: Número de persoas participantes. Contrato efectivo de entre 3-5 persoas cunha duración mínima de 6 meses cada ano. De impacto: Número de novas iniciativas dentro do programa de emprego garantido
Temporización	Ao longo do Plan de Emprego 2016-2020.
Orzamento	Fondos propios: 900.000 Outras administracións: 3.600.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 3 Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo, a través dunha política municipal impulsora da contratación de persoal.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 3.4 Impulsar unha estratexia de emprego garantido
MEDIDA 3.4.2	Estudar as posibilidades normativas e funcionais da reorientación dos fondos destinados á promoción do emprego para potenciar o Emprego Garantido en Galicia.
Descrición	Mediar diante da Xunta a reorientación dos fondos destinados á promoción do emprego para potenciar o Emprego garantido en Galicia.
Obxectivos específicos	Canalizar ás persoas usuarias cara o emprego normalizado en empresas, a través dun sistema de incentivos á súa contratación.
Persoas destinatarias	Persoas desempregadas do Concello de Santiago.
Entidades que desenvolven a medida	Axentes do pacto local e as forzas políticas con representación municipal. Colaboración coas empresas.
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguemento da contratación de emprego garantido
Temporización	Ao logo do plan de emprego 2016-2020
Orzamento	Fondos propios: 6.000 Outras administracións: 24.000 Quendas:

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 4</p> <p>Incidir na consecución dun emprego máis igualitario e inclusivo a través da contratación externa e incrementar o peso da economía social, o emprego protexido e o terceiro sector nesta contratación pública.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 4.1.</p> <p>Incorporar cláusulas sociais, criterios de compra ética e reservas de mercado na contratación por parte do Concello.</p>
MEDIDA 4.1.1.	<p>Ampliar o contido das cláusulas sociais nos contratos municipais en diversos sentidos: primando a xeración de emprego de calidade, os criterios de sustentabilidade e igualdade de xénero nas prácticas das empresas; o encadre destas en formas de economía social, así como a colaboración destas no Plan, singularmente en canto acollan persoas en risco de exclusión.</p>
Descrición	<p>Para incorporar cláusulas sociais á contratación do concello é preciso realizar, en primerio lugar, un estudo xurídico ao respecto da viabilidade de incorporar as diferentes condicións que foron trazadas no proceso de elaboración do plan, así como das fórmulas concretas que poden ser empregadas nos pregos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Primar ás empresas e entidades igualitarias na contratación pública. Inclusión de cláusulas de igualdade en contratos, subvencións e convenios. - Garantir a sinatura de contratos municipais unicamente con empresas que, de xeito probado, cumpran estritamente a normativa laboral. - Cláusulas que obriguen á subrogación do persoal adscrito á contrata. - Cláusulas que imposibiliten a subcontratación de servizos, e nomeadamente a contratación de persoal por medio de ETTs, Empresas de Servizos ou outras formulas contractuais que conducen á precarización das condicións laborais - Cláusulas que garantan unhas condicións laborais mínimas que nunca poderán ser inferiores ao convenio colectivo do sector. - Establecemento, ademais, nos pregos –neste caso sería fundamental no referido á obra pública- de cláusulas que permitisen ao Concello un control efectivo sobre as xornadas laborais realizadas a fin de controlar os excesos de xornada (as horas extras). <p>Como segundo paso, cómpre elaborar unha guía para o persoal con responsabilidades na contratación, que inclúa as cláusulas sociais e a compra pública ética. É de utilidade que se incorpore a participación de dito persoal no propio proceso de elaboración da guía, para garantir en maior medida a súa efectividade.</p>
Obxectivos específicos	<p>Incrementar progresivamente o peso dos contratos a empresas que cumpren os diferentes criterios de inclusión, igualdade e calidade no emprego. Establécense os seguintes mínimos: un 10% do importe dos contratos públicos de 2017, o 15% en 2018, o 20% en 2019 e o 30% en 2020.</p>
Persoas destinatarias	<p>Como usuarias das ferramentas de contratación, son destinatarias as persoas do Concello con responsabilidades na contratación externa.</p> <p>Como beneficiarias últimas, serán as persoas empregadas polas empresas contratadas, na medida en que son beneficiarias dun emprego de calidade e en igualdade.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Concello de Santiago de Compostela, contando coas acehgas de entidades activas neste eido, como a Coordinadora Galega de ONGDs, outros concellos que teñan avanzado pasos neste eido, etc.</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Evolución do cumprimento de cláusulas polas empresas que concorren a procedementos de contratación.</p> <p>Evolución dos importes de contratación a empresas que cumpren as cláusulas e os criterios establecidos.</p>
Temporización	<p>2016: estudo xurídico e elaboración da guía.</p> <p>2017-2020: Aplicación dos criterios e cláusulas na contratación.</p>
Orzamento	<p>Estudo xurídico: 7.500,00 €</p> <p>Elaboración de guía: 4.000,00 €</p> <p>Total Fondos propios: 11.500,00 € + IVE = 13.915,00 €</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 4 Incidir na consecución dun emprego máis igualitario e inclusivo a través da contratación externa e incrementar o peso da economía social, o emprego protexido e o terceiro sector nesta contratación pública .
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 4.1 Incorporar cláusulas sociais , criterios de compra ética e reservas de mercado na contratación por parte do Concello.
MEDIDA 4.1.2	Reserva de contratación pública do 3% ao 5% a empresas de inserción e centros especiais de emprego
Descrición	A incorporación das cláusulas sociais na contratación pública supón a aplicación de novos instrumentos que posibilitan políticas públicas de fomento do emprego, a igualdade de oportunidades e a loita contra a exclusión social, fundamentalmente a nivel local. Trátase de concebir a contratación administrativa como un instrumento que posibilite políticas públicas transversais. É unha ferramenta innovadora que pode dar un novo impulso ás políticas de emprego, á inserción laboral de colectivos excluídos do mercado de traballo, como parte das políticas sociais de loita contra a exclusión. A medida pretende incorporar á contratación pública local, aplicada a contratos menores, cunha reserva do 3 ao 5% para empresas de inserción e para centros especiais de emprego. A reserva de contratación debe completarse co apoio á creación de empresas de inserción e centros especiais de emprego para a prestación de servizos municipais e para o desenvolvemento doutras actividades.
Obxectivos específicos	Incrementar o peso específico da economía social e o emprego protexido na contratación pública, entre un 3 e un 5% anual para colectivos de maior vulnerabilidade.
Persoas destinatarias	Como usuarias das ferramentas de contratación son destinatarias as persoas do Concello con responsabilidades na contratación externa. Como beneficiarias últimas, serán as persoas empregadas polas empresas contratadas: Persoas en risco de exclusión, discapacidade, e en xeral con maior vulnerabilidade social.
Entidades que desenvolven a medida	Concello Empresas de inserción Centros especiais de emprego
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento e avaliación da contratación pública neste sector cada ano durante todo o Plan de Emprego (2015-2020): Evolución do cumprimento de cláusulas polas empresas que concorren a procedementos de contratación. Evolución dos importes de contratación a empresas que cumpren as cláusulas e os criterios establecidos.
Temporización	Anualmente e ao longo de todo o Plan do Emprego farase un seguimento do cumprimento da reserva da contratación pública neste tipo de empresas.
Orzamento	Fondos propios: 900.000 Outras administracións: 240.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.1 Incorporar un repertorio efectivo de procedementos de mediación , de xeito que a rede e a Axencia Local de Colocación adquiran maior capacidade para achegar demandantes de emprego que satisfagan as ofertas, garantindo a adecuación recíproca entre persoas e postos.
MEDIDA 5.1.1.	Incorporar servizos de intermediación á medida das necesidades das pequenas e medianas empresas e dos negocios individuais.
Descrición	Incorporar a figura do mediador/a para o desenvolvemento dos itinerarios individualizados de inserción, mantendo unha relación directa e personalizada coas empresas. Apoio nun servizo de captación e atención de ofertas por parte da Rede (rede de empresas comprometidas con carácter social) como medio que permita ás empresas locais a cobertura das súas ofertas de emprego. Ofrecer apoio técnico e facilitar o préstamo de instalacións e equipamentos municipais ás empresas para o desenvolvemento dos procesos de selección e formación de persoal. Designación de persoal técnico da Axencia Local de Colocación, o servizo de Orientación Laboral e axentes asinantes do Pacto para a elaboración de itinerarios persoalizados de inserción. Programas Integrados de Emprego onde se titoriza de modo persoalizado as persoas participantes
Obxectivos específicos	Incorporar un repertorio de procedementos de mediación do ámbito empresarial cos servizos municipais na perspectiva estratéxica de consecución dun pleno emprego de calidade.
Persoas destinatarias	Desempregados Empresas locais
Entidades que desenvolven a medida	Concello: Departamento de Emprego. Entidades do Pacto Empresas que forman parte da Rede
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento dos procesos de intermediación laboral levados a cabo ao final de cada ano: Nº de empresas, contratacións e itinerarios personalizados desenvolvidos. Acadar un aumento dun 10% cada ano durante a vixencia do Plan
Temporización	Levarase a cabo durante todo o Plan de Emprego, cuantificando os resultados anualmente.
Orzamento	Fondos propios: 20.000 Outras administracións/fondos privados: 130.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.1 Incorporar un repertorio efectivo de procedementos de mediación, de xeito que a rede e a Axencia Local de Colocación adquiran maior capacidade para achegar demandantes de emprego que satisfagan as ofertas, garantindo a adecuación recíproca entre persoas e postos.
MEDIDA 5.1.2.	Crear espazos de encontro entre responsables de empresas, instancias asinantes do Pacto Local polo Emprego e Administracións para propoñer, estudar, e establecer estratexias e medidas de colaboración.
Descrición	Con estes espazos de encontro tratase de incrementar a información e o coñecemento estratéxico, xerado directamente en interacción coas empresas, como xeito de consolidar o papel mediador dos recursos socio-laborais da ALC e integrantes do pacto polo emprego, na perspectiva destas.
Obxectivos específicos	Xerar unha maior información, comunicación e intermediación entre o tecido empresarial e os servizos municipais de emprego
Persoas destinatarias	Responsables de empresas Administracións Asinantes do pacto Local polo Emprego Persoas beneficiarias: demandantes de emprego
Entidades que desenvolven a medida	Concello, Entidades da Rede Entidades do Pacto
Indicadores de seguimento e de impacto	Avaliar os espazos de encontro levados a cabo entre as empresas, os asinantes do Pacto e Administracións. Avaliar as medidas propostas e as estratexias, e a súa repercusión nos procesos de intermediación laboral.
Temporización	Facer encontros anuais para revisar e propoñer novas medidas e estratexias ao longo da vixencia do Plan.
Orzamento	Fondos propios: 10.000 Outras administracións: 40.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.1 Incorporar un repertorio efectivo de procedementos de mediación , de xeito que a rede e a Axencia Local de Colocación adquiran maior capacidade para achegar demandantes de emprego que satisfagan as ofertas, garantindo a adecuación recíproca entre persoas e postos.
MEDIDA 5.1.3	Crear e fomentar espazos de encontro entre demandantes de emprego e empresas, como o Foro de Emprego.
Descrición	A través da Axencia Local de Colocación, realización de actividades de contacto directo entre persoas demandantes de emprego e empresas para ocupar novos postos de traballo. Intensificar a atracción de empresas a estes eventos para potenciar o seu valor como punto de encontro directo entre a oferta e a demanda de ocupación. Estimular a presenza de xente nova.
Obxectivos específicos	Fomentar unha maior información, comunicación e mediación entre demandantes de emprego e empresas contratantes
Persoas destinatarias	Desempregados Empresas locais
Entidades que desenvolven a medida	Concello: Departamento de Emprego.
Indicadores de seguimento e de impacto	Avaliar estes espazos de encontro: Cuantificar o nº de persoas asistentes, nº de empresas participantes e nº de contratacións levadas a cabo a partir de la celebración de estes eventos
Temporización	Realización dun evento tipo Foro de Emprego unha vez ao ano
Orzamento	Fondos propios: 100.000 Outras administracións: 400.000 Quendas:

<p>OBXECTIVO</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN</p>	<p>Obxectivo 5</p> <p>Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.</p> <p>Liña de actuación 5.2</p> <p>Desenvolver estratexias específicas de inserción en virtude da responsabilidade social das empresas, incentivándoas e implicándoas a un tempo na capacitación profesional das persoas desempregadas e na consecución do acceso á primeira experiencia laboral.</p>
<p>MEDIDA</p> <p>5.2.1</p>	<p>Fomentar a participación das empresas nos programas de prácticas para persoas usuarias da rede participantes en procesos de formación.</p>
<p>Descrición</p>	<p>A Axencia Local de Colocación facilitará a posibilidade de realización de prácticas en empresas para persoas desempregadas , como unha oportunidade para completar a súa formación e como un acceso a unha primeira experiencia laboral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Definición do programa de prácticas, captación das empresas e proceso de selección das mesmas. -Lanzamento da oferta de postos en prácticas para persoas usuarias da rede e que sexan participantes de procesos de formación, primando as persoas que non tiveron oportunidade todavía de acceder a un primer emprego. -Selección das persoas participantes en función dos perfís contratantes. -Desenvolvemento dun programa formativo de sesións preparatorias, e de sesións de tutorización co conxunto de persoas en prácticas -Desenvolvemento das prácticas, cunha duración de 9 meses en cada empresa. -Avaliación final e presentación de apoios para a contratación das persoas en prácticas.
<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Facilitar a capacitación profesional e o desenvolvemento laboral das persoas desempregadas , sobre todo para persoas que non tiveron oportunidade de ter unha primeira experiencia laboral.</p> <p>Acadar un nº de 15 persoas en prácticas cada ano en cada empresa, e unha incorporación ao traballo do 50%.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Empresas que levarán a cabo o programa de prácticas.</p> <p>Desempregados como beneficiarios das mesmas</p>
<p>Entidades que desenvolven a medida</p>	<p>Concello: Servizos municipais de emprego</p>
<p>Indicadores de seguimento e de impacto</p>	<p>Avaliar e cuantificar tanto o nº de empresas implicadas como as persoas destinatarias das prácticas. Facer un seguimento do impacto destas prácticas na consecución dun primer emprego.</p>
<p>Temporización</p>	<p>De forma periódica e continuada.</p> <p>Aumentar nunha porcentaxe dun 15% anual o nº de empresas participantes nos programas de prácticas, así como el nº de participantes nos mesmos.</p>
<p>Orzamento</p>	<p>Fondos propios: 6.000</p> <p>Outras administracións: 24.000</p> <p>Quendas:</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 5</p> <p>Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 5.2</p> <p>Desenvolver estratexias específicas de inserción en virtude da responsabilidade social das empresas, incentivándoas e implicándoas a un tempo na capacitación profesional das persoas desempregadas e na consecución do acceso á primeira experiencia laboral.</p>
MEDIDA 5.2.2	<p>Establecer un sistema de incentivos á contratación polas empresas das persoas participantes no programa de emprego protexido e de emprego garantido, con atención específica ás empresas do sector turístico.</p>
Descrición	<p>O sistema de incentivos a contratación daquelas persoas participantes en programas de emprego protexido e emprego garantido será proporcional ao tipo de contrato que se realice. Do mesmo xeito controlarase por parte do Concello, coordinado pola ALC o uso das axudas recibidas para que sexan utilizadas conforme ao fin previsto</p>
Obxectivos específicos	<p>Incentivar as empresas do sector turístico para implicalas en contratacións de persoas pertencentes ao programa de emprego protexido e emprego garantido.</p> <p>Acadar unha porcentaxe de inserción laboral dun 5% anual para as persoas pertencentes aos programas</p>
Persoas destinatarias	<p>Empresas do sector turístico</p> <p>Os beneficiarios serían as Persoas participantes nos programas de emprego protexido e de emprego garantido</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Administracións</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Controlar o uso das axudas recibidas por parte das empresas.</p> <p>Limitar a porcentaxe máxima de persoas que poden estar contratadas a través deste programa segundo os criterios das entidades do Pacto.</p> <p>Cumprimento dos mínimos establecidos para inserción dos participantes do programa</p>
Temporización	<p>Incentivos á contratación de carácter anual, e ao longo do Plan de Emprego.</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 100.000</p> <p>Outras administracións: 400.000</p> <p>Quendas:</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 5</p> <p>Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 5.3</p> <p>Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas en virtude da súa responsabilidade social, especialmente nas Pemes e nos negocios individuais autónomos</p>
MEDIDA 5.3.1	<p>Ofrecer apoio e asesoramento para a promoción da mellora das condicións de contratación e traballo, así como de cualificación das persoas empregadas, propóndoas como investimento en capital humano e non como custo, con especial atención aos colectivos con menor cualificación, as persoas traballadoras novas e as mulleres.</p>
Descrición	<p>Asesoramento e apoio as empresas para a mellora das condicións de contratación así como de cualificación das persoas empregadas, para a mellora das súas condicións laborais ,tal como se derivaría da responsabilidade social das empresas.</p> <p>Ofrecer apoio e asesoramento dende a ALC en colaboración con outros axentes sociais.</p>
Obxectivos específicos	<p>Apoiar e asesorar as empresas, sobre todo a pemes e a negocios de autónomos, de cara a unha mellora da calidade do emprego:</p> <p>Establecemento de puntos de información para Pemes</p> <p>Axuda na elaboración de planes de RSE</p> <p>Apoio as empresa nos procesos de contratación e cualificación de desempregados</p>
Persoas destinatarias	<p>Empresas, fundamentalmente pemes e autónomos</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Entidades do Pacto Local</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Avaliar anualmente o impacto do asesoramento as empresas respecto das melloras nas condicións de traballo das persoas empregadas, en especial xoves , mulleres, e persoas con menor cualificación.</p> <p>Cuantificar o número de consultas ou asesoramentos, así como actividades de cualificación para empregados.</p>
Temporización	<p>O apoio e asesoramento as empresas así como a cualificación de persoas empregadas debe ser continuo durante a vixencia do Plan.</p> <p>A avaliación do impacto sería anual.</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 20.000</p> <p>Outras administraións: 80.000</p> <p>Quendas:</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.3 Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas en virtude da súa responsabilidade social , especialmente nas Pemes e nos negocios individuais autónomos
MEDIDA 5.3.2	Desenvolver estratexias específicas de mellora da calidade do emprego nas empresas turísticas, en virtude da súa responsabilidade social.
Descrición	Ofrecer apoio e asesoramento para a mellora da calidade do emprego nas empresas do sector turístico, axustándose as necesidades destas empresas e atendendo a súas características propias, como son a estacionalidade, a rotación...etc
Obxectivos específicos	Mellorar a calidade do emprego nas empresas do sector turístico. Garantir un emprego de calidade mellorando a formación e a cualificación profesional do persoal. Información as empresas das opcións de mellora para a contratación estable de persoal
Persoas destinatarias	Empresas do sector turístico: pemes e autónomos
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Avaliar anualmente o impacto das estratexias desenvolvidas nas condicións de traballo e a mellora da calidade de emprego das empresas turísticas.
Temporización	O apoio e asesoramento debe ser continuo ao longo da vixencia do Plan. A avaliación do impacto deberá ser anual.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

<p>OBXECTIVO</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN</p>	<p>Obxectivo 5</p> <p>Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.</p> <p>Liña de actuación 5.4.</p> <p>Contribuír á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.</p>
<p>MEDIDA</p> <p>5.4.1.</p>	<p>Creación dunha Rede de empresas pola excelencia en igualdade entre mulleres e homes para avanzar no recoñecemento e visibilización do seu traballo, ofrecer exemplo e organizar o intercambio de boas prácticas.</p>
<p>Descrición</p>	<p>Trátase de impulsar unha rede de empresas comprometidas coa súa acción a prol da igualdade. Dita rede debe ter un funcionamento autónomo e unha comisión de carácter social e voluntario que estableza os criterios que habiliten para a pertenza á rede e avalíe o seu cumprimento. En dita comisión, ademais da presenza de empresas destacadas en materia de igualdade, haberá participación de entidades asociativas e sindicais que teñan no seu obxecto social a promoción da igualdade, así como entidades do Pacto Local polo Emprego. A rede debe establecer un banco de boas prácticas empresariais en materia de igualdade e favorecer que as persoas que protagonizan as boas prácticas poidan ser mentoras doutras novas iniciativas.</p> <p>Para o impulso da rede, realizarase a seguinte secuencia de traballos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de boas prácticas empresariais locais en materia de igualdade (mínimo de 20). - Conformación dun grupo de traballo inicial, con representantes desas empresas e representantes de asociacións e sindicatos destacados pola súa acción a prol da igualdade no mundo laboral. - Establecemento, neste grupo, dos criterios necesarios para a pertenza á rede, co apoio dun equipo técnico para os traballos de elaboración de documentos previos, facilitación da participación e elaboración de documentos finais. - Apoio na elaboración e implementación de ferramentas de divulgación e apertura da rede: páxina web, premio anual á excelencia en materia de igualdade, xornadas e obradoiros de mentorización.
<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Ampliar as prácticas a prol da igualdade na empresa, a través do recoñecemento e a divulgación das mesmas. Presentar na web 20 boas prácticas locais en 2016, e outras 20 adicionais cada ano ata chegar a un mínimo de 100 en 2020.</p> <p>Incrementar progresivamente o número de empresas participantes na rede e nas súas actividades, ata un número mínimo de 200.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Empresas locais.</p> <p>Os homes e mulleres que traballan nas empresas locais.</p>
<p>Entidades que desenvolven a medida</p>	<p>Concello de Santiago, coa colaboración da USC, as entidades sindicais e as asociacións empresariais do Pacto Local Polo Emprego.</p> <p>Empresas que forman parte da rede.</p>
<p>Indicadores de seguimento e de impacto</p>	<p>De seguimento: Número de entidades e persoas participantes. Número de consultas da web.</p> <p>De impacto: Número de novas iniciativas en materia de igualdade por parte das empresas locais.</p>
<p>Temporización</p>	<p>2016: identificación de boas prácticas empresariais en materia de igualdade.</p> <p>2017: grupo de traballo, criterios e ferramentas de divulgación e apertura da rede.</p> <p>2018-2020: mantemento da actividade da rede e incremento de empresas participantes e boas prácticas recollidas.</p>
<p>Orzamento</p>	<p>Identificación de boas prácticas: 5.500 €</p> <p>Grupo de traballo inicial e establecemento de criterios de pertenza á rede: 4.500,00 €</p> <p>Elaboración e actualización mensual da web: 12.300,00€</p> <p>Premio anual (dotación + difusión): 10.000,00 €</p> <p>Xornadas e obradoiros: 24.000,00 €</p> <p>Total Fondos propios: 56.300,00 € + IVE = 68.123,00 €</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.4 Contribuir á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.
MEDIDA 5.4.2	Ofrecer un servizo de asesoramento técnico a empresas para a implantación de plans de igualdade de oportunidade entre homes e mulleres e plans de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
Descrición	Ofrecer asesoramento ás empresas para realización ou implementación de protocolos que permitan garantir unha igualdade real entre homes e mulleres mediante e o establecemento de planes de conciliación da vida laboral, persoal e familiar con independencia do xénero. Este servizo de asesoramento levarase a cabo co establecemento dun banco de boas prácticas empresariais en materia de igualdade por parte da Rede.
Obxectivos específicos	Apoiar e concienciar ás empresas para a implantación dun plan de igualdade e de medidas de conciliación familiar.
Persoas destinatarias	Empresas Beneficiarios: traballadores/as
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento anual das medidas de conciliación familiar e de igualdade de oportunidades das empresas que foron asesoradas previamente.
Temporización	O asesoramento deberá ser continuo no tempo. Seguimento anual durante a vixencia do Plan
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.4 Contribuir á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.
MEDIDA 5.4.3	Impulso de modelos de selección de persoal non discriminatorios, e protocolos áxiles para a busca de profesionais a través de redes informais.
Descrición	Utilización de modelos de selección de persoal como os curriculums cegos ou campañas de sensibilización. A busca de profesionais a través de redes informais deben incidir na toma en consideración de mulleres, así como das persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, etc. A Axencia Local de Colocación realizará intermediación con criterios de igualdade entre homes e mulleres.
Obxectivos específicos	Impulsar modelos de selección de persoal no ámbito empresarial que supoñan a configuración dunhas prácticas empresariais que se baseen na igualdade de homes e mulleres e en medidas de conciliación familiar.
Persoas destinatarias	Empresas
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Revisión dos modelos de selección de persoal levados a cabo nas empresas a hora das contratacións. Comprobar os protocolos aplicados Facer un seguimento das contratacións de mulleres, discapacitados e maiores de 45 anos. Consecución dun aumento da contratación destes colectivos dun 10% anual.
Temporización	Campañas de sensibilización: mínimo 3 anuais. A utilización dos modelos de selección de persoal non discriminatorios deben ser continuos e constantes no tempo. Avaliación anual do impacto na contratación.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 5</p> <p>Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 5.4.</p> <p>Contribuír á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.</p>
MEDIDA 5.4.4.	<p>Apoiar financeiramente a realización de prácticas en empresas por parte de mulleres con titulación universitaria, para realizar accións de mellora da empresa. Ditas prácticas, e as propias empresas, estarán titorizadas por persoal externo, con experiencia en mellora empresarial, que ademais velará por garantir un tipo de actividades acordes á titulación.</p>
Descrición	<p>Programa de prácticas laborais retribuídas para a mellora empresarial, con titorización externa. Trátase de atender a necesidade de incorporación ao traballo de mulleres con titulación universitaria, que poidan ser un activo para a mellora empresarial de pequenas empresas locais, a través dun apoio e titorización externa por parte de profesionais con traxectoria nos aspectos de mellora empresarial que se precisen en cada caso, que farán unha dupla labor de titorización da persoa que fai as prácticas e da propia empresa, no proceso de mellora.</p> <p>A secuencia dos traballos é a seguinte.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballos preparatorios para a definición do programa, os criterios de selección e as ferramentas de comunicación. - Lanzamento do programa para a captación de empresas, seguido dun proceso de selección das mesmas. - Lanzamento da oferta de postos en prácticas para mulleres con titulación universitaria, para a captación e selección das mesmas. Inclúe a descrición dos perfís preferentes, en función das necesidades das empresas. - Desenvolvemento dun programa formativo de cinco sesións preparatorias para as persoas que fan as prácticas, e de catro sesións de titorización co conxunto de persoas en prácticas, repartidas ao longo dos 9 meses. - Desenvolvemento das prácticas, cunha duración de 9 meses e 4 sesións de titorización en cada empresa, ás que asisten a persoa en prácticas e as persoas que dirixen a empresa. - Avaliación final e presentación de apoios para a contratación das persoas en prácticas.
Obxectivos específicos	<p>Favorecer a incorporación de mulleres tituladas universitarias ao mercado de traballo. Con 12 mulleres en prácticas cada ano e unha incorporación laboral posterior estimada do 50%.</p> <p>Favorecer a implantación de plans de mellora empresarial que fortalezan ás pequenas empresas locais.</p>
Persoas destinatarias	<p>Mulleres tituladas universitarias en situación de desemprego.</p> <p>Pequenas empresas locais.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Entidades do Pacto, UGACOTA (ten experiencia en programas semellantes)</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>De seguimento: número de persoas e de empresas participantes e resultados da avaliación que realizan.</p> <p>De impacto: número de persoas que se incorporan ao mercado laboral nos 6 e 12 meses seguintes á realización das prácticas. Datos de incorporación e impacto dos instrumentos de mellora empresarial facilitados na avaliación por parte das empresas.</p>
Temporización	<p>2016: traballos preparatorios e lanzamento da primeira bolsa de prácticas para o período de outubro a xuño.</p> <p>Nova bolsa nos seguintes períodos de outubro a xuño, ata un total de catro edicións.</p>
Orzamento	<p>Preparación, divulgación e selección: 28.000,00 €</p> <p>Formación e titorización (285 horas anuais): 114.000,00 €</p> <p>Bolsas e seguros (12 bolsas anuais): 432.000,00 €</p> <p>Total : 574.000,00 €</p> <p>Fondos propios: 114.800,00</p> <p>Outras administracións: 459.200,00</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.4 Contribuir á configuración dunha cultura e unhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade.
MEDIDA 5.4.5	Incentivar a contratación de mulleres en postos de responsabilidade.
Descrición	Elaboración e difusión de ferramentas dirixidas aos axentes económicos e sociais, para que promovan unha maior participación das mulleres nos seus órganos de decisión, rompendo así coas barreiras socioculturais que frean o acceso das mulleres a postos de responsabilidade. Trátase de atender a necesidade de incorporación a ditos postos de responsabilidade ás mulleres.
Obxectivos específicos	Concienciar ás empresas no plano da cultura de igualdade de xénero para facilitar o acceso das mulleres a postos de responsabilidade. Trátase de atender a necesidade de incorporación a ditos postos de responsabilidade ás mulleres.
Persoas destinatarias	Axentes económicos e sociais
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Cuantificación de acceso a novos postos de responsabilidade por parte de mulleres. Acadar un obxectivo dun 5% anual de novas contratacións en ditos postos.
Temporización	A difusión das ferramentas deberá ser continua e constante no tempo O seguimento das novas contratacións de mulleres en ditos postos de responsabilidade será anual
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.5 Desenvolver unha política de comunicación e mercadotecnia para atraer e distinguir ás empresas colaboradoras cos obxectivos do Plan Local de Emprego, premiando así a súa responsabilidade social empresarial
MEDIDA 5.5.1	Crear unha imaxe de marca de colaboración nos obxectivos do Pacto Local polo Emprego
Descrición	Trátase de crear unha marca que distinguirá as empresas colaboradoras do Programa, que demostren resultados concretos nos diferentes criterios recollidos dentro deste obxectivo do Plan: contratación de persoas que veñen dos programas de emprego protexido e emprego garantido, prácticas probadas a favor da igualdade, et. Tamén deben facerse campañas de concienciación social para o consumo en empresas que ostenten esta marca.
Obxectivos específicos	Crear unha marca distintiva das empresas colaborativas e concienciar para o consumo nestas empresas de cara a contribución dunha maior repercusión do propio Plan cara a sociedade e cara ás empresas.
Persoas destinatarias	Axentes económicos e sociais
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento do número de empresas coa marca de colaboración cos obxectivos do Pacto Acadar un aumento do nº de empresas dun 5% anual.
Temporización	As campañas de concienciación para o consumo nestas empresas podería ser semestralmente. O seguimento das novas empresas coa marca de colaboración sería anual.
Orzamento	Fondos propios: 6.000 Outras administracións: 24.000 Quendas:

OBXECTIVO	Obxectivo 5 Implicar ao tecido empresarial na consecución dun pleno emprego de calidade no marco da súa responsabilidade social empresarial e incrementar a súa utilización dos servizos municipais de intermediación laboral.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 5.5 Desenvolver unha política de comunicación e mercadotecnia para atraer e distinguir ás empresas colaboradoras cos obxectivos do Plan Local de Emprego, premiando así a súa responsabilidade social empresarial
MEDIDA 5.5.2	Estudar a posibilidade dun distintivo con puntuacións en diferentes dimensións (igualdade, ecoloxía, condicións laborais...) que favoreza a divulgación e poña en valor ás entidades de economía social e as que atenden a obxectivos sociais.
Descrición	Deberá existir un grupo de asesoramento por parte da entidade que facilita o distintivo. É necesario un órgano de control para asegurar a veracidade. Fixar ben os criterios. Facer campañas de sensibilización e de difusión. Pode asociarse a este distintivo o distintivo das empresas colaboradoras do plan
Obxectivos específicos	Poñer en valor as empresas ou entidades que atenden a obxectivos sociais. Valorar as diferentes dimensións de ditos obxectivos con criterios concretos.
Persoas destinatarias	Empresas e/ou entidades de economía social ou que atenden a obxectivos sociais.
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento do aumento de puntuación nas empresas das diferentes dimensións que atenden a obxectivos sociais: igualdade, ecoloxía, condicións laborais...etc. Intentar acadar un aumento anual do 10% de puntuación nas diferentes dimensións.
Temporización	Facer un seguimento cada seis meses das empresas que poñan en valor obxectivos sociais. Anualmente comprobar o aumento de puntuación das diferentes dimensións.
Orzamento	Fondos propios: 6.000 Outras administracións: 24.000 Quendas:

<p>OBXECTIVO</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN</p>	<p>Obxectivo 6</p> <p>Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro á persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.</p> <p>Liña de actuación 6.1.</p> <p>Facer valer a importancia da economía social e o emprego protexido e as súas utilidades para as diferentes persoas, impulsando a súa visibilización, o consumo responsable e o comercio xusto e fomentando a cultura da solidariedade local.</p>
<p>MEDIDA</p> <p>6.1.1.</p>	<p>Organizar unha Feira anual da economía social, aberta á cidadanía, para dar a coñecer os produtos e servizos destas entidades.</p>
<p>Descrición</p>	<p>Trátase de reunir nunha feira diferentes iniciativas de economía social, incluíndo empresas cooperativas, sociedades laborais e iniciativas non lucrativas, co fin de dar a coñecer os seus produtos e servizos, vendelos e captar socios e socias.</p> <p>A feira debe realizarse nunha xornada que permita a afluencia de público, preferiblemente un sábado, e nunha localización accesible (preferiblemente onde xa exista tránsito de persoas, para acadar unha maior asistencia).</p> <p>En torno á actividade principal de feira, deben abrirse espazos para a formación, charlas, obradoiros, e actividades culturais, todas elas dirixidas a achegar a economía social á poboación. Tamén incorpora talleres e espazos que alenten a intercooperación entre as diferentes iniciativas, que deben realizarse nunha franxa horaria fóra da apertura ao público (por exemplo, no descanso do mediodía).</p> <p>A feira debe permitir a promoción da moeda social, empregándoa como vehículo de intercambio.</p>
<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Dar a coñecer a economía social á sociedade, cun obxectivo de participación de 5000 persoas cada edición.</p> <p>Fomentar o consumo responsable, o comercio xusto, e a colaboración en iniciativas de carácter social.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Toda a poboación local e doutros territorios de influencia.</p> <p>As empresas e asociacións de economía social de Santiago de Compostela e doutras localidades de Galicia.</p>
<p>Entidades que desenvolven a medida</p>	<p>As asociacións representativas do sector (asociacións de cooperativas, de sociedades laborais, de ONGDs, etc.) co apoio do Concello de Santiago de Compostela.</p> <p>Este apoio concrétase na facilitación do espazo, os stands e os soportes para publicitar o evento.</p>
<p>Indicadores de seguimento e de impacto</p>	<p>Número de iniciativas presentadas.</p> <p>Número de persoas participantes.</p> <p>Número de transaccións realizadas.</p> <p>Grao de satisfacción das iniciativas e das persoas asistentes (recoller nun cuestionario o grao de coñecemento e valoración, previa e posterior, respecto da economía social)</p>
<p>Temporización</p>	<p>Feira de carácter anual. Celébrase en 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.</p>
<p>Orzamento</p>	<p>Fondos propios: 30.000</p> <p>Outras administracións: 120.000</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 6</p> <p>Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro ás persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 6.1.</p> <p>Facer valer a importancia da economía social e o emprego protexido e as súas utilidades para as diferentes persoas, impulsando a súa visibilización, o consumo responsable e o comercio xusto e fomentando a cultura da solidariedade local.</p>
MEDIDA 6.1.2.	<p>Organizar feiras descentralizadas nos barrios, con entidades de economía social e colaborativa, para a promoción do consumo responsable.</p>
Descrición	<p>Trátase de reunir en feiras de barrio diferentes iniciativas de economía social, incluíndo empresas cooperativas, sociedades laborais, producións ecolóxicas e artesanais, etc. co fin de dar a coñecer os seus produtos e servizos de modo descentralizado nos barrios.</p> <p>As feiras deben realizarse en xornadas que permitan a afluencia de público, preferiblemente en sábado, e nun lugar referencial do barrio, onde xa exista tránsito de persoas, para acadar unha maior asistencia.</p> <p>A feira debe permitir a promoción da moeda social, empregándoa como vehículo de intercambio. Realízanse periodicamente, con itinerancia entre diferentes barrios da cidade. No circuíto de feiras de barrio intégranse as feiras xa existentes, autoorganizadas, como o mercado do Lusco-fusco.</p>
Obxectivos específicos	<p>Dar a coñecer a economía social á sociedade, cun obxectivo de participación de 500 persoas cada edición.</p> <p>Fomentar o consumo responsable, o comercio xusto, e a colaboración en iniciativas de carácter social.</p>
Persoas destinatarias	<p>Toda a poboación local, con especial incidencia nos barrios.</p> <p>As empresas e asociacións de economía social de Santiago de Compostela e doutras localidades de Galicia.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>As asociacións representativas do sector (asociacións de cooperativas, de sociedades laborais, de ONGDs, etc.) co apoio do Concello de Santiago de Compostela.</p> <p>Este apoio concrétase na facilitación do espazo, o mobiliario e os soportes para publicitar os eventos.</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Número de iniciativas presentes en cada feira.</p> <p>Número de persoas participantes.</p> <p>Número de transaccións realizadas.</p> <p>Grao de satisfacción das iniciativas e das persoas asistentes (recoller nun cuestionario o grao de coñecemento e valoración, previa e posterior, respecto da economía social)</p>
Temporización	<p>Feira de carácter trimestral itinerante. Celébrase en 2017 en tres barrios, en 2018, 2019 e 2020 en catro barrios.</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 5.000</p> <p>Outras administracións: 20.000€</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 6</p> <p>Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro ás persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 6.1.</p> <p>Facer valer a importancia da economía social e o emprego protexido e as súas utilidades para as diferentes persoas, impulsando a súa visibilización, o consumo responsable e o comercio xusto e fomentando a cultura da solidariedade local.</p>
MEDIDA 6.1.3.	Programas de dinamización do emprego a través do asociacionismo de base veciñal e comunitaria.
Descrición	<p>Desenvolver iniciativas a nivel de barrio, que fomenten o apoio mutuo en relación ao emprego: fomento da contratación de persoas do barrio, fomento do emprendemento a partir de necesidades definidas nos barrios, etc.</p> <p>En concreto, proponse fomentar a acción das entidades asociativas de base, nomeadamente as asociacións veciñais, pero tamén asociacións xuvenís, de mulleres ou outras con dinamismo nos barrios, para realizar actividades de sensibilización e mobilización da solidariedade local en favor do emprego, a través da posta á súa disposición dunha persoa (con media xornada en cada barrio) que cumpre a función de dinamizadora do emprego no barrio, en cooperación directa coas entidades asociativas.</p> <p>Esta persoa conta cunha titorización externa por parte do Concello e o apoio de toda a rede de recursos do Pacto. Encárgase de desenvolver as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contacto co tecido empresarial do barrio, para detectar as súas necesidades e as potencialidades de xeración de emprego. - Identificación de necesidades non atendidas, que poden ser obxecto de novas iniciativas de emprego. - Identificación de recursos produtivos non utilizados, incluíndo materiais con potencial de reutilización ou reciclaxe, locais, negocios que estean a punto de pechar por xubilación, etc. - Promoción de encontros e actividades formativas, como visitas de grupos emprendedores ás asociacións veciñais para identificar as necesidades non atendidas, ou presentación de iniciativas que poidan ser inspiradoras, entre outros. - Promoción de grupos colaborativos de persoas en desemprego a nivel de barrio e traslado das diferentes convocatorias e oportunidades de emprego e formación.
Obxectivos específicos	<p>Realizar un proxecto piloto en dous barrios, durante dous anos, para poder ser avaliado e estendelo a outros barrios interesados.</p> <p>Acadar un impacto directo na xeración de emprego (por conta allea e autoemprego) a través do traballo nos barrios, cun impacto estimado de 15 empregos a tempo completo ao longo do período, ou o seu equivalente en tempo parcial, contratos temporais, etc.</p>
Persoas destinatarias	Poboación desempregada de Santiago de Compostela.
Entidades que desenvolven a medida	Asociacións veciñais e outras asociacións asentadas nos barrios. Concello de Santiago.
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Número de actividades.</p> <p>Número de participantes.</p> <p>Valoración por parte das persoas participantes.</p> <p>Número de empregos xerados, medidos en horas/ano.</p>
Temporización	<p>2016-2017: programa piloto en 2 barrios</p> <p>2018-2020: apertura a outros 3 barrios</p>
Orzamento	<p>Coordinación e asesoramento:</p> <p>Contratación de persoas dinamizadoras do emprego nos barrios: unha persoa para o período 2016-2017 e tres persoas para o período 2018-2020.</p> <p>Fondos propios: 92400,00</p> <p>Outras administracións: 369.600,00</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 6</p> <p>Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro á persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 6.2.</p> <p>Fomentar o coñecemento e a valoración do emprendemento en xeral e da economía social por parte da infancia e a mocidade.</p>
MEDIDA 6.2.1	<p>Desenvolver nos centros de ensino dos diferentes niveis educativos obradoiros de emprendemento dinámicos e lúdicos, para presentar o autoemprego como unha opción de desenvolvemento profesional, dando protagonismo á economía social.</p>
Descrición	<p>Fomento da participación dos centros de ensino de Santiago de Compostela nos diferentes programas de emprendemento e economía social postos a disposición por parte da Administración Autonómica (Eduemprende, Certame de cooperativismo no ensino, entre outros) e outras entidades, para realizar obradoiros dinámicos, lúdicos e vivenciais que acheguen a realidade do emprendemento e da economía social ao alumnado dos diferentes niveis educativos, desde primaria ata ESO, bacharelato, formación profesional e ensino universitario.</p> <p>Reforzo de ditos programas con actividades propias, en atención á demanda específica.</p>
Obxectivos específicos	<p>Achegar a realizade do emprendemento e a economía social como opcións realizables de acceso ao emprego. Búscase acadar unha participación de 600 alumnos e alumnas anuais.</p>
Persoas destinatarias	<p>Alumnado dos diferentes niveis formativos regrados, dos centros de Santiago de Compostela.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Asociacións empresariais, Cámara de Comercio, Asociacións da economía social, Concello</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Número de alumnado participante, diferenciando segundo os niveis.</p> <p>Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado. Medida do coñecemento e valoración das opcións de autoemprego e economía social, antes e despois da actividade.</p>
Temporización	<p>Actividades a realizar durante o curso escolar, iniciándose no curso 2016-2017, e prolongándose durante cinco edicións ata o curso 2020-2021.</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 25.000</p> <p>Outras administracións: 100.000</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 6</p> <p>Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social en sentido xenérico: como modelo de economía baseado en valores e que pon no centro á persoas e as súas necesidades, por enriba dos beneficios estritamente empresariais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 6.2.</p> <p>Fomentar o coñecemento e a valoración do emprendemento en xeral e da economía social por parte da infancia e a mocidade.</p>
MEDIDA 6.2.2.	<p>Intensificar a adquisición de competencias básicas para o emprendemento na formación para o emprego e na formación profesional regrada.</p>
Descrición	<p>Elaboración e difusión de materiais de apoio para que o profesorado dos centros poida traballar na aula a adquisición de competencias básicas para o emprendemento e a economía social, a través de programas con continuidade.</p> <p>Os materiais están ordenados en función do nivel de ensino ao que se dirixen. Ademais de guías e unidades didácticas, recóllese material audiovisual.</p> <p>Algúns materiais son de elaboración propia e outros son materiais dispoñibles con licenzas abertas. Grupo de contraste co profesorado, para dirixir a actuación de forma óptima.</p> <p>Difusión, apoio e asesoramento ao profesorado para a utilización de ditas ferramentas.</p> <p>Actividades de difusión de resultados.</p>
Obxectivos específicos	<p>Formar ao alumnado nas habilidades vinculadas ao emprendemento e a economía social, relacionadas coa iniciativa, o traballo en equipo, conceptos básicos de xestión económica, etc. en función do nivel educativo do que se trate.</p> <p>Búscase que 1000 alumnos e alumnas cada ano dediquen 10 horas á adquisición destas competencias, a través do traballo do seu profesorado.</p>
Persoas destinatarias	<p>Profesorado e alumnado dos centros educativos de Santiago de Compostela.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Asociacións empresariais, Cámara de Comercio, Asociacións da economía social, Concello</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Número de alumnado participante, diferenciando segundo os niveis.</p> <p>Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado. Medida da adquisición das competencias.</p>
Temporización	<p>2016: Grupo de contraste: identificación de necesidades. Compilación de materiais e elaboración de novos recursos. Creación dun espazo propio dentro da web de recursos locais polo emprego.</p> <p>2017-2020: Asesoramento, incorporación de novos recursos e elaboración doutros, en función da actualización de necesidades.</p> <p>2018 e 2020: Actividades de difusión de resultados.</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 30.000</p> <p>Outras administracións: 120.000</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 7</p> <p>Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 7.1</p> <p>Prestar servizos de asesoramento e formación que atendan a todas as fases, desde a dinamización de grupos e ideas ata a consolidación dos proxectos. Ditos programas deben ser estables e continuados no tempo.</p>
MEDIDA 7.1.1	Reforzar os servizos de acompañamento para os proxectos de emprendemento, desde a fase inicial de dinamización de ideas emprendedoras, ata o estudo da viabilidade, a xestión directa dos trámites de constitución e posta en marcha e o asesoramento durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial.
Descrición	Acompañar as persoas emprendedoras que o soliciten no seu proceso de constitución e de establecemento como empresa desde a fase inicial, o estudo de viabilidade e acompañamento nos tramites de constitución e posta en marcha. O proceso continuando durante un período máximo de tres anos que son os que se estiman de maior vulnerabilidade
Obxectivos específicos	<p>Facilitar o acceso a información que facilite o proceso a persoa emprendedora.</p> <p>Acompañar mediante un procedemento de cita previa a aqueles emprendedores que soliciten o servizo</p> <p>Darlle a debida difusión ao servizo prestado para que poda ser coñecido e usado pola cidadanía</p>
Persoas destinatarias	Persoas emprendedoras do Concello de Santiago
Entidades que desenvolven a medida	Entidades asinantes do Pacto
Indicadores de seguimento e de impacto	Seguimento de todas as empresas que soliciten o asesoramento durante un máximo de tres anos desde que inicia a actividade ata pasado o tempo establecido
Temporización	A temporalización de cada unha das intervencións virá determinada individualmente dependendo da complexidade de cada proxecto
Orzamento	<p>Fondos propios: 7.200</p> <p>Outras administracións: 32.800</p> <p>Quendas:</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 7 Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 7.1. Prestar servizos de asesoramento e formación que atendan a todas as fases, desde a dinamización de grupos e ideas ata a consolidación dos proxectos. Ditos programas deben ser estables e continuados no tempo.
MEDIDA 7.1.2.	Fomento e apoio á creación e mantemento de redes de mulleres emprendedoras, que sirvan de apoio ás súas iniciativas empresariais e fomenten o intercambio de experiencias.
Descrición	Organización dunha actividade anual de difusión, divulgación e intercambio de experiencias e boas prácticas entre as mulleres emprendedoras e empresarias. Unha xornada anual de presentación de experiencias, que se constitúa nun foro colaborativo para intercambiar problemáticas comúns e posibles solucións en común. Difusión de experiencias de mulleres emprendedoras a través da rede: elaboración de micro-vídeos poñendo en valor experiencias relevantes.
Obxectivos específicos	Fomentar o emprendemento feminino, presentándoo como unha opción de acceso ao emprego e establecendo dinámicas de rede e apoio mutuo que permitan fortalecer ditos emprendementos. En concreto, búscase incorporar á rede a 20 iniciativas cada ano, ata chegar a un mínimo de 100 ao final do período.
Persoas destinatarias	Mulleres emprendedoras e empresarias de Santiago de Compostela. Mulleres en situación de desemprego, que poden ver no emprendemento unha saída profesional.
Entidades que desenvolven a medida	Asociacións empresariais, Cámara de Comercio, Asociacións da economía social, Concello.
Indicadores de seguimento e de impacto	Realización de 4 xornadas e número de participantes nas mesmas. Valoración da xornada por parte das participantes. Realización de micro-vídeos de presentación de experiencias e número de visualizacións web dos mesmos.
Temporización	Realización de 4 xornadas, nos anos 2017, 2018, 2019 e 2020. Realización e difusión web de 5 vídeos cada ano.
Orzamento	Xornadas: 20.000 €. Vídeos (20 vídeos): 60.000 € Total: 80.000 € Fondos propios: 16.000 Outras administracións: 64.000

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 7</p> <p>Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 7.1.</p> <p>Prestar servizos de asesoramento e formación que atendan a todas as fases, desde a dinamización de grupos e ideas ata a consolidación dos proxectos. Ditos programas deben ser estables e continuados no tempo.</p>
MEDIDA 7.1.3.	Deseñar itinerarios e servizos de apoio específicos ao emprendemento que está vinculado a situacións de crise e extrema necesidade, como os peches de empresas.
Descrición	<p>Elaboración dun estudo das necesidades específicas dos servizos de acompañamento para situacións de crises empresariais, en base ao estudo de casos de procesos de éxito e a unha mesa de traballo con todos os axentes implicados en ditos procesos.</p> <p>Dito estudo e participación dos axentes, debe traducirse no deseño dun itinerario e unha carteira de servizos específicos para estas situacións, coa concorrencia de todos os axentes que terán un papel relevante en dito proceso.</p> <p>Publicación dunha guía coas conclusións acadadas, en formato electrónico.</p>
Obxectivos específicos	Establecer unhas pautas específicas para o apoio ao emprendemento por parte do persoal de empresas en situación de peche empresarial, que permita á rede local atender estas situacións de forma eficiente e coordinada.
Persoas destinatarias	Persoal das empresas en situación de peche empresarial, que se formulan manter o seu emprego facéndose cargo da empresa, baixo fórmulas de economía social ou outras.
Entidades que desenvolven a medida	Sindicatos, asociacións da economía social, Concello, en colaboración con outras entidades que interveñen nestes procesos.
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Elaboración do estudo.</p> <p>Celebración das reunións do grupo de traballo con todos os axentes que interveñen.</p> <p>Elaboración dunha guía.</p> <p>Número de descargas da guía.</p> <p>Número de procesos que son acompañados e número de empregos conservados.</p>
Temporización	<p>2016: Elaboración do estudo</p> <p>2017: Reunións do grupo de traballo e elaboración da guía.</p> <p>Durante todo o período, en función da necesidade e demanda que xurda, apoio e acompañamento aos procesos.</p>
Orzamento	<p>Elaboración do estudo: 10.000 €. Reunións do grupo de traballo: 2.000 € Guía: 12.000 €</p> <p>Fondos propios: 4.800</p> <p>Outras administracións: 19.200</p>

OBXECTIVO	Obxectivo 7 Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 7.2. Facilitar o acceso aos recursos económicos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. Habilitar e canalizar incentivos e acceso a financiamento para comezar.
MEDIDA 7.2.2.	Facilitar o acceso a microcréditos para o emprendemento, dando prioridade ás entidades de finanzas éticas.
Descrición	Establecemento de convenios con entidades bancarias, fundacións e entes análogos para favorecer o acceso a financiamento por parte dos proxectos de emprendemento. Aproveitar os convenios xa existentes por parte de entidades que forman parte do plan, como a Cámara de Comercio e complementalos con novos convenios con entidades de finanzas éticas. Primar liñas de crédito con períodos de amortización longos e cotas baixas, con baixo interese.
Obxectivos específicos	Facilitar o acceso a crédito por parte dos emprendementos, a través de liñas con períodos de amortización longos e intereses baixos. Búscase facilitar o acceso a crédito por parte, como mínimo, do 50% dos procesos de emprendemento acompañados desde a rede.
Persoas destinatarias	Persoas e grupos promotores de novas iniciativas de emprendemento, e aquelas dos negocios xa en marcha que abordan proxectos significativos de crecemento do emprego para os que precisan financiamento externo.
Entidades que desenvolven a medida	Cámara de comercio, Concello (e entidades financeiras, incluídas as entidades de finanzas éticas).
Indicadores de seguimento e de impacto	Convenios asinados. Utilización das condicións conveniadas, por parte dos proxectos emprendedores, medidas en número e importe dos créditos.
Temporización	2016: Sinatura dos convenios. 2016-2020: Posta a disposición dos créditos.
Orzamento	É unha actuación sen custo asociado, salvo o derivado da habilitación dun fondo de garantía, que se aborda noutra medida. Fondos propios: 40.000 Outras administracións: 160.000

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 7</p> <p>Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 7.2</p> <p>Facilitar o acceso aos recursos económicos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. Habilitar e canalizar incentivos e acceso a financiamento para comezar.</p>
MEDIDA 7.2.3	Posta en marcha de fondos de promoción pública, para avais e pequenos cretos, así como sistemas de asistencia técnica en materia de financiamento.
Descrición	Habilitar e canalizar incentivos e acceso ao financiamento para emprendedores a través de microcretos que permitan a posta en marcha de Pemes ou eventualmente solucionar problemas temporais de tesouraría a uns tipos de xuro menores que os da banca tradicional
Obxectivos específicos	<p>Facilitar o acceso a cretos que permitan comezar a actividade económica.</p> <p>Facilitar acceso a cretos que permitan a continuidade da actividade empresarial para aquelas empresas que non podan optar aos sistemas de financiamento habitual.</p> <p>Reserva dun 40% dos fondos destinados a tal efecto para emprendedoras.</p>
Persoas destinatarias	<p>Emprendedores</p> <p>Empresas que por calquera situación podan necesitar do creto ou avais e cumpran cos requisitos esixidos para a súa concesión</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Entidades asinantes do Pacto</p> <p>Administración pública e autonómica</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	Comprobación mediante prego de requisitos de que se cumpren as premisas de acceso ao creto ou avais e auditoría de que os fondos foron destinados ao efecto designado.
Temporización	Duración establecida en cada caso para o préstamo ou aval.
Orzamento	<p>Fondos propios: 60.000</p> <p>Outras administracións: 240.000</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 7</p> <p>Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 7.2</p> <p>Facilitar o acceso aos recursos económicos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora. Habilitar e canalizar incentivos e acceso a financiamento para comezar.</p>
MEDIDA 7.3.1.	Xanela única de información sobre financiamento para proxectos emprendedores
Descrición	Facilitar o acceso a información sobre financiamento a emprendedores de xeito que non se perda a información e teñan un punto único de acceso a todas as preguntas que se poidan expoñer
Obxectivos específicos	<p>Establecer liñas de creto para posibilitar o financianciamento e canalizar os incentivos.</p> <p>Establecer mecanismos de coordinación entre as entidades para posibilitar e canalizar os orzamentos destinados a tal fin.</p>
Persoas destinatarias	Toda a cidadanía que queira poñer en marcha un novo proxecto empresarial
Entidades que desenvolven a medida	Asinantes do pacto en colaboración con outras entidades públicas ou privadas coas que se poidan establecer convenios de colaboración na prestación e tramitación de cretos
Indicadores de seguimento e de impacto	Establecemento dun creto inicial que deberá irse incrementando anualmente en función das demandas da cidadanía
Temporización	Establecemento de cretos de carácter anual durante o período de vixencia do pacto
Orzamento	<p>Fondos propios: 40.000</p> <p>Outras administraións: 160.000</p>

<p>OBXECTIVO</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN</p>	<p>Obxectivo 7</p> <p>Favorecer e fomentar o emprendemento como fórmula de inserción laboral, incorporando entre outras as fórmulas de economía social e democratizando dito acceso cara colectivos con menores oportunidades.</p> <p>Liña de actuación 7.3.</p> <p>Facilitar o acceso a locais e outro tipo de recursos necesarios para levar a cabo con éxito unha iniciativa emprendedora.</p>
<p>MEDIDA</p> <p>7.3.1.</p>	<p>Acceso a un banco de recursos e servizos a custo mínimo durante os tres primeiros anos de actividade ordinaria da iniciativa empresarial, incluídos locais.</p>
<p>Descrición</p>	<p>Apostar por espazos colaborativos, para crear ecosistemas emprendedores e de apoio mutuo dentro da economía social. Espazos de contaxio, de creación de confianza para dar lugar a proxectos colectivos e de titorización e mentorización para medrar e consolidarse, reservando un mínimo do 40% de prazas para emprendementos de mulleres.</p> <p>Para isto é preciso desenvolver convenios con iniciativas xa existentes de recursos compartidos, levados adiante por fundacións, empresas e entes análogos, para facilitar o acceso a eles por parte das persoas e grupos usuarios dos servizos de acompañamento da rede local do pacto polo emprego. Ditos convenios poden supoñer un copago por parte do Concello, de cara a abaratar o acceso.</p> <p>Tamén estudar a posibilidade de habilitar espazos de propiedade municipal que estean infrautilizados e poñelos a disposición de forma directa, como lanzadeiras de emprendemento e espazos de coworking, a prezos accesibles.</p> <p>E tamén promover a utilización de espazo infrautilizado nas instalacións de empresas xa existentes, cando ademais poidan desenvolver actividades de apoio e mentorización dos emprendementos aloxados nelas.</p> <p>Para isto é preciso xestionar un banco de recursos, divulgar a súa existencia e promover a súa utilización a través de apoios económicos que abaraten o acceso aos mesmos.</p>
<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Promover a redución de custes e o apoio mutuo, a través da utilización compartida de locais e outros recursos, para os proxectos de emprendemento, cando menos durante os seus tres primeiros anos de vida.</p> <p>Canalizar un mínimo de 5 proxectos anuais cara estes espazos e redes colaborativas.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Persoas con proxectos emprendedores, durante a súa etapa inicial de posta en marcha e consolidación.</p>
<p>Entidades que desenvolven a medida</p>	<p>Cámara de Comercio, Concello de Santiago, coa colaboración das asociacións empresariais e da economía social.</p>
<p>Indicadores de seguimento e de impacto</p>	<p>Número de recursos mobilizados e número de proxectos de emprendemento usuarios dos mesmos.</p> <p>Estimación do aforro económico que supón o acceso a ditos recursos.</p>
<p>Temporización</p>	<p>2016: traballos preparatorios.</p> <p>2017-2020: posta en marcha da bolsa de recursos, a súa divulgación e promoción con redución dos custos de acceso.</p>
<p>Orzamento</p>	<p>Nunha estimación de 5 proxectos anuais (cunha media de 2 empregos por proxecto). A axuda vai decaendo ano a ano, desde 200 euros/emprego/mes, 150 euros/persoa/mes o segundo ano e 100 euros/persoa/mes o terceiro ano.</p> <p>2017: $200 \times 5 \times 2 \times 12 = 24.000 \text{ €}$</p> <p>2018: $200 \times 5 \times 2 \times 12 + 150 \times 5 \times 2 \times 12 = 42.000 \text{ €}$</p> <p>2019: $200 \times 5 \times 2 \times 12 + 150 \times 5 \times 2 \times 12 + 100 \times 5 \times 2 \times 100 = 54.000 \text{ €}$</p> <p>2020: $200 \times 5 \times 2 \times 12 + 150 \times 5 \times 2 \times 12 + 100 \times 5 \times 2 \times 100 = 54.000 \text{ €}$ Total: 174.000 euros.</p> <p>Fondos propios: 34.800</p> <p>Outras administracións/fondos privados: 139.200</p>

OBXECTIVO LIÑA DE ACTUACIÓN	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais . Liña de actuación 8.1 Ampliar a participación do tecido cívico e das entidades representativas da economía social no desenvolvemento do Plan Local de Emprego.
MEDIDA 8.1.1	Ofrecer a posibilidade a todo tipo de entidades de iniciativa social, en especial ao movemento veciñal, de colaborar coas medidas do Plan neste ámbito, na súa divulgación, na detección de necesidades e problemáticas, na captación de persoas usuarias e proporcionando apoio social informal, entre outras.
Descrición	O movemento veciñal como vehículo e asociativo e un eixo fundamental para a canalización das inquiredanzas da cidadanía que deberían aproveitarse para canalizar a información das actividades propostas dentro do Plan Local de Emprego. Ditas inquiredanzas ten un carácter de dobre dirección por un lado recollendo as peticións e por outro servindo de canle de difusión das actividades e propostas enmarcadas dentro do plan.
Obxectivos específicos	Aproveitar o tecido veciñal como canle de comunicación coa cidadanía e como via para dar difusión ao Plan
Persoas destinatarias	Asociacións veciñais Asociacións socioculturais Centros de información municipal
Entidades que desenvolven a medida	Asinantes do Pacto Asociacións de carácter cívico, sociocultural ou veciñais do Concello
Indicadores de seguimento e de impacto	Establecemento dunha rede de contactos entre asociacións que permita garantir o fluxo de información e contestación das solicitudes expresadas polas asociacións
Temporización	Chegar o primeiro ano a polo menos un 70% do asociacionismo veciñal cun incremento anual do 10% ata chegar nun prazo de tres anos ao 100% das asociacións cidadáns.
Orzamento	Fondos propios: 6.000 Outras administracións: 24.000

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 8</p> <p>Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN Liña de actuación 8.1</p> <p>Ampliar a participación do tecido cívico e das entidades representativas da economía social no desenvolvemento do Plan Local de Emprego.</p>
MEDIDA 8.1.2.	<p>Convidar á colaboración na rede a todas as organizacións locais que traballen con persoas menores de 30 anos: centros de ESO e FP (a través dos departamentos de orientación), asociacións xuvenís, etc. Colaborar con estes axentes intermedios para que canalicen información e recursos de carácter sociolaboral cara á xente nova.</p>
Descrición	<p>Os menores de 30 anos constitúen un dos colectivos prioritarios en canto o acceso ao emprego polo que é necesario informar a aquelas persoas que están aínda realizando os seus estudos de modo que teñan cumprida información do mercado laboral e as opcións que dende a Axencia Local de Colocación se ofrece ás persoas demandantes na busca ou mellora de emprego por conta propia ou allea. Esta información deberá proporcionar os recursos dispostos e cara onde poden dirixirse para solicitar información máis detallada.</p>
Obxectivos específicos	<p>Establecer unha rede de contactos cos centros de ESO e FP de modo que poda enviarse información puntual de todas as novidades que vaian aparecendo e que sexan do seu interese</p>
Persoas destinatarias	<p>Centros de ESO e FP a través do seu departamento de Orientación</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Asinantes do Pacto con especial incidencia na USC no que atinxe a información pre-universitaria en canto as opcións laborais que presenta e demandas requiridas polas empresas</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Chegar ao 70% dos centros de ESO e FP o primeiro ano e continuar ata chegar ao 100% dos centros de ensino nos anos vindeiros.</p>
Temporización	<p>Todo o período de duración do Pacto Local polo Emprego</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 35.200 Outras administracións: 140.800</p>

OBXECTIVO LIÑA DE ACTUACIÓN	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais . Liña de actuación 8.1 Ampliar a participación do tecido cívico e das entidades representativas da economía social no desenvolvemento do Plan Local de Emprego.
MEDIDA 8.1.3.	Ofrecer a posibilidade ás asociacións representativas das cooperativas, as sociedades laborais e o sector asociativo da economía social a colaborar coas medidas do Plan neste ámbito.
Descrición	<p>A configuración actual da Economía Social española vén marcada pola aprobación da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, recentemente desenvolvida pola Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e adóptanse medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e a Economía Social, que sen ningunha dúbida supón un punto de inflexión son precedentes para o recoñecemento, visibilidade e desenvolvemento do Sector, tanto dentro do propio Estado como da Unión Europea.</p> <p>O propio texto da Lei define á Economía Social como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que e o ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos seguintes principios, perseguen o interese xeral económico ou social, ou ambos.</p>
Obxectivos específicos	<ul style="list-style-type: none"> - Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que debe concretarse na xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leve a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados. - Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.
Persoas destinatarias	Cidadanía en xeral e entidades representativas da economía social, así como cooperativas de iniciativa social.
Entidades que desenvolven a medida	Entidades asinantes do pacto así como outras entidades de Economía social coas que se podan establecer convenios de colaboración e difusión de actividades
Indicadores de seguimento e de impacto	Chegar ao 70% das entidades de Economía Social existentes no Concello o primeiro ano co fin de acadar o 100% ao finalizar o segundo ano mantendo un rexistro actualizado cada 6 meses das novas entidades que podan aparecer.
Temporización	Duración do Pacto Local para o Emprego.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais .
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 8.2. Impulsar a coordinación, o traballo en rede e os instrumentos de xestión colaborativa.
MEDIDA 8.2.1.	Creación de espazos de encontro presenciais e virtuais para a cooperación entre o persoal técnico das distintas Administracións e entidades que traballan no apoio ao emprego, o autoemprego, a economía social e colaborativa e todos os ámbitos recollidos neste plan.
Descrición	Trátase de promover o traballo en rede, a través do encontro e a comunicación fluída entre o persoal técnico. Para iso é precisa a existencia dun labor coordinador que asume a Axencia Local de Colocación para garantir unha comunicación constante co persoal das diversas entidades, convocar reunións periódicas que permitan a formulación en común de obxectivos en torno aos cales establecer vínculos de colaboración continuada e a posta en común de ferramentas e información útil para o traballo e para o seguimento da actividade do plan. Os avances e as conclusións de ditas reunións son tamén trasladadas ao público a través da web.
Obxectivos específicos	Manter unha colaboración e comunicación fluída entre todo o persoal técnico que colabora no plan, incluíndo o persoal municipal e o das diferentes entidades.
Persoas destinatarias	Todo o persoal técnico que colabora no plan, incluíndo o persoal municipal e o das diferentes entidades.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago, nomeando a unha persoa coordinadora e dinamizadora.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de encontros presenciais e número de persoas que participan neles. Grao de colaboración de diferentes entidades en actuacións específicas: número de actuacións nas que colaboran dúas ou máis entidades e tipoloxía da colaboración.
Temporización	Durante todo o período de duración do plan.
Orzamento	Fondos propios: 33.200 Outras administracións/fondos privados: 132.800

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 8</p> <p>Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 8.2.</p> <p>Impulsar a coordinación, o traballo en rede e os instrumentos de xestión colaborativa.</p>
MEDIDA 8.2.2.	<p>Habilitar un sistema integrado de rexistro de información das actividades do Plan, de uso común para todos os axentes. Incorpora, así mesmo, un Censo Municipal de Activación Laboral, CEMAL, para a inscrición de todas as persoas que desexen acollerse ás actuacións do Plan.</p>
Descrición	<p>É importante destacar como a exclusión social ou o risco de exclusión social teñen unha estreita relación co desemprego, as dificultades de acceso ao mundo do traballo e a adaptación ás novas esixencias do mercado laboral que padecen sectores como: mozos, mulleres, parados de longa duración, etc. Por iso precísanse políticas activas que favorezan a inclusión normalizada no mercado de traballo, asociadas sempre a estratexias de promoción persoal e social polo que se fai imprescindible un labor de coordinación da Axencia Local de Colocación entre os diferentes departamentos municipais que teñen incidencia no emprego.</p> <p>Para isto faise necesaria a creación dun Censo Municipal de Activación Laboral, xestionado desde a Axencia Local de Colocación, onde podan inscribirse toas as persoas que desexen acollerse ás actuacións do Plan.</p>
Obxectivos específicos	<p>Posta en marcha do Censo Municipal de Activación Laboral</p>
Persoas destinatarias	<p>Cidadanía que estea en situación de desemprego, con especial atención a colectivos de especial vulnerabilidade, persoas novas e mulleres</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Todos os asinantes do pacto</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Posta en marcha do CEMAL no prazo dun ano e creación dunha ferramenta informática que permita un rexistro axil e centralizado que deberá poñerse en marcha cun prazo non superior a dous anos desde a sinatura do pacto.</p> <p>(O procedemento dixital non substituirá a inscrición por parte dos técnicos das entidades para aquelas persoas que non podan realizalo por falta de competencias dixitais tendendo a desaparición progresiva nun prazo non superior aos 4 anos)</p>
Temporización	<p>1 ano para a posta en marcha do CEMAL</p> <p>2 anos para a posta en marcha das ferramentas dixitais en convivencia coas non dixitais</p> <p>4 anos para a extinción doutro medio de inscrición que non sexa dixital</p>
Orzamento	<p>Fondos propios: 20.000</p> <p>Outras administracións/fondos privados: 80.000</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 8</p> <p>Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 8.2.</p> <p>Impulsar a coordinación, o traballo en rede e os instrumentos de xestión colaborativa.</p>
MEDIDA 8.2.3.	<p>Promover a coordinación entre os recursos socio-laborais integrados na rede e os dependentes da Xunta de Galicia e da Administración periférica do Estado que actúan no nivel local.</p>
Descrición	<p>Establecer protocolos de colaboración institucional coa Xunta, especialmente en todo o relativo ás políticas de emprego a fin de non duplicar recursos para as mesmas actividades.</p> <p>A través da rede, canalizar a información para o acceso aos programas existentes a nivel autonómico e estatal, como o Programa de Garantía Xuvenil, bolsas, axudas para a realización de estudos, etc.</p>
Obxectivos específicos	<p>Optimizar os recursos existentes para o fomento do emprego, canalizando a oferta de recursos da Xunta de Galicia cara a poboación local.</p> <p>Para isto é preciso que o persoal técnico municipal coñeza de primeira man ditos recursos, para o que deberá establecer entrevistas cos departamentos responsables, nunha lóxica de comunicación permanente. Tamén deberá facer seguimento da utilización deses recursos por parte da poboación local.</p> <p>En base a este traballo, convocará reunións de coordinación a nivel técnico ou político para trasladar e resolver as disfuncións que se detecten.</p>
Persoas destinatarias	<p>As destinatarias finais son as persoas en situación de desemprego de Santiago de Compostela. As destinatarias intermedias serán as que conforman o persoal técnico ou con responsabilidades políticas na Xunta de Galicia.</p>
Entidades que desenvolven a medida	<p>Concello de Santiago de Compostela.</p>
Indicadores de seguimento e de impacto	<p>Número de reunións.</p> <p>Incidencias detectadas no uso de recursos da Xunta por parte da poboación local: número e carácter.</p> <p>Número de incidencias resoltas grazas á coordinación e tipoloxía de solución adoptada.</p>
Temporización	<p>Durante todo o período de duración do plan.</p>
Orzamento	<p>É unha actuación sen custo asociado.</p>

OBXECTIVO LIÑA DE ACTUACIÓN	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais . Liña de actuación 8.3. Establecemento dun protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais , que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción..
MEDIDA 8.3.1	Incorporar os servizos sociais á rede de axentes do pacto local, para o traballo con grupos en risco de exclusión.
Descrición	O Concello de Santiago xunto con outras entidades, administracións públicas, axentes sociais e empresas, comparte a responsabilidade social de desenvolver iniciativas e proxectos de emprego como ferramentas de integración social das persoas máis vulnerables. A colaboración e o traballo en rede é, sen dúbida, un de elementos chave que permite contrastar ideas e experiencias para avanzar na inserción laboral e o acceso efectivo ao emprego destas persoas que por diferentes causas atópanse nunha situación de vulnerabilidade e/ou exclusión social. Para facer isto posible do modo máis eficiente e eficaz posible compre ter desenvolvido un protocolo de coordinación entre as áreas de emprego (Axencia Local de Colocación) e servizos sociais e a súa posta en marcha no menor tempo posible.
Obxectivos específicos	Creación dun protocolo de coordinación das áreas de emprego e de servizos sociais que permita incorporar os servizos sociais a rede de axentes do Pacto.
Persoas destinatarias	Persoas beneficiarios de servizos sociais ou en situación de desemprego, con especial atención a colectivos vulnerables ou en risco de exclusión social que podan ser ou non nun futuro próximo beneficiarios dos servizos sociais.
Entidades que desenvolven a medida	Departamento de Servizos Sociais do Concello e Departamento de Emprego do Concello de Santiago
Indicadores de seguimento e de impacto	Establecemento dun protocolo de coordinación entre os servizos con unha posta en marcha non superior a 18 meses desde o inicio
Temporización	Redacción e posta en marcha do protocolo 2 anos. Seguimento e mellora do protocolo anual
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais .
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 8.3. Establecemento dun protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais , que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción..
MEDIDA 8.3.2	Establecer protocolos de coordinación nos que se identifique o papel dos diferentes axentes. Establecer os termos formais do acceso das persoas usuarias á acción combinada destas áreas.
Descrición	Para a elaboración do protocolo deberán concretarse os ámbitos de actuación de cada un dos servizos de modo que non existan interferencias nin duplicidades que conleven un retraso e deterioro do servizo e axilice os procesos personalizados de inserción.
Obxectivos específicos	Protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais
Persoas destinatarias	Persoal Técnico dos departamentos de Emprego e Servizos Sociais
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago, e área de emprego como nexo de unión entre o resto das entidades do Pacto e o Dpt. de Servizos Sociais
Indicadores de seguimento e de impacto	Establecemento dun protocolo de coordinación entre os servizos con unha posta en marcha non superior a 18 meses desde o inicio
Temporización	Redacción e posta en marcha do protocolo 2 anos. Seguimento e mellora do protocolo anual
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO LIÑA DE ACTUACIÓN	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais . Liña de actuación 8.3. Establecemento dun protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais , que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción..
MEDIDA 8.3.3.	Harmonizar as diferentes fontes de financiamento coas que contan os diferentes departamentos e axentes, para a súa optimización.
Descrición	Para levar a cabo os procesos de inserción é preciso contar cun financiamento específico moitas veces baseado en programas e subvencións que non recollen unha estratexia integral por mor de que cada departamento ten unhas funcións concretas. Establecer un protocolo de colaboración e coordinación entre as dúas áreas permitirá que se acceda a novas formas de financiamento ou que se poidan levar a cabo accións que superan o ámbito específico de cada unha delas.
Obxectivos específicos	Dar cabida a procesos de inserción nos que se actúe desde todos os puntos precisos para unha solución integral a persoas e colectivos máis desfavorecidos da cidade.
Persoas destinatarias	Colectivo vulnerables e en risco de exclusión social de modo prioritario e secundariamente outros colectivos que sen chegar a este extremo podan verse favorecidos por estas actuacións.
Entidades que desenvolven a medida	Asinantes do Pacto xunto a convenios con outras entidades de fins sociais ou de atención as persoas máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social
Indicadores de seguimento e de impacto	Comezar polo 30% das persoas que se considere aptas para participar nos talleres e medidas encamiñadas a súa inserción social e laboral e ir incrementando esta cifra ata chegar ao 70% ao finalizar o período do Pacto, incrementando a cifra de atención nun 10% anual.
Temporización	Período do pacto
Orzamento	Sen custo.

<p>OBXECTIVO</p> <p>LIÑA DE ACTUACIÓN</p>	<p>Obxectivo 8</p> <p>Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.</p> <p>Liña de actuación 8.3.</p> <p>Establecemento dun protocolo de coordinación entre as áreas de emprego e servizos sociais, que contemple todas as fases e instrumentos nos procesos de inserción, e facilite o apoio personalizado nos itinerarios de inserción..</p>
<p>MEDIDA</p> <p>8.3.4</p>	<p>Dar prioridade na atención ás persoas de fogares onde ningún membro ten emprego.</p>
<p>Descrición</p>	<p>O acceso ao emprego é un elemento indispensable para a integración social polo que compre poñer en marcha mecanismos que integren os servizos sociais e o emprego mediante protocolos de actuación conxuntos entre os dous departamentos municipais co fin de facilitar o apoio persoalzado nos itinerarios de inserción. Cómpre poñer especial atención en aqueles nos colectivos en risco de exclusión social priorizando especialmente aqueles fogares nos que ningún membro da unidade familiar ten emprego.</p>
<p>Obxectivos específicos</p>	<p>Acadar procesos personalizados e individualizados de inserción laboral con unha priorización para aqueles persoas de fogares onde ningún membro da unidade familiar ten emprego.</p>
<p>Persoas destinatarias</p>	<p>Unidades familiares nas que ningún membro do fogar conta con emprego.</p>
<p>Entidades que desenvolven a medida</p>	<p>Entidades asinantes do Pacto, Servizos Sociais do concello e entidades con fines sociais e de atención a persoas en risco de exclusión social</p>
<p>Indicadores de seguimento e de impacto</p>	<p>En coordinación con departamento de Servizos Sociais establecer un orde de actuación onde se teña en conta a situación daquelas unidades familiares onde ningún membro da teña emprego para actuar de modo que sexan resoltos en primeiro lugar aqueles casos de maior necesidade de modo que se poda ir reducindo ano a ano o número de fogares que están nesta situación</p>
<p>Temporización</p>	<p>Realización do protocolo durante o primeiro ano do Pacto e levalo a cabo nos anos seguintes ata a finalización do mesmo</p>
<p>Orzamento</p>	<p>Sen custo</p>

OBXECTIVO	<p>Obxectivo 8</p> <p>Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais.</p>
LIÑA DE ACTUACIÓN	<p>Liña de actuación 8.4.</p> <p>Realizar un proceso de seguimento e avaliación do plan, coa participación dos axentes e que incorpore sistemas de obtención e análise dos indicadores relevantes.</p>
MEDIDA 8.4.1.	Establecer espazos de participación para a avaliación e o seguimento do Plan de Emprego.
Descrición	<p>Crear e dinamizar unha mesa ou grupo de traballo no que estean representados os axentes integrados na rede para a planificación intermedia, o seguimento e a avaliación do Plan.</p> <p>Ademais dunha mesa semestral para o seguimento global, convócanse mesas específicas de xénero, emprego xuvenil, economía social ou outras que se consideren, convidando aos axentes colaboradores nestas áreas, sempre que se consideren necesarias. O labor coordinador corresponderá a Axencia Local de Colocación.</p> <p>Trátase de definir e levar a cabo un sistema de seguimento sistemático e continuo dos resultados cuantitativos, con periodicidade semestral, sobre cada unha das medidas, trasladando os resultados aos membros do Pacto local para a súa análise e seguimento.</p>
Obxectivos específicos	<p>Soster a participación que se deu no deseño do plan durante o desenvolvemento do mesmo, en particular nas actividades de seguimento e avaliación.</p> <p>Búscase facer reunións de seguimento semestral que permitan corrixir as desviacións e superar colectivamente os obstáculos que se presenten no desenvolvemento do plan.</p>
Persoas destinatarias	Entidades que forman parte do pacto, así como outras entidades colaboradoras no desenvolvemento do mesmo.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago, convidando ás entidades que forman parte do pacto, así como a outras entidades colaboradoras no desenvolvemento do mesmo, cando se aborden mesas específicas.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de reunións de seguimento realizadas, periodicidade das mesmas, grao de participación e valoración dos seus resultados por parte das entidades participantes.
Temporización	Dúas reunións anuais ao longo de todo o período do plan, ademais das reunións temáticas que se consideren precisas, en atención á evolución do plan.
Orzamento	<p>Fondos propios: 5.000</p> <p>Outras administracións: 20.000</p>

OBXECTIVO LIÑA DE ACTUACIÓN	Obxectivo 8 Mellorar a coordinación e optimización dos recursos socio-laborais no ámbito municipal, potenciando o traballo colaborativo e o funcionamento dunha rede local de recursos socio-laborais . Liña de actuación 8.4. Realizar un proceso de seguimento e avaliación do plan , coa participación dos axentes e que incorpore sistemas de obtención e análise dos indicadores relevantes.
MEDIDA 8.4.2.	Establecer protocolos de coordinación nos que se identifique o papel dos diferentes axentes. Establecer os termos formais do acceso das persoas usuarias á acción combinada destas áreas.
Descrición	O establecemento dun protocolo de actuación coordinado entre os axentes intervinientes no proceso de inserción é prioritario para un bo uso duns recursos que son limitados e para unha correcta priorización das persoas que accedan aos planes de inserción persoalizados
Obxectivos específicos	Identificación do papel de cada un dos diferentes axentes de modo que sexa máis axil a tramitación das accións encamiñadas a inserción laboral evitando a duplicación de solapamento de accións.
Persoas destinatarias	Os diferentes axentes participantes no proceso. Persoas usuarias e dos servizos sociais, en risco de exclusión social e colectivos especialmente vulnerables
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago
Indicadores de seguimento e de impacto	Establecemento dun protocolo de actuación durante o primeiro ano do pacto e seguimento do seu funcionamento e actualización, se o require, anualmente.
Temporización	Establecemento do protocolo primeiro ano e os seguintes seguimento e actualización
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 9.1 Garantir as actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social precisas para a intervención personalizada
MEDIDA 9.1.1.	Accións formativas e posta a disposición de manuais e guías sobre as actitudes, habilidades e competencias de carácter psico-social precisas para a intervención personalizada que caracteriza ás estratexias propostas.
Descrición	Formación actualizada e preparación en materia de orientación, asesoramento e información para o emprego e o emprendemento. O grupo técnico debe estar formado especificamente para o proxecto e contar con actualización permanente, así como ter posibilidade de ter actividades e encontros co persoal doutros ámbitos para actualización de coñecementos.
Obxectivos específicos	Mellorar a preparación do persoal técnico que forma parte da rede local de emprego, incidindo nas habilidades e competencias de tipo psicosocial, dende a perspectiva de adquisición de destrezas específicas para unha mellor intervención personalizada.
Persoas destinatarias	Persoal Técnico municipal e persoal das entidades que forman parte da rede local polo emprego
Entidades que desenvolven a medida	Entidades que forman parte do Pacto Local do Emprego
Indicadores de seguimento e de impacto	Detectar as necesidades formativas dos técnicos. Realizar encontros ou actividades entre o persoal técnico de cara a actualizar e compartir coñecementos. Avaliar ditos encontros polos propios técnicos.
Temporización	Realización de encontros dúas veces ao ano durante a vixencia do Plan de Emprego.
Orzamento	Fondos propios: 25.000 Outras administracións: 100.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 9.2. Formación continua do persoal técnico municipal e do das entidades colaboradoras sobre emprendemento en xeral e economía social en particular.
MEDIDA 9.2.1.	Promoción da aprendizaxe cooperativa apoiándose na colaboración entre o persoal técnico municipal e das entidades.
Descrición	Búscase a creación dun grupo local de atención ao emprendemento, co conxunto dos servizos vinculados ao emprendemento, que permita optimizar os perfís técnicos, funcionando como unha rede de complementariedade. Para isto é necesario organizar espazos de encontro e de intercambio de coñecemento, que funcionen como espazos de formación práctica entre iguais, nos que cada quen expoña as súas experiencias e as ferramentas que emprega. Tamén debe haber unha dinámica continuada de comunicación e cooperación no apoio ás persoas e aos grupos emprendedores, o que precisa dunha persoa que sexa facilitadora e coordinadora do grupo.
Obxectivos específicos	Promover a adquisición de competencias a partir do traballo en equipo no asesoramento e acompañamento de proxectos, para acadar unha maior calidade dos mesmo, optimizando os coñecementos do persoal técnico municipal e das entidades colaboradoras. Realizar obradoiros de intercambio e establecer unha comunicación e colaboración continuada nos procesos de acompañamento.
Persoas destinatarias	As destinatarias finais son as persoas con proxectos de emprendemento. As destinatarias directas son o persoal técnico municipal e das entidades colaboradoras encargado do acompañamento a estas persoas emprendedoras.
Entidades que desenvolven a medida	Cámara de Comercio, Asociacións empresariais, Asociacións da economía social (UGACOTA, AESGAL, Asociación Plataforma polo Emprego) e Concello.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de obradoiros de intercambio, horas de duración e grao de satisfacción. Número de colaboracións en procesos de acompañamento, diferenciando en función da súa natureza, así como valoración de ditas colaboracións e valoración por parte das persoas usuarias.
Temporización	Ao longo de todo o período de execución do plan, cun traballo máis intenso nos obradoiros durante o ano 2016.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 9.3 Realización de campañas e accións formativas dirixidas ao persoal municipal, sobre a perspectiva de xénero e a forma de aplicala no desenvolvemento das súas funcións, especialmente naqueles postos nos que as mulleres estean subrepresentadas
MEDIDA 9.3.1.	Organizar accións formativas tipo obradoiro, con carácter práctico e apegado á realidade do traballo. Impartidas por persoas con perfís próximos ao das personas formadas, con experiencia concreta nese ámbito de traballo.
Descrición	Accións formativas con carácter práctico fundamentalmente e inmersas na realidade do traballo.
Obxectivos específicos	Mellorar as competencias do persoal técnico sobre a perspectiva de xénero con actividades de carácter práctico.
Persoas destinatarias	Persoal Técnico municipal
Entidades que desenvolven a medida	Entidades que forman parte do Pacto Local do Emprego
Indicadores de seguimento e de impacto	Avaliación das actividades formativas e a súa aplicación por parte dos propios técnicos municipais.
Temporización	Realización de accións formativas dúas veces ao ano durante a vixencia do Plan de Emprego.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións/fondos privados: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 9.3 Realización de campañas e accións formativas dirixidas ao persoal municipal, sobre a perspectiva de xénero e a forma de aplicala no desenvolvemento das súas funcións, especialmente naqueles postos nos que as mulleres estean subrepresentadas.
MEDIDA 9.3.2	Realizar campañas efectivas, ben enfocadas ao público obxectivo e á situación que se pretende superar.
Descrición	Campañas e accións formativas para o persoal municipal sobre perspectiva de xénero e a súa aplicación nas funcións que lle correspondan.
Obxectivos específicos	Mellorar as competencias do persoal municipal sobre o a perspectiva de xénero e a súa aplicación no ámbito laboral.
Persoas destinatarias	Persoal municipal
Entidades que desenvolven a medida	Concello
Indicadores de seguimento e de impacto	Avaliar a repercusión das campañas e as accións formativas por parte do propio persoal no seu ámbito de traballo específico.
Temporización	Realización de accións formativas deste tipo semestralmente.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de actuación 9.3 Realización de campañas e accións formativas dirixidas ao persoal municipal, sobre a perspectiva de xénero e a forma de aplicala no desenvolvemento das súas funcións, especialmente naqueles postos nos que as mulleres estean subrepresentadas.
MEDIDA 9.3.3	Formar para un uso non sexista da linguaxe e das imaxes en todos os elementos informativos e comunicativos do Plan e do departamento de emprego
Descrición	Formar ao persoal do departamento de normalización lingüística e incluír no seu traballo de revisión de textos a corrección de elementos de linguaxe discriminatorio, e o seu traslado ás persoas autoras dos textos. Incorporar cursos de linguaxe non sexista ao programa formativo do conxunto do persoal municipal, e, en especial, ao persoal da área de emprego. Poñer a disposición do persoal municipal guías de linguaxe non sexista que xa existen. Sensibilizar ao respecto das imaxes estereotipadas nas que se presenta ao home como o maior triunfador e á muller por debaixo deste, para eliminar a súa utilización.
Obxectivos específicos	Mellorar as competencias do persoal municipal sobre o a perspectiva de xénero na utilización da linguaxe e das imaxes
Persoas destinatarias	Persoal municipal
Entidades que desenvolven a medida	Entidades do Pacto Local: os seus departamentos de normalización lingüística.
Indicadores de seguimento e de impacto	Traballo continuado e constante. Mediranse as posibles queixas ou reclamacións neste senso, incidindo para que sexan as mínimas posibles, chegando a non existir ningunha.
Temporización	Cuantificar dada tres meses as reclamacións por estes motivos e constatar a evolución negativa coa aplicación das medidas propostas
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de acción 9.4. Recollida e divulgación de boas prácticas, para facilitar a súa transferencia e replicación.
MEDIDA 9.4.1.	Recoller e divulgar boas prácticas en materia de dinamización comunitaria do emprego.
Descrición	Trátase de facer un traballo continuado, coordinado pola Axencia Local de Colocación, de recollida e difusión de boas prácticas en materia de dinamización comunitaria e emprego, recollendo aquelas experiencias que poidan ser referenciais para as asociacións veciñais e outras entidades que traballan nos barrios e parroquias de Compostela. Para recoller e divulgar as experiencias, emprégase unha ficha normalizada coa información máis relevante, incorporando referencias web ou arquivos nos que ampliar información, así como datos de contacto.
Obxectivos específicos	Dar a coñecer experiencias sobre dinamización comunitaria do emprego que poidan ser inspiradoras e referenciais para o tecido asociativo local. Perséguese a identificación dunha media dunha experiencia cada mes, durante catro anos, o que sumaría 48 iniciativas publicadas na web da rede local polo emprego.
Persoas destinatarias	As persoas que traballan de modo remunerado ou voluntario nas asociacións veciñais e no resto do tecido asociativo dos barrios e parroquias de Compostela.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de iniciativas publicitadas. Grao en que se transfiren ditas prácticas nos barrios e parroquias de Compostela.
Temporización	Durante todo o período de duración do plan.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000.

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de acción 9.4. Recollida e divulgación de boas prácticas, para facilitar a súa transferencia e replicación.
MEDIDA 9.4.2.	Recoller e divulgar boas prácticas en materia de emprego xuvenil.
Descrición	Trátase de facer un traballo continuado , coordinado pola Axencia Local de Colocación, de recollida e difusión de boas prácticas en materia de emprego xuvenil, recollendo aquelas experiencias que poidan ser referenciais para as diferentes entidades do pacto polo emprego e entidades colaboradoras. Para recoller e divulgar as experiencias, emprégase unha ficha normalizada coa información máis relevante, incorporando referencias web ou arquivos nos que ampliar información, así como datos de contacto.
Obxectivos específicos	Dar a coñecer experiencias sobre emprego xuvenil que poidan ser inspiradoras e referenciais para o tecido asociativo local. Perséguese a identificación dunha media dunha experiencia cada mes, durante catro anos, o que sumaría 48 iniciativas publicadas na web da rede local polo emprego.
Persoas destinatarias	O persoal técnico do departamento de emprego e da área de xuventude do concello de Santiago de Compostela, así como o persoal técnico das entidades do pacto e das entidades colaboradoras.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de iniciativas publicitadas. Grao en que se transfiren ditas prácticas en Compostela.
Temporización	Durante todo o período de duración do plan.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

OBXECTIVO	Obxectivo 9 Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal e das entidades que forman parte da rede local polo emprego.
LIÑA DE ACTUACIÓN	Liña de acción 9.4. Recollida e divulgación de boas prácticas, para facilitar a súa transferencia e replicación.
MEDIDA 9.4.3.	Recoller e divulgar boas prácticas en materia de igualdade de xénero no emprego.
Descrición	Trátase de facer un traballo continuado de recollida e difusión de boas prácticas en materia de igualdade no emprego, recollendo aquelas experiencias que poidan ser referenciais para as diferentes entidades do pacto polo emprego e entidades colaboradoras. Para recoller e divulgar as experiencias, emprégase unha ficha normalizada coa información máis relevante, incorporando referencias web ou arquivos nos que ampliar información, así como datos de contacto.
Obxectivos específicos	Dar a coñecer experiencias sobre igualdade no emprego que poidan ser inspiradoras e referenciais para o tecido asociativo local. Perséguese a identificación dunha media dunha experiencia cada mes, durante catro anos, o que sumaría 48 iniciativas publicadas na web da rede local polo emprego.
Persoas destinatarias	O persoal técnico do departamento de emprego e da área de igualdade do concello de Santiago de Compostela, así como o persoal técnico das entidades do pacto e das entidades colaboradoras.
Entidades que desenvolven a medida	Concello de Santiago.
Indicadores de seguimento e de impacto	Número de iniciativas publicitadas. Grao en que se transfiren ditas prácticas en Compostela.
Temporización	Durante todo o período de duración do plan.
Orzamento	Fondos propios: 5.000 Outras administracións: 20.000

ESTRATEGIA DE EMPREGO E PLAN DE EMPREGO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2015-2020

